



Concello de Vigo

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 1 de xuño de 2023 (1452/1102)**

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D. Carlos López Font
D. Abel Losada Álvarez
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D^a Elena Espinosa Mangana
D^a M^a José Caride Estévez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día un de xuño de dous mil vinte e tres e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Admón. Municipal, Sra. Gallardo Fariña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(393).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 25 de maio de 2023. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(394).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DUN SERVIZO DE PLANIFICADOR DE VIAXES MULTIMODAL PARA O TRANSPORTE SOSTIBLE EN AUTOBÚS, BICICLETA E PEONIL NA APP VIGO E NA WEB MUNICIPAL. EXPTE. 10061/113.

Visto o informe xurídico do 24/05/2023 e o informe de fiscalización do 25/05/2023, dáse conta do informe-proposta de data 23/05/2023 con posterior corrección de erros de data 30/05/2023, asinado polo responsable de Modernización e Innovación, polo xefe do servizo de Administración Electrónica e a concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- En data 06/02/2023 o Xefe de servizo de Administración Electrónica, iniciou o expediente coa finalidade da contratación dun servizo de planificador de viaxes multimodal para o transporte sostible en autobús, bicicleta e peonil na app Vigo e na web municipal.

2.- No expediente tramitado ao efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 06/02/2023 e co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal.
- Resolución de inicio de expediente de contratación de data 06/02/2023 da concelleira Delegada de Xestión Municipal.
- Documento económico sobre a existencia de crédito de data 07/03/2023 asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria
- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 12/04/2023 asinado polo xefe de servizo de Administración Electrónica
- Memoria xustificativa do contrato de data 22/05/2023, asinada polo xefe de servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal
- Informe da técnica de administración xeral do Servizo de Contratación de data 23/05/2023, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto, asinado pola técnica de administración xeral do Servizo de Contratación de data 23/05/2023.

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (no sucesivo, RXLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGA).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no art artigo 116.1 da LCSP iniciárase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 da devandita lei. No Concello de Vigo, esta competencia está delegada polos decretos de delegación de Alcaldía de 18 e 26 de xuño de 2019 e acordos da Xunta de Goberno Local de datas



Concello de Vigo

20/06/2019, 04/07/2019, 11.07.2019, 05.09.2019 e 18.08.2020 e posteriores modificacións. A concelleira delegada de Xestión Municipal mediante resolución de data 28/10/2020 autorizou o inicio da tramitación do presente expediente de contratación.

Segundo.- Dado o obxecto do contrato, tal e como se dispón no artigo 17 da LCSP, tramitase como un contrato de servizo.

Terceiro.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel constan tanto o prego de cláusulas administrativas particulares como o de prescricións técnicas que rexeran o contrato tal e como se sinala no artigo 116 apartado 2 e 3 da LCSP.

Cuarto.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

Quinto.- Na Memoria xustifícase a non división en lotes (artigo 116.4.g LCSP), o prezo e a súa xustificación (100 e seguintes LCSP), o valor estimado do contrato (116.4.d LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), os criterios de solvencia (116.4.c), as condicións especiais de execución (202.1), a clasificación dos licitadores (116 e 77 LCSP), o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

O procedemento elixido para a contratación é aberto e a forma de tramitación do expediente a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 116, 131 e 167 da LCSP, polo que non é necesaria a súa xustificación.

Sexto.- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartados 8 da LCSP e, a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Séptimo.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe da fiscalización previa, incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

Octavo.- A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto de servizos e tramitación ordinaria coa finalidade de realizar a contratación dun servizo de planificador de viaxes multimodal para o transporte sostible en autobús, bicicleta e peonil na app Vigo e na web municipal.

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 06/02/2023 e co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal.
- Resolución de inicio de expediente de contratación de data 06/02/2023 da concelleira Delegada de Xestión Municipal.
- Documento económico sobre a existencia de crédito de data 07/03/2023 asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria
- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 12/04/2023 asinado polo xefe de servizo de Administración Electrónica
- Memoria xustificativa do contrato de data 22/05/2023, asinada polo xefe de servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal
- Informe da técnica de administración xeral do Servizo de Contratación de data 23/05/2023, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto, asinado pola técnica de administración xeral do Servizo de Contratación de data 23/05/2023..

SEGUNDO.- Autorizar o gasto de **54.996,69 €**, que inclúe un IVE de **9.544,88 €**, dende o 1 de xuño de 2023, segundo o seguinte detalle de partidas e exercicios:

Partida	Exercicio	IVA	Base	Importe total
9207.6400006	2023	9.544,88 €	45.451,81 €	54.996,69 €

TERCEIRO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista .

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(395).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DUN SERVIZO PARA A XERACIÓN E INCORPORACIÓN DE NOVOS CONTIDOS INTERACTIVOS DE DIFUSIÓN TURÍSTICA E PATRIMONIAL NA CIDADE NA APP MÓBIL VIGO. EXPTE. 10084/113.

Visto o informe xurídico do 24/05/2023 e o informe de fiscalización do 25/05/2023, dáse conta do informe-proposta de data 24/05/2023 con posterior corrección de erros de data 30/05/2023, asinado polo responsable de Modernización e Innovación, polo xefe do servizo de Administración Electrónica e a concelleira delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- En data 06/03/2023 o Xefe de servizo de Administración Electrónica, iniciou o expediente coa finalidade da contratación dun servizo de xeración e incorporación de novos contidos interactivos de difusión turística e patrimonial da cidade na app móbil Vigo



Concello de Vigo

2.- No expediente tramitado ao efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 06/03/2023 e co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal.

- Resolución de inicio de expediente de contratación de data 06/03/2023 da concelleira Delegada de Xestión Municipal.

- Documento económico sobre a existencia de crédito de data 21/03/2023 asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria

- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 28/04/2023 asinado polo xefe de servizo de Administración Electrónica

- Memoria xustificativa do contrato de data 23/05/2023, asinada polo xefe de servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal

- Informe da técnica de administración xeral do Servizo de Contratación de data 24/05/2023, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.

- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto, asinado pola técnica de administración xeral do Servizo de Contratación de data 24/05/2023.

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (no sucesivo, RXLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGA).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no art artigo 116.1 da LCSP iniciárase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 da devandita lei. No Concello de Vigo, esta competencia está delegada polos decretos de delegación de Alcaldía de 18 e 26 de xuño de 2019 e acordos da Xunta de Goberno Local de datas 20/06/2019, 04/07/2019, 11.07.2019, 05.09.2019 e 18.08.2020 e posteriores modificacións. A concelleira delegada de Xestión Municipal

mediante resolución de data 28/10/2020 autorizou o inicio da tramitación do presente expediente de contratación.

Segundo.- Dado o obxecto do contrato, tal e como se dispón no artigo 17 da LCSP, tramitase como un contrato de servizo.

Terceiro.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel constan tanto o prego de cláusulas administrativas particulares como o de prescricións técnicas que rexeran o contrato tal e como se sinala no artigo 116 apartado 2 e 3 da LCSP.

Cuarto.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

Quinto.- Na Memoria xustifícase a non división en lotes (artigo 116.4.g LCSP), o prezo e a súa xustificación (100 e seguintes LCSP), o valor estimado do contrato (116.4.d LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), os criterios de solvencia (116.4.c), as condicións especiais de execución (202.1), a clasificación dos licitadores (116 e 77 LCSP), o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

O procedemento elixido para a contratación é aberto e a forma de tramitación do expediente a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 116, 131 e 167 da LCSP, polo que non é necesaria a súa xustificación.

Sexto.- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartados 8 da LCSP e, a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Séptimo.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe da fiscalización previa, incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

Octavo.- A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte



Concello de Vigo

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto de servizos e tramitación ordinaria coa finalidade de realizar a contratación dun servizo de xeración e incorporación de novos contidos interactivos de difusión turística e patrimonial da cidade na app móbil Vigo.

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 06/03/2023 e co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal.
- Resolución de inicio de expediente de contratación de data 06/03/2023 da concelleira Delegada de Xestión Municipal.
- Documento económico sobre a existencia de crédito de data 21/03/2023 asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria
- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 28/04/2023 asinado polo xefe de servizo de Administración Electrónica
- Memoria xustificativa do contrato de data 23/05/2023, asinada polo xefe de servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal
- Informe da técnica de administración xeral do Servizo de Contratación de data 24/05/2023, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto, asinado pola técnica de administración xeral do Servizo de Contratación de data 24/05/2023.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto de **69.997,77 €**, que inclúe un IVE de 12.148,37 €, dende o 1 de xuño de 2023, segundo o seguinte detalle de partidas e exercicios:

Partida	Exercicio	IVA	Base	Importe total
9207.6400006	2023	12.148,37 €	57.849,40 €	69.997,77 €

TERCEIRO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista .

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(396).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE SENTENZAS E OUTRAS RESOLUCIÓN XUDICIAIS QUE RESOLVEN PROCEDEMENTOS. EXPTE. 15766/111.

Dáse conta do informe-proposta de data 29/05/2023, asinado pola letrada titular da Asesoría Xurídica e a concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Tiveron entrada na Asesoría xurídica as seguintes resolucións xudiciais:

A) RESOLUCIÓN S DITADAS NA ORDE XURISDICCIONAL CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVA

1.- Contencioso.

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Retribucións; complementos de nocturnidade e festividade e valor das horas extraordinarias durante os últimos 5 anos. Policía Local.

Contía: Indeterminada

Ref. Asesoría Xurídica	Núm. Recurso Apelación	Núm. Sentenza	Data Sentenza	Procedemento de orixe	Exptes. administrativos
14410/111	179/2022	168	08/03/2023	RC-A nº 338/2021 PA XC-A nº 2 Vigo, Sentenza nº 304 do 23/12/2021, desestimatoria, comunicada na sesión da XGL do 24/02/2022	35363/220 38149/220
14649/111	359/2022	172	08/03/2023	RC-A nº 326/2021 PA XC-A nº 1 Vigo, Sentenza nº 85 do 21/04/2022, estimatoria parcial, comunicada na sesión da XGL do 22/02/2022	35363/220 38266/220
14629/111	339/2022	174	08/03/2023	RC-A nº 308/2021 PA XC-A nº 1 Vigo, Sentenza nº 90 do 15/03/2022, estimatoria parcial, comunicada na sesión da XGL do 21/04/2022	35363/220
14376/111	151/2022	185	08/03/2023	RC-A nº 292/2021 PA XC-A nº 2 Vigo, Sentenza nº 279 do 16/12/2021, desestimatoria, comunicada na sesión da XGL do 03/02/2022	35363/220
14389/111	191/2022	186	08/03/2023	RC-A nº 290/2021 PA XC-A nº 2 Vigo, Sentenza nº 293 do 22/12/2021, desestimatoria, comunicada na sesión da XGL do 22/02/2022	38102/220 35363/220



Concello de Vigo

Ref. Asesoría Xurídica	Núm. Recurso Apelación	Núm. Sentenza	Data Sentenza	Procedemento de orixe	Exptes. administrativos
14647/111	360/2022	190	08/03/2023	RC-A nº 360/2021 PA XC-A nº 1 Vigo, Sentenza nº 91 do 15/03/2022, estimatoria parcial, comunicada na sesión da XGL do 21/04/2022	35363/220 38149/220
14641/111	355/2022	210	15/03/2023	RCA Nº 304/2021 PA XC-A nº 1 Vigo, Sentenza nº 69 do 15/03/2022, estimatoria parcial, comunicada na sesión da XGL do 21/04/2022	35363/220 38266/220
14877/111	451/2022	218	15/03/2023	RC-A nº 395/2021 PA XC-A nº 2 Vigo, Sentenza nº 150 do 15/06/2022, desestimatoria, comunicada na sesión da XGL do 11/08/2022	35363/220

Estas sentenzas, que non son firmes (recorridas en casación), resolven os recursos de apelación dos actores contra as sentenzas de instancia estimándoos, revogan as sentenzas apeladas e declaran o dereito do actor a:

- 1º Percibir os "pluses de festividade e nocturnidade" durante os períodos de vacacións, I.T., "días de libre disposición e demais permisos retribuídos".
- 2º Percibir as "horas extraordinarias ou de exceso de xornada" segundo a "fórmula contida no feito segundo da demanda".
- 3º O aboamento das cantidades correspondentes aos "cinco anos" anteriores á data da solicitude inicial e ata novembro do 2020 "no caso das horas extraordinarias".

2.- Contencioso. Expediente nº 14811/111

Sentenza nº 143 do 27 de febreiro de 2023

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1

Recurso de apelación: 431/2022

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Retribucións; complementos de nocturnidade e festividade e valor das horas extraordinarias durante os últimos 5 anos. Policía Local.

Expte(s): 35363/220, 38149/220

Contía: Indeterminada

Esta sentenza, que non é firme (recorrida en casación), resolve o recurso de apelación do actor contra a sentenza de instancia estimándoo, revoga a sentenza apelada e declara o dereito do actor a:

- 1º Percibir os "pluses de festividade e nouturnidade" durante os períodos de vacacións, I.T., "días de libre disposición e demais permisos retribuídos" e condena ao Concello ao aboamento das cantidades deixadas de percibir por estes conceptos nos últimos "cinco anos" anteriores á data da solicitude inicial
- 2º Inadmitir a pretensión relativa ao percibo das horas extraordinarios ou de exceso de xornada consoante a fórmula contida no feito segundo da demanda por desviación procesual.

Procedemento de orixe:

RC-A nº 37/2022 PA XC-A nº 2 Vigo, Sentenza nº 109 do 19/05/2022, desestimatoria, comunicada na sesión da XGL do 09/06/2022

3.- Contencioso. Expediente nº 15456/111
Sentenza nº 54 do 30 de marzo de 2023
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Abreviado: 3/2023
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Resolución do Concello de Vigo do 08/11/2022 desestimatoria do recurso de reposición formulado contra outra do 27/09/2022 ditada no expediente 40797/220. OEP 2017, 2018, 2019 quenda de mobilidade horizontal Policía Local.
Expte(s): 40806/220
Contía: Indeterminada

A sentenza estima a pretensión do demandante -aspirante seleccionado no proceso selectivo para cubrir 15 prazas de Policía Local pola quenda de mobilidade horizontal mediante o sistema de concurso- de que o Concello de Vigo o declarase en excedencia voluntaria por prestación de servizos noutra Administración ao comunicar a súa intención de permanecer na praza de orixe (Concello de Noia), e declara o dereito do demandante a ser declarado en situación administrativa de excedencia por prestación de servizos no sector público con efectos dende 26 de setembro de 2022.

A sentenza que non é firme, condena a Administración municipal a estar e a pasar por ditas declaracións e a materializalas no prazo dun mes a partir da firmeza da sentenza, e imponlle as custas procesuais ata a contía máxima de 300 €.

4.- Contencioso. Expediente nº 15001/111
Sentenza nº 61 do 9 de marzo de 2023
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Abreviado: 273/2022
Demandante/Recorrente: Asociacións e entidades similares
Obxecto: Acordo da XGL do 14 de xullo de 2022, que aprobou o plan de formación dos empregados/as municipais para o ano 2022.
Expte(s): 39402/220
Contía: Indeterminada

Esta sentenza, que non é firme (recorrida en apelación), estima o recurso promovido polo sindicato demandante e resolve anulando o Plan de Formación para o ano 2022.

A sentenza resolve con base nun precedente dese mesmo Xulgado con respecto ao plan do ano 2020 e entende que concorren as mesmas circunstancias de falta de negociación.

A Área de RRHH e Formación debe coñecer do resolto.

5.- Contencioso. Expediente nº 15136/111
Sentenza nº 57 do 9 de marzo de 2023
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Abreviado: 309/2022
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Desestimación, por silencio administrativo, da reclamación patrimonial contra o Concello de Vigo polos danos sufridos por mor dunha caída na rúa Príncipe
Expte(s): 6579/243
Contía: 23.653,98 €



Concello de Vigo

A sentenza desestima o recurso interposto contra a desestimación presunta da reclamación de responsabilidade patrimonial presentada por unha caída na vía pública (escalón de acceso ás Galerías Durán) que foi posteriormente resolta expresamente inadmitindo a mesma por non ser o lugar onde sucederon os feitos de titularidade municipal.

A sentenza que é firme, respalda o contido da resolución expresa de inadmisión sen imposición de custas.

Debe coñecer o resolto o Servizo de Patrimonio.

6.- Contencioso. Expediente nº 15202/111

Sentenza nº 49 do 14 de marzo de 2023

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 335/2022

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Desestimación, por silencio administrativo, da reclamación de RPA polos danos sufridos no vehículo como consecuencia de introduci-lo na cuneta do estacionamento do recinto do IFEVI en Co-togrande.

Expte(s): 6701/243

Contía: 636,12 €

Sentenza desestimatoria e firme da reclamación patrimonial do demandante por danos ocasionados no vehículo da súa titularidade no aparcadoiro do IFEVI, por non existir relación de causalidade entre o dano e o anormal funcionamento da administración, así como por falta de lexitimación pasiva do Concello de Vigo á vista de cesión do inmovible efectuada polo Concello a prol do IFEVI. Sen custas.

7.- Contencioso. Expediente nº 15429/111

Auto nº 26 do 17 de marzo de 2023

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 17/2023

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Desestimación, por silencio administrativo, da reclamación de RPA formulada polos danos sufridos por mor dunha caída na rúa Urzáiz nº 16.

Expte(s): 6401/243

Auto polo que se declara terminado o procedemento por recoñecemento total na vía administrativa das pretensións da recorrente, consistentes na reclamación patrimonial da demandante e indemnización económica polos danos padecidos por unha caída na vía pública. Contra dito auto cab interpoñer recurso de reposición.

Darase traslado ao servizo de Patrimonio para o seu coñecemento.

8.- Contencioso. Expediente nº 15097/111

Sentenza nº 66 do 16 de marzo de 2023

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 292/2022

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución da Concelleira-delegada de Patrimonio do 29/06/2022 desestimatoria do recurso de reposición formulado contra o Decreto do 15/02/2021, solicitude de responsabilidade patrimonial polos danos sufridos cando camiñaba polo Parque de Castrelos

Expte(s): 6036/243

Contía: 4.022,46 €

Esta sentenza é firme, e desestima o recurso promovido pola parte demandante, para o abono do lucro cesante derivado dunha indemnización por RPA.

O Xulgador considera axustada a dereito a resolución municipal que ten en consideración tal factor indemnizatorio, pero que ante a ausencia de proba por parte da demandante, non procedía abonar (extremo que na vía administrativa tamén reiterou o CCG no seu ditame).

Ademais ten en conta que noutro Xulgado rematou por satisfacción extraprocesual o procedemento no que demandou contra a desestimación por silencio da reclamación de RPA, tendo ocasión naquel procedemento tamén de discutir esta cuestión.

O Servizo de Patrimonio debe coñecer do resolto.

9.- Contencioso. Expediente nº 14858/111

Sentenza nº 57 do 24 de febreiro de 2023

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 3 de A Coruña

Recurso de apelación: 7124/2022

Demandante/Recorrente: Concello de Vigo

Obxecto: Resolución de Augas de Galicia pola que se aproba o expediente para a contratación do servizo de "explotación, conservación e mantemento da Presa de Eiras e dos seus equipos e instalacións. Fornelos de Montes e Ponte Caldelas"

Contía: Indeterminada

Esta sentenza desestima o recurso de apelación interposto pola representación do Concello de Vigo contra o Auto que resolveu tamén desestimando a solicitude de medidas cautelares.

Na resolución xudicial que se comunica se recolle que non se prexulga o fondo do asunto, e a argumentación que o Concello fixo valer neste recurso con respecto a isto terá forza no preito principal, pero non neste incidente.

Canto á medida de suspensión, considera o Tribunal que ao tratarse dunha materia contractual, se resolvería a afectación aos dereitos municipais se finalmente se estima o recurso, cunha resolución do contrato adxudicado por Augas de Galicia e unha indemnización en favor do Concello de Vigo.

Como razón adicional para a denegación desta medida de suspensión, se relaciona a estimación desta medida cautelar coa afección ao funcionamento e seguridade da presa, prevalecendo o interese público da Administración autonómica sobre a municipal.

A Área de Fomento debe coñecer do resolto, e no seu caso, propoñer fundadamente un recurso extraordinario de casación contra esta resolución, único admisible en dereito.

Procedemento de orixe:

RC-A nº 31/2022 PO XC-A nº 2 de Santiago de Compostela

Peza Separada de Medidas Cautelares, Auto nº 80 de 15/06/2022

10.- Contencioso. Expediente nº 14521/111

Sentenza nº 84 do 10 de marzo de 2023

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 3

Ordinario: 7111/2022

Demandante/Recorrente: Concello de Vigo

Obxecto: Resolución da Comisión Superior de Facenda da Xunta de Galicia, do 10/12/2021, desestimatoria da reclamación económico-administrativa formulada contra Resolución da Axencia Tributaria de Galicia, do 01/06/2021, ditada no procedemento de compensación de débedas nº COM/605

Contía: 884.445,26 €

Esta sentenza que non é firme, pero contra a que só cabe recurso de casación, estima o recurso do Concello de Vigo contra a resolución da Comisión Superior de Facenda da Xunta de Galicia, que desestimou a reclamación económico-administrativa interposta polo Concello de Vigo contra a resolución da directora da ATRIGA no procedemento de compensación de débedas COMP/605.

A Sala do TSXG considera que o requirimento de pago carece dun acto administrativo previo e polo tanto, sen acto que fixe a cantidade adebedada non pode haber un requirimento válido de pago. Se privou ao Concello de participar nun procedemento previo para discutir e alegar, e polo tanto se pres-



Concello de Vigo

cindiu dun procedemento do cal nacese un título executivo como base para o inicio dunha fase de execución forzosa.

Trátase dun suposto de nulidade de pleno dereito.

A Área de Fomento e a Tesouraría deben de coñecer do resolto.

11.- Contencioso. Expediente nº 13856/111

Sentenza nº 90 do 20 de marzo de 2023

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 3

Recurso de apelación: 7152/2021

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: Adxudicación concurso contratación da xestión do servizo público de estacionamento de vehículos

Expte(s): 72151/210

Contía: Indeterminada

A sentenza ditada en apelación polo TSXG estima o recurso ao considerar, que á vista da proba pericial practicada nesta segunda instancia, a oferta presentada na licitación do contrato de xestión de servizo de 3 aparcamentos correspondentes ao lote 1 (Areal, Policarpo Sanz e Pintor Colmeiro) polas empresas que formaron a UTE Eloy-Tranvías Eléctricos tiña que ter sido rexeitada por aplicación do disposto no art. 16.3 PCAP ao incumplir o apartado 5 PPT que dispoñía que as dimensións e sixidas nas prazas de aparcamento -de 240 centímetros de ancho- sexan efectivamente libres. E por isto, anula o acordo da XGL de 10.07.2007 polo que se adxudicou dito lote á mentada UTE. Tendo en conta a excesiva dilación en resolver o recurso na primeira instancia (sentenza desestimatoria de 02.09.2021) e as dificultades que conlevaría non se ordear a retroacción do proceso de licitación; indicando que será a corporación local que decida a mellor maneira de prestar o servizo público que se declarou no ano 2005.

Debe coñecer e resolver o que proceda para a mellor prestación do servizo o departamento de Transportes.

Procedemento de orixe:

RC-A nº 115/2007 PO XC-A nº 1 Vigo, Sentenza nº 167 de 02/09/2021, desestimatoria, comunicada na sesión da XGL do 29/10/2021

12.- Contencioso. Expediente nº 15173/111

Sentenza nº 49 do 23 de febreiro de 2023

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 325/2022

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución do Concello de Vigo desestimatoria do recurso de reposición formulado contra outra ditada en expediente sancionador que impón sanción de 200 €

Expte(s): 295060/280, 166885/700

Contía: 200,00 €

A sentenza desestima o recurso e confirma a resolución da concelleira delegada da Área de Seguridade e Mobilidade ditada no expediente sancionador en materia de tráfico, por considerar que a infracción consistente en estacionar sobre unha zona destinada ao paso de peóns está acreditada e resultou probado que a zona onde estaba aparcado o vehículo do recorrente reunía as características dunha beirarrúa, obstaculizando o tránsito simultáneo de peóns e vehículos nesa rúa, e mesmo o acceso ás vivendas.

A sentenza é firme sen imposición de custas.

Debe coñecer o resolto a Área de Seguridade e Mobilidade.

B) RESOLUCIÓNS DITADAS NA ORDE XURISDICIONAL SOCIAL

1.- Social. Expediente nº 13525/111

Auto do 22 de febreiro de 2023

Tribunal Supremo, Sala do Social

Recurso de casación unificación doutrina: 2613/2022

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Reclamación de fixeza e subsidiaria de indefinido. Oficial de Instalacións, Servizo de Deportes, contrato de interinidade do 18/05/2009

Este Auto inadmite o recurso de casación en unificación de doutrina promovido polo demandante, por medio do cal pretendía o recoñecemento da condición de traballador fixo.

Na resolución se xustifica que hai unha diferenza impeditiva para elo, por mor da diferente tamén natureza dun proceso para a cobertura dunha praza fixa, doutra temporal.

Polo tanto, e como o nivel de esixencia dos principios de mérito e capacidade se atopa condicionado pola natureza temporal ou fixa da praza, se inadmite o recurso, con estas apreciacións en canto ao fondo.

A Área de RRHH e Formación debe coñecer do resolto.

Procedementos de orixe:

Recurso de suplicación nº 3039/2021 TSXG Sala do Social, Sentenza nº 1244 de 17/03/2022, estimatoria parcial, comunicada na sesión da XGL do 19/05/2022.

Procedemento Ordinario nº 166/2020 Xulgado do Social nº 5 de Vigo, Sentenza nº 107 de 22/03/2021, desestimatoria, comunicada na sesión da XGL do 22/04/2021.

2.- Social. Expediente nº 15481/111

Sentenza nº 97 do 12 de marzo de 2023

Xulgado do Social nº 1 de Vigo

Ordinario: 14/2023

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Recoñecemento de dereito e cantidades a percibir durante a situación de IT (Servizo de Deportes)

Sentenza firme pola que se desestima a pretensión do actor consistente no pagamento dos complementos de nocturnidade e festividade durante o período de IT, por canto os conceptos litixiosos dependen de que o traballador preste os servizos en horario nocturno, festivos ou fin de semana.

3.- Social. Expediente nº 14490/111

Sentenza nº 131 do 23 de marzo de 2023

Xulgado do Social nº 4 de Vigo

Ordinario: 834/2021

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Recoñecemento de dereitos e cantidades, oficial condutor Parque Móbil

Contía: 1.949,01 €

Esta sentenza é firme e estima parcialmente o recurso do actor sobre cantidades en concepto de gratificacións por servizos extraordinarios (horas extras).

Na resolución se asume o criterio doutras sentenzas tanto da Orde Social como Contencioso-administrativa e considera que o Concello non lle abonou ao demandante este concepto conforme a dereito, isto é; coa inclusión da parte proporcional das pagas extraordinarias, como resolvera o TSXG tanto a Sala do C-A como Social.

Polo tanto, se estima e recoñece o dereito a percibir a diferenza entre o abono correcto con esa parte proporcional de pagas extraordinarias e o percibido polo demandante.



Concello de Vigo

A Área de RRHH e Formación debe coñecer do resolto e executar a sentenza, que engade o 10 por cen de xuros por tratarse de retribucións.

4.- Social. Expediente nº 14829/111

Sentenza nº 110 do 16 de marzo de 2023

Xulgado do Social nº 4 de Vigo

Seguridade social: 233/2022

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Reclamación para que o proceso de incapacidade temporal iniciado o 15/01/2022 é derivado de continxencia profesional (accidente laboral) (funcionario Servizo Extinción de Incendios)

Sentenza desestimatoria da demanda interposta polo recorrente contra o Concello de Vigo, a Mutua Patronal MUTUA FREMAP e o INSS e TXSS, contra a resolución ditada en vía administrativa pola que se declarou a continxencia como enfermidade común, por entendela como continxencia profesional. A sentenza indica que non consta nexa entre traballo e doenza, polo que rexeita a consideración da continxencia como profesional. Contra dita sentenza cabe recurso de suplicación ante o TSXG no prazo dos 5 días seguintes á súa notificación.

Comunicarase a mesma ao servizo municipal de RRHH aos efectos do seu coñecemento.

5.- Social. Expediente nº 15572/111

Sentenza nº 141 do 27 de marzo de 2023

Xulgado do Social nº 1 de Vigo

Ordinario: 131/2023

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Reclamación da indemnización prevista no art. 33 do Convenio Colectivo do Concello de Vigo, de aplicación sobre incentivos á xubilación anticipada

Esta sentenza non é firme por contía, e resolve desestimando a pretensión da demandante, persoal laboral municipal xa xubilada, de percibir o incentivo á xubilación que se recoñece no acordo regulador/convenio colectivo.

A sentenza resolve coa base xa declarada en sentenzas precedentes e no propio convenio de que a estrutura salarial entre persoal funcionario e laboral no Concello de Vigo se atopa equiparada.

E ante os pronunciamentos de diferentes Salas dos TSX e do TS sobre a antixuridicidade deste tipo de premios ou incentivos á xubilación, resolto en primeiro lugar con respecto ao persoal funcionario, se desestima a demanda.

A Área de RRHH e Formación debe coñecer do resolto.

6.- Social. Expediente nº 15643/111

Sentenza nº 98 do 21 de marzo de 2023

Xulgado do Social nº 3 de Vigo

Seguridade social: 12/2023

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: En materia de Seguridade Social (prestación por nacemento e coidado de menor)

Esta sentenza, que non é firme, desestima a pretensión da demandante.

A actora pretendía desfrutar da prestación por nacemento e coidado de menor que corresponderían ao outro proxenitor (familia monoparental), desestimando o INSS tal solicitude por resolución administrativa.

A sentenza aplica o criterio do TS do 2/3/2023, que denega tal dereito por carecer de amparo legal, e porque en datas recentes ás desa sentenza o lexislador optou por non recoñecelo.

A Área de RRHH e Formación debe coñecer do resolto.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I. Considerando a obriga xeral de cumprir as sentencias e demais resolucións firmes dos xuíces e tribunais, así como de prestar a colaboración requirida por estes no curso do proceso e na execución do resolto segundo o art. 118 da Constitución así como o principio constitucional do pleno sometemento á lei e ao dereito da Administración Pública no desenvolvemento da súa actividade do art. 103 do texto constitucional.

II. Considerando o establecido no artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, en canto á obriga de executar as sentenzas en tempo e forma.

III. Considerando que o artigo 17.2 da Lei Orgánica do Poder Xudicial establece que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, e todas as Entidades públicas e privadas deben respectar, e, de ser o caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que fosen firmes ou executables de conformidade coas leis.

IV. Considerando o disposto na Sección 8ª e 9ª do capítulo I do título IV; e, no capítulo IV do título IV, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, para o caso das máis comúns no tocante á administración municipal, ditadas pola Xurisdición contencioso-administrativa; e, nos demais casos, atendendo ás normas reguladoras da xurisdición na que foron ditadas as resolucións xudiciais das que se dá conta; Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social, en especial capítulo IV do título I do Libro IV ou á Lei 1/2000, de 7 xaneiro, de axuízamento civil, en especial libro III.

V. E atendendo á distribución de competencias na materia que recolle a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, para os diferentes órganos: art. 127.1.j), Xunta do Goberno local; art. 124.4.l) Alcaldía e art. 123.1.m) Pleno en relación co disposto nos Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo, comunicamos as resolucións xudiciais relacionadas nos Antecedentes.

PROPOSTA DE ACORDO

Único.- Tómase coñecemento formal das resolucións xudiciais recollidas nos Antecedentes da parte expositiva do presente acordo.



Concello de Vigo

Segundo.- Remítase aos servizos responsables da tramitación administrativa en cada caso, con expresa indicación para que procedan á execución das resolucións xudiciais nos seus propios termos, en tempo e forma.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba proposta contida no precedente informe.

5(397).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE RUTAS MARÍTIMAS GUIADAS GRATUÍTAS POLA RÍA DE VIGO DA CONCELLERÍA DE POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL, ENMARCADO NO «PROGRAMA DE AVELLENTAMENTO ACTIVO: «VIGO, CIDADE AMIGA DOS MAIORES». EXPTE. 250002/301.

Visto o informe xurídico de data 22/05/2023 e o informe de fiscalización de data 25/05/2023, dáse conta do informe-proposta de data 22/05/2023, asinado pola xefa de servizo de Benestar Social, polo xefe de Área, o asesor xurídico adxunto á Xefatura, a concelleira-delegada de Política de Benestar Social e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. ANTECEDENTES

I.1. No Expediente nº 231895/301 (2022) do Servizo de Benestar Social tramitouse o procedemento administrativo para a contratación dos servizos incluídos no «PROGRAMA DE AVELLENTAMENTO ACTIVO DA CONCELLERÍA DE POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL: «VIGO, CIDADE AMIGA DOS MAIORES».

I.2. Establecéronse tres (3) lotes: LOTE I (obradoiros de actividades); LOTE II (rutas en barco) e LOTE III (excursións en autobús).

I.3. Tramitado o correspondente procedemento licitatorio, a Xunta de Goberno Local, na súa condición de órgano de contratación, acordou en sesión ordinaria do 09.02.2023: *“Declarar deserto o lote 2 do aberto para a contratación dos servizos do programa de avellentamento activo (231.895-301) porque o único licitador presentado non emendou a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos dentro do prazo concedido”*.

I.4. Así as cousas, mediante Resolución do 21.03.2023, a Concelleira delegada de Política de Benestar Social acordou iniciar o expediente para a contratación do servizo de rutas marítimas guiadas gratuítas pola Ría de Vigo da Concellería de Política de Benestar Social, enmarcado no «PROGRAMA DE AVELLENTAMENTO ACTIVO DA CONCELLERÍA DE POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL: «VIGO, CIDADE AMIGA DOS MAIORES», encomendando a súa tramitación ós servizos técnicos, xurídicos e administrativos da Concellería delegada de Política de Benestar Social, en colaboración co Servizo de Contratación.

I.5. No expediente tramitado para o efecto consta, ademais, a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade da contratación, asinado o 21.03.2023 polo Xefe de Área de Benestar Social e a Concelleira de Política de Benestar Social (trámite nº 5).

- Memoria Xustificativa para a contratación do servizo (versión definitiva), asinada o 18.05.2023 polo Xefe de Área de Benestar Social, conformada na mesma data pola Concelleira delegada de Política de Benestar Social (trámite nº69).
- Memoria Económica subscrita polo Xefe de Área de Benestar Social e a Concelleira delegada o 22.03.2023 (trámite nº 10).
- Prego de Prescricións Técnicas asinado o 22.03.2023 pola Xefa de Servizo e o Xefe de Área de Benestar Social (trámite nº 8).
- Declaración de neutralidade do redactor do PPT (Xefe de Área), asinado o 21.03.2023 (trámite nº 9).
- Documentos económicos (RC 38784 e RCFUT 38785), asinados polo responsable da Contabilidade municipal, de data 23.03.2023 (trámites núms. 13-14).
- Informe da Xefa do servizo de Contratación do 25.04.2023 sobre comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública (trámite nº 27).
- Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) para a contratación do servizo por procedemento aberto, asinado (versión definitiva) pola Xefa do Servizo de Contratación o 19.05.2023 (trámite nº 71).

II. NORMATIVA RELACIONADA

- CE/1978 (Constitución española, 29 decembro 1978).
- EAG (Estatuto de Autonomía de Galicia; LO.1/1981, do 6 de abril).LCSP (L.9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector público).
- RXC (RD.1098/2001, do 12 de outubro, Regulamento xeral da Lei de contratos das Admóns. Públicas), no que non se opoña á LCSP.
- RD.817/2009, do 8 de maio, Regulamento de desenvolvemento parcial da LCSP.
- TRLRFL (RDLex.2/2004, do 5 de marzo, Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais).
- RSCL (Decreto do 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de servizos das corporacións locais).
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- TRRL (RDLex. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
- L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.
- L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- L.13/2008, do 3 de decembro, Lei de servizos sociais de Galicia.
- Plan anual de contratación do Concello de Vigo (2023).
- Bases de execución do Orzamento xeral – Concello de Vigo.



Concello de Vigo

III. INFORME

III.1. O obxecto deste contrato é a contratación do servizo de rutas marítimas guiadas gratuítas pola Ría de Vigo da Concellería de Política de Benestar Social, que ten por finalidade incrementar a oferta existente de alternativas de lecer e tempo libre para as persoas maiores que favorezan aínda máis a súa socialización e, ó mesmo tempo, o coñecemento da nosa contorna mediante a realización de rutas en barco pola Ría de Vigo, contribuíndo a favorecer a vida saudable, a prevención da dependencia e reducir a soidade non desexada.

Estas rutas en barco pola Ría de Vigo, que se inclúen dentro das actividades do Programa de avellentamento activo “VIGO, CIDADE AMIGA DAS PERSOAS MAIORES” da Concellería de Política de Benestar Social, serán gratuítas para as persoas maiores de 65 anos, que poderán ir acompañadas pola súa parella ou persoa de apoio (de ser necesario), menores de 65 anos.

III.2. O Concello de Vigo carece dos medios humanos e técnicos necesarios para a prestación directa das actividades previstas neste Programa, polo que resulta absolutamente indispensable recorrer á súa contratación cunha empresa cualificada (Art. 116.4.f] LCSP).

III.3. Este contrato non está incluído no Plan anual de contratación do Concello de Vigo para o exercicio 2023, aprobado pola Xunta de Goberno Local o 30.12.2022 (Exp. nº 6812/241).

III.4. Ó abeiro do disposto no Art. 29.4 pfo. 1º da LCSP, a duración prevista deste contrato será de dous (2) anos, con posibilidade de dúas (2) prórrogas dun (1) ano para os tres Lotes. Propónse contratar por dous (2) anos en tanto se realiza a “ANÁLISE E DIAGNÓSTICO DAS CONDICIÓNS DE VIDA DAS PERSOAS MAIORES EN VIGO E PROPOSTA DUN PLAN ESTRATÉXICO DE ATENCIÓN” contratado pola Concellería de Política de Benestar Social (Exp. nº 224888/301), cuxos resultados poderían aconsellar introducir cambios na programación das actividades para os/as maiores.

III.5. O prezo do contrato é de setenta mil cento oitenta euros (70.180€), IVE incluído, dos que cincuenta e oito mil euros (58.000€) corresponden ó prezo e doce mil cento oitenta euros (12.180€) ó IVE. O gasto representado por este contrato poderá financiarse con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.226.09.02 (“Vigo, cidade amiga dos maiores”) e, de ser o caso, a súa bolsa de vinculación.

III.6. Trátase dun contrato de servizos en función das necesidades da Administración, segundo o previsto na Disposición adicional trixésima terceira da LCSP. Adxudícase polo total do prezo do contrato e, en función do prezo/usuario (de adxudicación), o Concello disporá dun número de viaxes dos que fará uso segundo as necesidades do servizo.

III.7. De acordo co disposto no Art 116.1 da LCSP, o expediente de contratación iniciárase polo órgano de contratación. No Concello de Vigo esta competencia está delegada nos/as respectivos/as concelleiros/as de Área en virtude das Resolúcións da Alcaldía – Presidencia do 18.06.2019, de estruturación dos servizos corporativos do Concello de Vigo e do 26.06.2019, de delegación de competencias (2019-2023) nos/as concelleiros/as delegados/as de Área e do Acordo da XGL do 20.06.2019, polo que se delega nos/ concelleiros/as de Área, entre outras, a competencia para iniciar os expedientes de contratación na súas respectivas áreas competenciais (Apdo. Segundo, pto. 6). A Concelleira da Área de Política de Benestar Social, en Resolución do 21.03.2023, autorizou o inicio deste expediente de contratación.

III.8. Constan nel, tal como esixe o Art. 116 da LCSP, a xustificación da necesidade do contrato, o Prego de Prescricións Técnicas, redactado polas Xefaturas de Servizo e Área de Benestar Social, o Prego

de Cláusulas Administrativas Particulares do 19.05.2023, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación e a demais documentación preceptiva, como así se reflicte no informe da Xefa do servizo de Contratación do 25.04.2023, sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.

III.9. O procedemento proposto para esta contratación é o procedemento aberto (tramitación ordinaria), non suxeito a regulación harmonizada. O contrato é susceptible de recurso especial en materia de contratación (Art. 22 LCSP; Cláusula 10 e Apdos. 1.G, 1.H, 1.I e 1.J das FEC).

III.10. O Art. 116.3, último pfo., da LCSP establece tamén que, ademais de incorporar ó expediente o/s certificado/s de existencia de crédito, deberá ser obxecto, antes da súa aprobación, de fiscalización previa por parte da Intervención xeral municipal.

III.11. A competencia para aprobar o expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme co previsto na Disposición adicional segunda, apdos. 4º e 11º da LCSP en relación co seu Art. 117. A resolución, segundo o Art. 117.1 da LCSP, deberá ser motivada e comprenderá a aprobación do expediente de contratación, do gasto que representa e a apertura do procedemento de adxudicación.

IV. PROPOSTA DE ACORDO

Visto o que antecede e a normativa de aplicación, propónse á Xunta de Goberno Local, previo informe da Asesoría xurídica do Concello (Disposición adicional oitava LRBRL e Disposición adicional terceira, Apdo. 8º LCSP) e da Intervención xeral municipal (Disposición adicional terceira, Apdo. 3º LCSP e Art. 214 TRLRFL), a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación, por procedemento aberto e tramitación ordinaria, do servizo de rutas marítimas guiadas gratuítas pola Ría de Vigo da Concellería de Política de Benestar Social, enmarcado no «PROGRAMA DE AVELLENTAMENTO ACTIVO: «VIGO, CIDADE AMIGA DOS MAIORES», que inclúe a xustificación da necesidade do contrato (trámite n.º 5), as Memorias xustificativa e económica (trámites núms. 69 e 10, respectivamente), o Prego de Prescricións Técnicas (trámite n.º 8), o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, do 19.05.2023 (trámite n.º 71), os documentos económicos emitidos o 23.03.2023 polo Servizo de Contabilidade (trámites núms. 13-14) e a demais documentación esixida pola normativa de contratos do sector público.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto derivado deste contrato, 70.180€ (IVE incl.), que se imputará á aplicación orzamentaria nº 2310.226.09.02 (“*Vigo, cidade amiga dos maiores*”) e, de ser o caso, a súa bolsa de vinculación, de acordo coa seguinte distribución por anualidades (con IVE):

- 2023: 35.090 €
- 2024: 35.090 €

TERCEIRO.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación na forma legalmente prevista».

ACORDO



Concello de Vigo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(398).- SUBVENCIÓN Á ASOCIACIÓN “ESPAÑA CON ACNUR” (COMITÉ ESPAÑOL DO ALTO COMISIONADO DAS NACIÓNS UNIDAS PARA OS REFUXIADOS) PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO HUMANITARIO: “ACCESO A SERVIZOS DE SAÚDE DE CALIDADE PARA A POBOACIÓN REFUXIADA E SOLICITANTE DE ASILO VENEZOLANA, RETORNADA COLOMBIANA E COMUNIDADES DE ACOLLIDA EN COLOMBIA”. EXPTE. 251151/301.

Visto o informe de fiscalización de data 25/05/2023, dáse conta do informe-proposta de data 22/05/2023, asinado polo xefe de área de Benestar Social, polo asesor xurídico adxunto á Xefatura, a concelleira-delegada de Política de Benestar Social e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. ANTECEDENTES

I.1. En data 04.05.2023 (Doc. nº 230122749) o/a representante da Asociación “España con ACNUR” (Comité español do Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Refuxiados) presentou no Rexistro electrónico do Concello de Vigo unha solicitude de subvención para o desenvolvemento dun proxecto humanitario de asistencia e protección da saúde dirixido á poboación refuxiada e solicitante de asilo venezolana, retornada colombiana e comunidades de acollida en Colombia.

I.2. Achegouse tamén (ou consta xa en poder desta Administración) toda a documentación administrativa necesaria para a concesión da subvención: datos identificativos da entidade, Memoria xustificativa/Proxecto, certificacións administrativas de cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, estatutos sociais, acreditación da representación, CIF, certificación bancaria actualizada, declaración de non estar inhabilitada nin incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións públicas, etc.

I.3. Mediante Resolución do 08.05.2023, a Concelleira delegada da Área de Política de Benestar Social ordenou a incoación de expediente administrativo para a tramitación e resolución da subvención a favor da Asociación “España con ACNUR” (Comité español do Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Refuxiados) para a execución dese proxecto.

II. NORMATIVA RELACIONADA

- Declaración Universal de Dereitos humanos, 10 de decembro de 1948.
- Pacto Internacional de Dereitos Cívicos e Políticos, 19 de decembro de 1966.
- PIDESC (Pacto Internacional de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais, 19 de decembro de 1966).
- Convención internacional sobre os dereitos do neno, adoptada pola Asemblea Xeral da ONU o 20 novembro de 1989.
- CE/1978 (Constitución española, 29 decembro 1978).
- Carta Europea de Autonomía local, Estrasburgo 15.10.1986 (BOE nº 47, 24.02.1989).
- EAG (Estatuto de Autonomía de Galicia; LO.1/1981, do 6 de abril).
- LO.2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e Sostibilidade financeira.
- L.23/1998, do 7 de xullo, do Estado, de Cooperación internacional para o desenvolvemento.

- L.2/2014, do 25 de marzo, da Acción e do Servizo exterior do Estado.
- L.10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia.
- D.29/2017, do 9 de marzo, de cooperación para o desenvolvemento.
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.
- L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- L.15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa.
- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- TRRL (RDLEX. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
- LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas).
- LRXSP (L.40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector público).
- LRXCA (L.29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).
- L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- L.13/2008, do 3 de decembro, Lei de servizos sociais de Galicia.
- LXS (L.38/2003, do 17 de novembro, Lei xeral de subvencións).
- LSG (L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).
- RD.887/2006, do 21 de xuño, Regulamento da Lei xeral de subvencións.
- RD.794/2010, do 16 de xuño, polo que se regulan as subvencións e axudas no ámbito da cooperación internacional que se concedan pola Admón. do Estado.
- TRLRFL (RDLEX. 2/2004, do 5 de marzo, Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais).
- Orde EAH/3565/2008, do 3 de decembro, modificada pola Orde HAP 419/2014, do 14 de marzo, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das Entidades locais.
- RD.130/2019, do 8 de marzo, polo que se regula a BDNS e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas.
- Bases de execución do Orzamento xeral – Concello de Vigo.
- Plan Estratéxico de Subvencións 2021 – 2023
- Instrucción 1/2014 da Intervención xeral municipal sobre aplicación da L.5/2014.
- Nota informativa do 16.03.2016 da Intervención xeral municipal sobre a BDNS.

III. INFORME

III.1. Segundo se indica na Memoria presentada, o “Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Refuxiados” (ACNUR/UNHCR) brinda protección e asistencia ás persoas refuxiadas e desprazadas no mundo. ACNUR foi creado pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas e comezou a traballar en 1951. Desde a súa creación ten proporcionado asistencia a millóns de persoas refuxiadas e desprazadas en todo o mundo, o que lle valeu o recoñecemento de dous Premios Nobel da Paz, en 1954 e 1981, e o Premio Príncipe de Asturias en 1991.

III.2. A Asociación “España con ACNUR” (Comité español do Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Refuxiados) é unha ONGD, constituída o 26.11.1993 e declarada de utilidade pública, que se encarga de difundir a realidade da poboación refuxiada e desprazada de todo o mundo a través de campañas de sensibilización e educación ó desenvolvemento e de recaudar fondos para programas de emerxencia, post-emerxencia e desenvolvemento de ACNUR.



Concello de Vigo

III.3. ACNUR basea o seu mandato na Convención sobre o Estatuto dos Refuxiados de 1951, que ten como obxectivo garantir o exercicio efectivo dos dereitos humanos das persoas refuxiadas e a non repatriación contra a súa vontade a un país onde sufran persecución. O Alto Comisionado axúdalles a repatriarse ó seu país de orixe cando as condicións así o permitan, a integrarse nos países de asilo ou a reasentarse en terceiros países.

Para este ano 2023 prevé que 117,2 millóns de persoas necesitarán a protección e asistencia de ACNUR, das que 29,3 millóns serán refuxiadas e 61,2 millóns, desprazadas internas. Tamen se estima en 5,1 millóns o número de persoas apátridas ás que se lles negou a nacionalidade e o acceso a dereitos básicos como a educación, a sanidade, o traballo ou a liberdade de circulación.

III.4. Segundo se expresa na documentación do proxecto presentado ó Concello de Vigo por ACNUR:

- «...a finales del año pasado había más de 7,13 millones de personas refugiadas y solicitantes de asilo de Venezuela fuera de su país de origen, más de 1 millón de solicitantes de asilo, y más de 211.000 han sido reconocidas como refugiadas (junio 2022 R4V).
- A finales de 2022, había más de 2,3 millones de personas refugiadas y solicitantes de asilo venezolanas en Colombia en proceso de regularización-de ellas 1,9 millones han sido registradas con el método biométrico y 1,5 millones ya ha obtenido su permiso que le da pie para acceder a los servicios nacionales. Por otra parte, más de 132.000 personas se habían desplazado dentro del país debido a los conflictos entre los grupos paramilitares activos y más de 20.000 se encontraban atrapadas entre el fuego abierto de estos grupos.
- En 2023, ACNUR Colombia cuenta con 18 oficinas y unidades de terreno, y aproximadamente 450 trabajadores (54% mujeres), quienes responden al reto humanitario generado con la llegada de población proveniente desde Venezuela con necesidades de protección internacional, tanto refugiada y solicitante como colombiana retornada (...)
- El presente proyecto se enmarca dentro del programa global de actuación que ACNUR está desarrollando en Colombia para garantizar la protección internacional de la población refugiada y solicitante de asilo venezolana y colombiana retornada además de las comunidades de acogida colombianas (...)
- Se centrará en promover la afiliación de la población refugiada y solicitante de asilo venezolana además de población colombiana retornada y de las comunidades de acogida al Sistema de Seguridad Social en Salud y garantizar el acceso a servicios de atención psicosocial para prevenir y acompañar oportunamente a las personas sobrevivientes de la VBG refugiadas y solicitantes de asilo venezolanas, retornadas colombianas y de las comunidades de acogida, en 4 municipios (Riohacha Maicao, Uribe y Fonseca) del Departamento de La Guajira y los municipios de Medellín, Apartadó y Quibdó en los departamentos de Antioquia y Chocó.
- Adicionalmente, ACNUR centrará sus esfuerzos en el fortalecimiento de las capacidades de las Secretarías de Salud en los municipios priorizados. También, se organizarán talleres de capacitación dirigidos a autoridades gubernamentales, y se distribuirá información clave a las personas refugiadas y solicitantes de asilo venezolanas y retornadas colombianas para acceder a los servicios de salud».

III.5. O obxectivo xeral do proxecto humanitario de ACNUR que se pretende subvencionar é o de mellorar a protección internacional e as condicións de vida da poboación refuxiada e solicitante de asilo venezolana, retornada colombiana e comunidades de acollida en Colombia.

III.6. O seu obxectivo específico é incrementar o acceso a servizos de saúde (tamén mental) por parte da poboación refuxiada e solicitante de asilo venezolana, colombiana retornada e as comunidades de acollida, mellorando así a súa calidade de vida.

III.7. Os resultados agardados descríbense do seguinte xeito:

«Resultado 1. Promovida la afiliación de la población refugiada y solicitante de asilo venezolana, retornados colombianos y personas vulnerables de las comunidades receptoras al Sistema de Seguridad Social en Salud, gracias a las acciones de sensibilización de la población de interés del proyecto y la formación a autoridades gubernamentales para mejorar las capacidades locales en el Departamento de La Guajira.

Resultado 2. Garantizado el acceso a servicios de atención psicosocial para prevenir y ofrecer una respuesta oportuna a las personas sobrevivientes de Violencia Basada en Género (VBG) en los departamentos de Antioquia, La Guajira y Chocó».

III.8. A poboación beneficiaria directa do proxecto *«asciende a 8.630 personas refugiadas y solicitantes de asilo venezolanas, retornadas colombianas y las comunidades de acogida. Adicionalmente, se capacitarán 500 autoridades de Gobierno, representando un total de 9.130 personas. Como población beneficiaria indirecta del proyecto se contará con 51.780 personas que comprenden los familiares de las personas refugiadas y migrantes venezolanas, población retornada colombiana y comunidades de acogida, que se beneficiarán de la respuesta mejorada de los servicios de salud y acceso a los mismos»*.

III.9. Segundo se reflicte no orzamento presentado, o custo total deste proxecto humanitario estímase en 325.149,51€, que sería financiado nun 3,08% coa achega do Concello de Vigo, nun 38,44% pola “Agencia Asturiana de Cooperación al Desarrollo” e nun 58,48% por ACNUR e os seus doantes internacionais.

III.10. Nos vixentes orzamentos municipais da Concellería de Política de Benestar Social está prevista a concesión dunha subvención nominativa a favor de ACNUR por importe de 10.000€ con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.01 (“Axuda a Acnur”).

A posibilidade da súa concesión directa á entidade designada nos orzamentos prevese expresamente nos Arts. 22.2.a) da LXS e no Art. 19.4.a) da LSG. Para estes efectos, teñen a consideración de *«subvencions previstas nominativamente nos orzamentos municipais»* aquelas cuxo obxecto, dotación orzamentaria e beneficiario aparecen determinados expresamente no estado de gastos do orzamento.

Ademais, a Disposición adicional 2ª da LSG, posta en relación co seu Art. 19.4, posibilita tamén a concesión directa das subvencións en materia de cooperación para o desenvolvemento reguladas hoxe na L.10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia, que inclúe entre as prioridades da cooperación galega a atención ás situacións de maior pobreza e desigualdade e establece a intervención prioritaria en ámbitos ou sectores como o exercicio dos dereitos sociais básicos polas persoas e os colectivos máis pobres e vulnerables (saúde, educación, alimentación, hábitat e auga e saneamento básico), a igualdade de xénero e o apoderamento e exercicio pleno e integral de dereitos das mulleres e da infancia ou a educación para a cidadanía global.

III.11. O procedemento para a concesión destas subvencións iníciarase de oficio polo centro xestor do crédito orzamentario ó que se imputa á subvención ou por instancia do interesado e rematará coa resolución de concesión ou coa formalización do correspondente convenio.



Concello de Vigo

III.12. A concesión desta subvención estará suxeita, especificamente, ás condicións e compromisos establecidos na propia Resolución de concesión (Art. 26 LSG, Art. 28 LXS, Art. 67 RD.887/2006 e Base 38 das de execución dos orzamentos xerais): obxecto, beneficiarios, crédito orzamentario, compatibilidade/incompatibilidade con outras subvencións, pagamento e xustificación, etc.

III.13. As competencias municipais en materia de cooperación internacional descentralizada atopan fundamento tanto na lexislación de réxime local (Arts. 2 e 25 LRBRL, 80.1 LALGA...) como, especificamente, na lexislación sectorial estatal e autonómica. Así:

- A L.23/1998, do 7 de xullo, do Estado, de Cooperación internacional para o desenvolvemento, habilita expresamente para que desde as entidades locais se leven a cabo accións e programas incluíbles no concepto de “*cooperación para o desenvolvemento*”, expresión solidaria da sociedade local que, en todo caso, basearase nos principios de autonomía orzamentaria e auto-responsabilidade no seu desenvolvemento e execución (no marco da política española de cooperación internacional para o desenvolvemento) e no de colaboración entre Admóns. Públicas, tocante ó acceso e participación da información e máximo aproveitamento dos recursos públicos. A lei inclúe entre os obxectivos da política de cooperación internacional a prevención e atención das situacións de emerxencia mediante a prestación de accións de axuda humanitaria (Arts. 3 e 20).
- A L.10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia, recoñece tamén esa mesma capacidade municipal para intervir en materia de cooperación internacional, considerando ás entidades locais como “*axentes da cooperación para o desenvolvemento*” (Art. 96.3.a)].
- Finalmente, a L.2/2014, do 25 de marzo, da Acción e do Servizo exterior do Estado, reafirma que as entidades locais poden actuar no eido da cooperación internacional para o desenvolvemento e expresa que a Acción exterior neste sector orientarase a contribuír á erradicación da pobreza, ó desenvolvemento humano sostible e ó pleno exercicio dos dereitos, mediante a consolidación dos procesos democráticos e o Estado de Dereito, a redución das desigualdades, o fomento dos sistemas de cohesión social, a promoción dos dereitos das mulleres e a igualdade de xénero, dando unha resposta de calidade ás crisis humanitarias.

A seguir, enumera entre os suxeitos da Acción Exterior do Estado ás Admóns. Públicas (entre as que, loxicamente, inclúese a Admón. local) e prescribe o deber dos órganos constitucionais, as CCAA, as Cidades Autónomas, «*as entidades que integran a Administración Local*» e os organismos, entidades e institucións delas dependentes de manter informado ó Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación das súas propostas sobre actuacións con proxección exterior, para que este departamento poida informar e, de ser o caso, emitir recomendacións motivadas sobre a adecuación da proposta de actuación ás directrices, fins e obxectivos da Política Exterior fixados polo Goberno e os instrumentos de planificación establecidos por esta lei (Arts. 5, 11 e ccetes.).

Esta atribución competencial realizada pola lexislación sectorial en materia de cooperación internacional para o desenvolvemento ten fundamento mediato na propia CE/1978 (Preámbulo, Título Preliminar, Arts. 9.2, 10, 137...) e resulta congruente co contido do Art. 10.3 da Carta Europea de Autonomía local, ratificada por España, que establece que as entidades locais poderán, nas condicións eventualmente previstas pola Lei, cooperar coas entidades doutros Estados.

Outra cousa é o alcance do exercicio desta competencia, que estará necesariamente supeditado ás directrices da política española de cooperación internacional para o desenvolvemento e delimitado pola aplicación dos principios de colaboración, autonomía orzamentaria, autorresponsabilidade no seu desenvolvemento e execución e cumprimento da lexislación en materia de estabilidade e sostibilidade orzamentaria.

III.14. O proxecto presentado ó Concello de Vigo pola Asociación “España con ACNUR” (Comité español do Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Refuxiados) estaría en coherencia tanto coas políticas de acción humanitaria do Estado («V Plan Director da Cooperación Española 2018 – 2021»; Apdo. 1.2. “*Retos de la Cooperación Española*”; subapdo. 1.2.1. “*Retos globales de desarrollo*”) como da cooperación galega, concretadas no «IV Plan Director da Cooperación Galega 2018 – 2021» e no «V Plan Director da Cooperación Galega 2023 – 2026», nos que se recolle como unha das súas orientacións estratéxicas respotar ás crises humanitarias con calidade, priorizando a intervención en favor de poboacións en base á súa vulnerabilidade e propónse dar continuidade ó traballo con organizacións multilaterais ou especializadas neste eido como ACNUR.

III.15. Toda vez que ten transcendencia económica, antes da súa aprobación polo órgano competente (XGL), o expediente deberá ser sometido a informe preceptivo de fiscalización previa pola Intervención xeral municipal (Art. 214 TRLRFL e Arts. 133 e 136 LRBRL), a fin de verificar a existencia de crédito axeitado e suficiente para atender ás obrigas de contido económico derivadas da concesión da subvención.

III.16. O informe xurídico dáse por evacuado nos termos contidos no presente informe-proposta, redactado e asinado polo Asesor xurídico adxunto á Xefatura de Benestar social (Resolución Concelleiro delegado da Área de Xestión municipal do 07.02.2013).

IV. PROPOSTA DE ACORDO

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa aplicable, propónse á Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención xeral municipal, a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO.- Conceder á Asociación “España con ACNUR” (Comité español do Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Refuxiados) unha subvención directa por importe de 10.000€ (DEZ MIL EUROS) para o desenvolvemento do proxecto humanitario: “*Acceso a servizos de saúde de calidade para a poboación refuxiada e solicitante de asilo venezolana, retornada colombiana e comunidades de acollida en Colombia*”, de acordo coa documentación e a proposta presentadas ó Concello de Vigo que constan nos expedientes de referencia.

SEGUNDO.- Aprobar e autorizar o gasto de 10.000€ con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.01 (“*Axuda a Acnur*”) dos orzamentos vixentes, a favor da Asociación “España con ACNUR”, CIF G – 80757560.

TERCEIRO.- Publicar a subvención concedida no “Portal da Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), na que se deberá rexistrar unha “convocatoria instrumental” e os datos estruturados inmediatamente despois da concesión.



Concello de Vigo

CUARTO.- A concesión desta subvención rexerese polas seguintes Estipulacións:

1ª.- *Obxecto*: o obxecto desta subvención será a execución do proxecto de ACNUR: “Acceso a servizos de saúde de calidade para a poboación refuxiada e solicitante de asilo venezolana, retornada colombiana e comunidades de acollida en Colombia”, co que se pretende mellorar a protección internacional e as condicións de vida desta poboación. A intervención prevista é congruente coas liñas estratéxicas definidas no «V Plan Director da Cooperación Española 2018 – 2021», no «IV Plan Director da Cooperación Galega 2018 – 2021» e no «V Plan Director da Cooperación Galega 2023 – 2026», nos que se recolle como unha das súas orientacións estratéxicas responder ás crises humanitarias con calidade, priorizando a intervención en favor de poboacións en base á súa vulnerabilidade.

2ª.- *Beneficiarios e modalidades de axuda*: as beneficiarias directas deste proxecto serían 8.630 persoas refuxiadas e solicitantes de asilo venezolanas, retornadas colombianas e as comunidades de acollida. Adicionalmente, capacitaránse 500 autoridades de Goberno, representando un total de 9.130 persoas. A poboación beneficiaria indirecta do proxecto ascendería a un total de 51.780 persoas.

3ª.- *Crédito orzamentario*: o gasto que representa para o Concello de Vigo esta subvención poderá financiarse con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.01 (“Axuda a Acnur”) dos vixentes orzamentos municipais.

4ª.- *Pagamento*: tendo en conta as características humanitarias do proxecto (enmarcable nas axudas de cooperación ó desenvolvemento) e da propia entidade promotora (ACNUR), realizarase un pagamento anticipado polo 100% do importe concedido, que se xustifica legalmente na necesidade de acadar unha maior eficacia e eficiencia na xestión dos fondos públicos destinados á cooperación para o desenvolvemento, tal como se indica na Disposición adicional 2ª, apdo. 2, da L.9/2007 (LSG), que permite arbitrar nas bases reguladoras da subvención “sistemas específicos de pagamentos anticipados de ata o 100% da subvención concedida” («Régime especial das axudas en materia de cooperación exterior»).

De acordo co artigo 42 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, Regulamento da Lei xeral de subvencións e a propia Disposición adicional 2ª, apdo. 2, da LSG, non será esixible a constitución de garantías.

5ª.- *Compatibilidade*: esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Con todo, a beneficiaria deberá comunicar ó Concello de Vigo a obtención doutras posibles subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada.

Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos. En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no Art. 34 do RD.887/2006, do 21 de xullo.

Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ó Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

6ª.- *Xustificación*: ó abeiro do previsto na Disposición adicional 2ª, apdo. 2, da LSG e en atención á natureza e características específicas do proxecto humanitario de ACNUR, establécese un réxime especial de xustificación.

A documentación xustificativa da subvención deberá achegarse necesariamente **antes do 01.11.2023** a través da sé electrónica do Concello de Vigo (<https://sede.vigo.org/expedientes/sede/?lang=gal#2>) por calquera dos mecanismos de identificación admitidos nela e incluírá, como comprobantes da recepción e correcta execución dos fondos, os seguintes documentos:

- Informe técnico final.
- Certificado emitido pola entidade solicitante de que o proxecto foi executado na súa totalidade e a consecución de obxectivos.
- Documentación acreditativa do envío dos fondos á contraparte local (UNHCR/ACNUR).
 - Copia do ingreso da subvención na conta da entidade solicitante.
 - Copia da transferencia bancaria efectuada por parte da entidade solicitante á contraparte local (UNHCR/ACNUR).
 - Certificado emitido pola entidade solicitante da desagregación da transferencia bancaria efectuada á contraparte local (UNHCR/ACNUR).
 - Certificado emitido pola entidade solicitante da non existencia de gastos e intereses dos fondos outorgados o tempo que estiveron depositados na conta da entidade solicitante antes de ser transferidos á contraparte local (UNHCR/ACNUR).
- Documentación acreditativa da recepción dos fondos pola contraparte local (UNHCR/ACNUR).
- Factura expedida por ACNUR/UNHCR, firmada dixitalmente, correspondente ó ingreso recibido.

A beneficiaria deberá facilitar, de ser o caso, a información complementaria que lle sexa requirida pola Concellería de Política de Benestar Social e pola Intervención xeral municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

7ª.- *Protección de datos*: en cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 sobre protección de datos de carácter persoal, da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e das demais disposicións vixentes nesta materia, infórmase que os datos da entidade beneficiaria e os dos seus representantes serán incorporados ós correspondentes ficheiros municipais baixo a responsabilidade do Concello de Vigo e ás bases de datos de xestión municipal e de Benestar social. A finalidade da súa recollida e tratamento é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto desta Resolución, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e as demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións públicas, en orde á conclusión do proceso de subvencións.

Poderán ser cedidos a outras Administracións, organismos e institucións, asumindo estas as obrigas dos responsables de tratamento de datos. Tamén poderán ser cedidos en cumprimento dun mandato legal ou xudicial e verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións



Concello de Vigo

dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade. A base lexitimadora do tratamento previsto reside no consentimento expreso das persoas que representan á entidade beneficiaria e no exercicio lexítimo das competencias municipais atribuídas pola normativa de réxime local e sectorial aplicable. As persoas interesadas poden exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Disporán de máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org

8ª.- *Réxime xurídico aplicable:* A concesión da subvención rexerese, ademais de polas anteriores estipulacións, pola L.38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o seu Regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da L.38/2003 e do RD.887/2006; as Bases de Execución dos orzamentos municipais, o Plan Estratégico de Subvencións 2021 – 2023 do Concello de Vigo e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime máis conveniente para os intereses municipais.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(399).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ELABORACIÓN E POSTERIOR REVISIÓN/ACTUALIZACIÓN E IMPLANTACIÓN DE PLANS DE AUTOPROTECCIÓN OU NORMAS DE ACTUACIÓN NO CASO DE EMERXENCIA NOS CENTROS ONDE SE DESENVOLVEN ACTIVIDADES DE TITULARIDADE MUNICIPAL. EXPTE. 1573/2202.

Visto o informe de fiscalización de data 25/05/2023, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación de data 24/05/2023, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de elaboración e posterior revisión/actualización e implantación de plans de autoprotección ou normas de actuación no caso de emerxencia nos centros onde se desenvolven actividades de titularidade municipal (1.573-2202)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014

- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de elaboración e posterior revisión/actualización e implantación de plans de autoprotección ou normas de actuación no caso de emerxencia nos centros onde se desenvolven actividades de titularidade municipal (1.573-2202)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 3 de marzo de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:

“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación da prestación do servizo consistente na elaboración e posterior revisión/actualización e implantación de plans de autoprotección ou normas de actuación no caso de emerxencia nos centros onde se desenvolven actividades de titularidade municipal (expediente 1573/2202).

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato, elaborado polo Servizo de Contratación con data de sinatura electrónica de 26/01/2023.

Terceiro.- Autorizar o gasto por un importe de 290.208,44 € (IVE incluído) de acordo ás seguintes anualidades:

- Ano 2023: 75.724,29 €.
- Ano 2024: 100.965,71 €.
- Ano 2025: 91.449,19 €.
- Ano 2026: 22.069,25 €

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo contemplados na aplicación 920.1.2279900 "Plans autoprotección e avaliación, PRL" e bolsa de vinculación do orzamento de gastos do Concello de Vigo.

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 4 de maio de 2023 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de elaboración e posterior revisión/actualización e implantación de plans de autoprotección ou normas de actuación no caso de emerxencia nos centros onde se



Concello de Vigo

desenvolven actividades de titularidade municipal (1.573-2202) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	PEDRO MURCIEGO DELGADO	99,75 puntos

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, PEDRO MURCIEGO DELGADO (76-708.878-Z), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, PEDRO MURCIEGO DELGADO, o día 5 de maio de 2023, que presenta a documentación requirida o 22 do mesmo mes, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 24 de maio de 2023 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar PEDRO MURCIEGO DELGADO, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por PEDRO MURCIEGO DELGADO, de conformidade co informe de valoración da proposición avaliable mediante xuízo de valor do 21 de abril de 2023 e o acorda da Mesa de Contratación do 3 de maio polo que se outorga ao licitador a máxima puntuación pola súa proposición avaliable a través de fórmula ao abeiro do previsto na cláusula 16.3 do PCAP.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a PEDRO MURCIEGO DELGADO (76-708.878-Z) o procedemento aberto para a contratación do servizo de elaboración e posterior revisión/actualización e implantación de plans de autoprotección ou normas de actuación no caso de emerxencia nos centros onde se desenvolven actividades de titularidade municipal (1.573-2202) coas seguintes condicións:

- a) *O prezo total do contrato é de 275.697,54 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 47.848,33 euros.*
- b) *Achega 42 plans de autoprotección conforme ao RD 393/2007 de centros realizados polo/a técnico/a que se adscriba a execución do contrato nos últimos 10 anos.*
- c) *Achega 20 normas de actuación en caso de emerxencia de centros realizados polo/a técnico/a que se adscriba a execución do contrato nos últimos 10 anos.*
- d) *Achega 176 horas de formación adicional en xestión de emerxencias e plans de autoprotección do/a técnico/a que se adscriban a execución do contrato.*
- e) *Achega a acreditación da habilitación como director de seguridade privada polo Ministerio do Interior do/a técnico/a asignado/a para a execución do contrato.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(400).- MODIFICACIÓN DO CONTRATO DO SERVIZO DE SOPORTE PARA O SISTEMA XESTOR DE CONTIDOS (TYPO3). EXPTE. 6885/241.



Concello de Vigo

Visto o informe de fiscalización do 23/05/2023, dáse conta do informe-proposta de data 22/05/2023, asinado pola técnica de Administración Xeral, a xefa do servizo de Contratación, a concelleira-delegada de Área e pola titular da Asesoría Xurídica, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA)
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto para a contratación do soporte para o sistema xestor de contidos (Typo3) (9825-113) (PCAP)
- Prego de prescricións técnicas para a contratación por procedemento aberto para a contratación do soporte para o sistema xestor de contidos (Typo3) (9825-113) (PPT)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Na sesión do 22 de xullo de 2022 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente de contratación, os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares e a apertura do procedemento de licitación para a contratación do soporte para o sistema xestor de contidos (Typo3) (9825-113).

Segundo.- A Xunta de Goberno local, na sesión que tivo lugar o 6 de outubro de 2022, adoptou o seguinte acordo:

“Adxudicar a ICTI INTERNET PASSION, S.L. (B-13.327.168) o procedemento aberto para a contratación do soporte para o sistema xestor de contidos (Typo3) (9.825-113) por un prezo máximo de 24.200,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 4.200,00 euros, e coas seguintes condicións:

- a) Cun prezo unitario de hora de prestación do servizo de 48 € (IVE incluído).*
- b) Achega, para a execución do contrato, 2 persoas certificadas como editor ou desenvolvedor en TYPO3.*

- c) *Acredita a realización de 5 proxectos sobre o CMS Typo3 a partir da versión 9.5.*
- d) *Propón unha bolsa anual de horas sen custe para o Concello de 50 horas.*
- e) *Dispón dunha ferramenta para a xestión, control e seguimento de incidencias, traballos e tarefas en proceso.*
- f) *É membro ou provedor de servizos da comunidade do CMS TYPO3.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada."

Terceiro.- O contrato formalizouse o día 20 de outubro de 2022 e a execución do contrato iniciouse ao día seguinte, por un prazo de un (1) ano, prevéndose unha (1) prórroga de 3 anos de duración.

Cuarto.- O 5 de abril de 2023 a adxunta á xefatura e o xefe do Servizo de Administración Electrónica, coa conformidade da concelleira delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, solicitan o inicio dun expediente de modificación deste contrato por mor de que *"xurdiron necesidades específicas, especialmente complexas que non se puideron prever, por causa das cales se precisa incrementar o número de horas anuais. Unha das tarefas principais a realizar coa máxima prioridade no ano do contrato era a actualización da versión do CMS, atendendo a criterios de seguridade e funcionalidade. Pero xurdiu a necesidade previa de integrar no CMS os desenvolvementos e engadidos usados para o micrositio da Axenda Urbana (desenvolvido por outro adxudicatario e con cargo a fondos europeos NextGeneration)."*

Este informe foi corrixido con data 18 de maio de 2023 no que engade que, con respecto aos desenvolvementos e engadidos usados para o micrositio da Axenda Urbana *"Aínda que (...) e creou a estrutura mínima requirida no marco do CMS, tanto esta como a programación a realizar sobre ela, admiten varias solucións posibles. Cada quen ten a súa visión e metodoloxía para acadar a funcionalidade desexada.*

Foi durante a execución do contrato actual para o que se solicita a modificación cando se viu que, sen alterar esa estrutura, a actualización da versión do CMS (dados os requisitos técnicos da última versión estable liberada polo fabricante), implicou modificacións especialmente complexas e polo tanto precisouse unha dedicación moito maior da estimada para os traballos previos, consumindo o 20% do contrato inicial e incluso as horas propostas sen custo pola adxudicataria. Eses traballos adicionais eran imprescindibles para a actualización da versión do CMS (xa que requirirá actualizar tamén polo menos a versión da base de datos e a da linguaxe de servidor PHP), a fin de garantir que a zona da AUV non deixe de funcionar unha vez actualizado o sistema completo.

(...)



Concello de Vigo

Levamos consumidas unhas 320 horas (máis do 60% do contrato) e quedan por executar unhas 184 para unha carga de traballo estimada de 605.”

Quinto.- Con data 8 de maio de 2023 a concelleira delegada de Contratación resolveu iniciar o procedemento para a modificación deste contrato. Esta resolución foi notificada ao contratista na mesma data.

Sexto.- Evacuado trámite de audiencia ao contratista, durante o prazo conferido para o efecto, este manifestou a súa conformidade coa modificación proposta en data 10 de maio de 2023.

Sétimo.- En data 11 de maio de 2023, a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, adoptou o seguinte acordo:

- *“Tomar razón do cambio de denominación social de ICTI INTERNET PASSION, S.L. a AOKITEK DIGITAL, S.L. como empresa contratista do servizo de soporte para o sistema xestor de contidos (9825-113).*
- *Notificar este acordo ao interesado, á Intervención Xeral e á Tesourería Municipal, non resultando preciso o cambio da garantía definitiva a nome da nova persoa xurídica dado que mantén o mesmo CIF.”*

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Lexislación aplicable

Resulta preciso determinar en primeiro lugar, a lexislación aplicable a este contrato. Os contratos réxense, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento no que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP), é dicir:

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña á LCSP.

-II-

Da modificación dos contratos

A lexislación de contratos das Administracións públicas recoñece ao órgano de contratación, entre outras prerrogativas, a de modificar os contratos por razóns de interese público, dentro dos límites e con subxección aos requisitos e efectos nela sinalados (artigos 203.1 LCSP e 114.1 TRRL con relación ás entidades locais), prerrogativa tamén recoñecida con respecto a este concreto contrato na cláusula 2.5 do PCAP.

O órgano de contratación só poderá modificar os contratos cando así se previra nos pregos ou no anuncio de licitación, ou excepcionalmente, nos casos e cos límites establecidos no artigo 205 (artigo 203.2 LCSP).

É dicir, a Lei impón á Administración, á hora de redactar os pregos, a realización dun exame detallado dos eventuais cambios que puidesen producirse no ámbito do contrato durante a súa duración. Deste xeito, os licitadores poden analízalos con carácter previo á presentación das súas ofertas e telos en conta ao redactalas (artigo 204.1 LCSP). Evítase así conculcar os principios de igualdade, libre competencia, transparencia e publicidade que rexen no ámbito da contratación pública por imperativo das Directivas europeas en materia de contratación e nos artigos 1 e 132 do LCSP.

A Administración, en caso de optar por regular as posibles modificacións do contrato nos pregos, goza dunha ampla marxe de discrecionalidade, pois non está suxeita a límites cuantitativos nin cualitativos, como sucede coas modificacións non previstas no prego. Pola contra, esíxese unha relación detallada e precisa dos seguintes aspectos (artigo 204 LCSP):

- A cláusula de modificación deberá estar formulada de forma clara, precisa e inequívoca.
- No que respecta ao seu contido, a cláusula de modificación deberá precisar co detalle suficiente o seu alcance, límites e natureza; as condicións en que se poderá facer uso dela por referencia a circunstancias cuxa concorrencia se poida verificar de forma obxectiva; e o procedemento que se deba seguir para realizar a modificación.
- A cláusula de modificación establecerá que a modificación non poderá supor o establecemento de novos prezos unitarios non previstos no contrato.
- A modificación non poderá alterar a natureza global do contrato inicial.

Nesta liña, no caso que nos ocupa, o prego prevé a modificación do contrato debido ás seguintes circunstancias (apartado 15.C da FEC):

- *“Que xurdan necesidades de desenvolvementos específicos especialmente complexos, que actualmente non se poden prever, e que precisen unha dedicación adicional tal que se superen as horas anuais estimadas.”*



Concello de Vigo

Sinalando como aspectos a modificar (apartado 15.B da FEC):

- *“Incremento do prezo por incremento do número de horas anuais de prestación do servizo.”*

Establecéndose como límite da modificación o 20% (apartado 15.D da FEC)

A modificación obxecto deste informe vén motivada por que “xurdiron necesidades específicas, especialmente complexas que non se puideron prever, por causa das cales se precisa incrementar o número de horas anuais. Unha das tarefas principais a realizar coa máxima prioridade no ano do contrato era a actualización da versión do CMS, atendendo a criterios de seguridade e funcionalidade. Pero xurdiu a necesidade previa de integrar no CMS os desenvolvementos e engadidos usados para o micrositio da Axenda Urbana (desenvolvido por outro adxudicatario e con cargo a fondos europeos NextGeneration)”.

Informan ao respecto a adxunta á xefatura e o xefe do Servizo de Administración Electrónica, en data 18 de maio de 2023 o seguinte:

“No apartado 15 das FEC contéplase a previsión de modificación do contrato:

A) ESTÁ PREVISTA A MODIFICACIÓN DO CONTRATO: si

B) ASPECTOS A MODIFICAR:

- Incremento do prezo por incremento do número de horas anuais de prestación do servizo*

C) CIRCUNSTANCIAS QUE DETERMINAN A MODIFICACIÓN:

- Que xurdan necesidades de desenvolvementos específicos especialmente complexos, que actualmente non se poden prever, e que precisen unha dedicación adicional tal que se superen as horas anuais estimadas.*

D) LÍMITES DA MODIFICACIÓN: 20% do prezo do contrato

E) ESPECIALIDADES, NO SEU CASO, DO PROCEDIMENTO DE MODIFICACIÓN: non

En paralelo á tramitación deste procedemento, a área de Fomento, mediante un contrato menor de servizos, contratou un ‘Servizo de programación para o desenvolvemento dunha área de traballo na intranet corporativa adicada a publicar información de interese relativa ó piloto para a implementación da Axenda Urbana de Vigo’ (expte. 1285-441), financiado con fondos europeos NExt-Generation. A adxudicación deste contrato, comunicada en data 30-05-2022, foi para Smartworld Telecom SL (B05319124).

2. Xustificación da necesidade

A necesidade desta modificación xustifícase en que xurdiron necesidades específicas, especialmente complexas que non se puideron prever, por causa das cales se precisa incrementar o número de horas anuais.

Unha das tarefas principais a realizar coa máxima prioridade no ano do contrato era a actualización da versión do CMS, atendendo a criterios de seguridade e funcionalidade.

Pero xurdiu a necesidade previa de integrar no CMS os desenvolvementos e engadidos usados para o micrositio da Axenda Urbana (desenvolvido por outro

adxudicatario e con cargo a fondos europeos NextGeneration). Isto supón unha modificación do código interno do xestor (repositorio de xestión de proxectos GitLab) imprescindible, xa que de non realizala perderanse ou quedarán inutilizados eses desenvolvementos ao non estar contemplados nos fluxos de 'despregue' de cambios e modificacións, tanto no servidor de desenvolvemento coma no de produción. Ademais un dos engadidos ten como consecuencia a necesidade de acometer outro traballo adicional que non estaba previsto: habilitar a posibilidade de finalización da sesión de usuario na intranet sen precisar pechar o navegador.

Así, aínda que no contrato menor se creou a estrutura mínima requirida no marco do CMS, tanto esta como a programación a realizar sobre ela, admiten varias solucións posibles. Cada quen ten a súa visión e metodoloxía para acadar a funcionalidade desexada.

Foi durante a execución do contrato actual para o que se solicita a modificación cando se viu que, sen alterar esa estrutura, a actualización da versión do CMS (dados os requisitos técnicos da última versión estable liberada polo fabricante), implicou modificacións especialmente complexas e polo tanto precisouse unha dedicación moito maior da estimada para os traballos previos, consumindo o 20% do contrato inicial e incluso as horas propostas sen custo pola adxudicataria. Eses traballos adicionais eran imprescindibles para a actualización da versión do CMS (xa que requirirá actualizar tamén polo menos a versión da base de datos e a da linguaxe de servidor PHP), a fin de garantir que a zona da AUV non deixe de funcionar unha vez actualizado o sistema completo.

A actualización resultará mais crítica canto mais se aprace, pois a versión instalada quedará pronto en desuso e os requisitos para pasar a outra máis actualizada serán cada vez maiores e máis complexos, polo que precisarán máis tempo de dedicación. Levamos consumidas unhas 320 horas (máis do 60% do contrato) e quedan por executar unhas 184 para unha carga de traballo estimada de 605

Os motivos indicados entran dentro das circunstancias que determinan a modificación, segundo o apartado 15.C) das FEC: necesidades de desenvolvementos específicos especialmente complexos, que actualmente non se poden prever, e que precisen unha dedicación adicional tal que se superen as horas anuais estimadas.

Polas razóns indicadas, estímase que se precisan 100,83 horas de traballos adicionais, que segundo o prezo unitario ofertado polo adxudicatario, supoñen un custo de 4839,84 € (IVE incluído). Este aspecto a modificar está incluído no apartado 15.B) das FEC: Incremento do prezo por incremento do número de horas anuais de prestación do servizo.

Horas	Prezo unitario	Prezo da modificación
100,83	48 €	4839,84 €

Podemos concluír, á vista do citado informe que a modificación proposta:



Concello de Vigo

- Está comprendida nos supostos previstos no PCAP toda vez que obedece “a *necesidades específicas, especialmente complexas que non se puideron prever, por causa das cales se precisa incrementar o número de horas anuais. Unha das tarefas principais a realizar coa máxima prioridade no ano do contrato era a actualización da versión do CMS, atendendo a criterios de seguridade e funcionalidade. Pero xurdiu a necesidade previa de integrar no CMS os desenvolvementos e engadidos usados para o micrositio da Axenda Urbana (desenvolvido por outro adxudicatario e con cargo a fondos europeos NextGeneration)*”.
- Supón un incremento do prezo do contrato de 4.839,84 € euros, que equivale a un 19,99 % do prezo do contrato, atopándose dentro do límite da porcentaxe máxima de modificación, que é do 20 %, segundo o disposto no apartado 15.D da FEC.

Á vista do anterior, a modificación proposta está comprendida nos supostos de modificación previstos no PCAP (aspectos, circunstancias e límites) e na DA 33ª da LCSP.

-III-

Da concorrencia dos requisitos para a modificación do contrato

A potestade de modificación unilateral da Administración ou ius variandi, queda sometida a tres tipos de límites:

- Límites procedimentais: a previa audiencia do contratista (artigo 191.1 LCSP) e informe do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma respectiva, no caso de modificacións non previstas no PCAP cando a súa contía, illada ou conxuntamente, sexa superior a un 20 por cento do prezo primitivo do contrato, cando este sexa igual ou superior a 6.000.000 de euros (artigo 191.3.b LCSP).
- Límites materiais: os contratos administrativos só poderán ser modificados por razóns de interese público, nos casos e na forma previstos na lei, ou no seu caso, no prego.
- Límites económicos: a obriga da Administración de compensar ao contratista pola alteración económica que a modificación lle supoña.

Respecto dos límites procedimentais, é preciso dar audiencia ao contratista, se ben non resulta necesario solicitar informe do Consello Consultivo de Galicia porque se trata dunha modificación prevista no PCAP.

Respecto dos límites materiais, a modificación obedece a unha razón de interese público: o mantemento básico da intranet municipal, mediante soporte do sistema xestor de contidos que a sustenta (Typo3) e adaptacións funcionais sobre o dito sistema.

Respecto dos límites económicos, é preciso compensar ao contratista respecto da alteración económica que esta modificación supón. Tal e como se desprende do citado informe do servizo xestor, a modificación ascende a 4.839,84 euros, que se imputarán á aplicación orzamentaria 9207.2270603 (SERVIZOS E TRABALLOS TÉCNICOS), coa seguinte distribución de anualidades:

Ano	Importe IVE incluído
2023	4.839,84 €
Total	4.839,84 €

Unha vez adoptado o acordo de modificación, este poñerá fin á vía administrativa e será inmediatamente executivo (artigo 114.3 TRRL). A modificación acordada será obrigatoria para o contratista e deberá formalizarse conforme ao disposto no artigo 153 LCSP e publicarse (artigo 203.3 LCSP).

Respecto á publicidade determina o artigo 207.3 que cando se modifique un contrato durante a súa vixencia, con independencia de se este está ou non suxeito a regulación harmonizada e da causa que xustifique a modificación, deberá publicarse en todo caso un anuncio de modificación no perfil de contratante do órgano de contratación no prazo de 5 días desde a súa aprobación, que deberá ir acompañado das alegacións do contratista e de todos os informes que, de ser o caso, se solicitasen con carácter previo á súa aprobación, incluídos aqueles achegados polo adxudicatario ou os emitidos polo propio órgano de contratación.

-IV-

Do reaxuste da garantía definitiva

O artigo 109.3 da LCSP determina que cando, como consecuencia dunha modificación do contrato, experimente variación o seu prezo, deberá reaxustarse a garantía, para que garde a debida proporción co novo prezo modificado. O reaxuste deberá realizarse no prazo de quince días contados desde a data en que se notifique ao empresario o acordo de modificación.

Neste caso, como estamos ante un suposto de modificación con custo económico procede o reaxuste da garantía definitiva depositada polo contratista. Tendo en conta que o apartado 9C do PCAP establece que a garantía esixida será do “5% do orzamento base de licitación excluído o IVE”, o licitador deberá incrementar a garantía depositada en 199,99 euros.



Concello de Vigo

-V-

Do cumprimento dos restantes trámites do procedemento de modificación

Examinada a concorrencia dos requisitos legais esixidos para o exercicio do *ius variandi*, resta cumprimentar os restantes trámites do procedemento para efectuar modificacións nos contratos administrativos que detalla o artigo 102 RLCAP: fiscalización do gasto correspondente e aprobación polo órgano de contratación. Procedemento ao que é preciso engadir os requisitos esixidos para as entidades locais no artigo 114.3 TRRL: previo informe da Secretaría e da Intervención da Corporación. Se ben as referencias á Secretaría, no caso do Concello de Vigo, ao ser un municipio de grande poboación rexido polo Título X da LBRL, hai que entendelas feitas ao titular da Asesoría Xurídica, en virtude do disposto na disposición adicional 2ª da LCSP, que lle atribúe todas as funcións asignadas pola lexislación sobre contratos das Administracións públicas aos secretarios con excepción da formalización dos contratos en documento administrativo.

-VI-

Recursos

Contra este acordo poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses, contado desde o día seguinte ao da notificación deste acordo.

Alternativamente, poderá interpoñerse, con carácter potestativo, recurso especial en materia de contratación ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte ao da notificación deste acordo, de concorrer o suposto previsto no artigo 44.2d da LCSP (“As modificacións baseadas no incumprimento do establecido nos artigos 204 e 205 desta Lei, por entender que a modificación debeu ser obxecto dunha nova adxudicación”).

De non concorrer este suposto, con carácter previo ao recurso contencioso-administrativo, poderá interpoñerse recurso de reposición.

De conformidade co artigo 123.2 da LCSP, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo en tanto non sexa resolto expresamente ou se teña producido a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

-VII-

Competencia

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da intervención municipais (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda da LCSP).

-VIII-
Proposta de resolución

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

“1º.- Modificar o contrato do servizo de soporte e desenvolvementos en typo3 (9825-113), nos termos sinalados neste informe.

2º.- A modificación supón un incremento do importe total do contrato de 4839,84 € euros (IVE incluído), que se aboará con cargo á aplicación orzamentaria 9207.2270603 (SERVIZOS E TRABALLOS TÉCNICOS), coa seguinte distribución de anualidades:

Ano	Importe IVE incluído
2023	4.839,84 €
Total	4.839,84 €

Esta modificación representa un 19,99 % do prezo do contrato. En consecuencia, atópase dentro do límite da porcentaxe máxima de modificación (20%), segundo o disposto no apartado 15.D da FEC.

3º.- Unha vez aprobado o acordo de modificación, o contratista deberá reaxustar a garantía definitiva, no prazo dos quince días seguintes á notificación do acordo e con carácter previo á súa formalización. O reaxuste supón un incremento da garantía de 199,99 euros.

4º.- Notificar este acordo ao interesado e publicar no perfil de contratante.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(401).- MODIFICACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZO DE MANTEMENTO INTEGRAL DOS ELEMENTOS MECÁNICOS INTEMPERIE DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 6887/241.

Visto o informe de fiscalización do 23/05/2023, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola técnica de Administración Xeral, a xefa do servizo de Contratación, a concelleira-delegada de Área e a titular da Asesoría Xurídica, que di o seguinte:



Concello de Vigo

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA)
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto do servizo de mantemento integral dos elementos mecánicos intemperie do Concello de Vigo (Nº 29-441) (PCAP)
- Prego de prescricións técnicas para a contratación por procedemento aberto do servizo de mantemento integral dos elementos mecánicos intemperie do Concello de Vigo (Nº 29-441) (PPT)

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 7 de febreiro de 2019 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente de contratación, autorizar o gasto, e a apertura do procedemento de licitación para a contratación do servizo de mantemento integral dos elementos mecánicos intemperie do Concello de Vigo (29-441).

Segundo.- O 24 de maio de 2019 a Xunta de Goberno local adoptou o seguinte acordo:

“Adxudicar a THYSSENKRUPP ELEVADORES, S.L.U. o procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento integral dos elementos mecánicos ao intemperie do Concello de Vigo (29-441) coas seguintes condicións:

- *O prezo total do contrato é de 155.360,66 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 26.963,42 euros.*
- *Propone un porcentaxe de desconto de 27,1 (%) a aplicar aos prezos unitarios sinalados no apartado 3.G das FEC do PCAP.*

Terceiro.- O contrato formalizouse o 16 de xullo de 2019, por un prazo de 2 anos, iniciándose as prestacións o 1 de setembro de 2019. Contéplanse dúas prórrogas dun ano de duración cada unha.

Cuarto.- O 9 de xullo de 2020 a Xunta de Goberno local acordou modificar este contrato para incorporar o mantemento integral do ascensor sito entre a rúa San Salvador e Praza Isabel a Católica (expte. 6.481-241). A modificación supuxo un incremento do importe total do contrato de 6.615,68 euros (IVE incluído), representando un 4,26% do prezo do contrato. Formalizouse o 8 de setembro de 2020.

Quinto.- Na sesión que tivo lugar o 30 de agosto de 2021 a Xunta de Goberno local aprobou unha prórroga dun ano de duración polo período comprendido desde o 1 de setembro de 2021 ao 31 de agosto de 2022.

Sexto.- En data 10 de decembro de 2021 a XGL acordou a segunda modificación deste contrato para incorporar o ascensor sito na rúa Juan Ramón Jiménez (expediente 6.682-241). A modificación supuxo un incremento do importe total do contrato de 3.557,76 euros (IVE incluído), representando un 2,29% do prezo do contrato. Formalizouse o 29 de decembro de 2021.

Sétimo.- En data 14 de xullo de 2022, a XGL acordou aprobar a segunda prórroga deste contrato, dun ano de duración desde o 1 de setembro de 2022 ata o 31 de agosto de 2023.

Oitavo.- O 23 de setembro de 2022 a Xunta de Goberno local acordou modificar este contrato para incorporar o ascensor sito entre a Praza da Estación e a rúa Urzáiz. (expte. 6.807-241). A modificación supuxo un incremento do importe total do contrato de 4.763,29 euros (IVE incluído), representando un 3,07% do prezo do contrato. Formalizouse o 30 de setembro de 2022.

Noveno.- O 17 e 19 de abril de 2023 a Xefa do Servizo de Electromecánicos e Aforro Enerxético, responsable do contrato, e o técnico de Administración Xeral, coa conformidade do concelleiro delegado de Fomento, solicitan unha nova modificación do contrato para incorporar o mantemento dos elementos mecánicos da obra de "Humanización e Mellora da accesibilidade da rúa Talude", os cales consisten nunhas escaleiras mecánicas na rúa Talude – cun sentido de marcha ascendente dende a rúa Urzaiz.

Décimo.- Con data 19 de maio de 2023 a concelleira delegada de Contratación resolveu iniciar o procedemento para a modificación deste contrato. Esta resolución foi notificada ao contratista o 22 de maio.



Concello de Vigo

Sexto.- Evacuado trámite de audiencia ao contratista, durante o prazo conferido para o efecto, o 22 de maio de 2023, este manifestou a súa conformidade coa modificación proposta (documento nº 230144067).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Lexislación aplicable

Resulta preciso determinar en primeiro lugar, a lexislación aplicable a este contrato. Os contratos réxense, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento no que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP), é dicir:

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña á LCSP.

-II-

Da modificación dos contratos

A lexislación de contratos das Administracións públicas reconece ao órgano de contratación, entre outras prerrogativas, a de modificar os contratos por razóns de interese público, dentro dos límites e con subxección aos requisitos e efectos nela sinalados (artigos 203.1 LCSP e 114.1 TRRL con relación ás entidades locais), prerrogativa tamén reconecida con respecto a este concreto contrato na cláusula 2.5 do PCAP.

O órgano de contratación só poderá modificar os contratos cando así se previra nos pregos ou no anuncio de licitación, ou excepcionalmente, nos casos e cos límites establecidos no artigo 205 (artigo 203.2 LCSP).

É dicir, a Lei impón á Administración, á hora de redactar os pregos, a realización dun exame detallado dos eventuais cambios que puidesen producirse no ámbito do contrato durante a súa duración. Deste xeito, os licitadores poden analízalos con carácter previo á presentación das súas ofertas e telos en conta ao redactalas (artigo 204.1 LCSP). Evítase así conculcar os principios de igualdade, libre

competencia, transparencia e publicidade que rexen no ámbito da contratación pública por imperativo das Directivas europeas en materia de contratación e nos artigos 1 e 132 do LCSP.

A Administración, en caso de optar por regular as posibles modificacións do contrato nos pregos, goza dunha ampla marxe de discrecionalidade, pois non está suxeita a límites cuantitativos nin cualitativos, como sucede coas modificacións non previstas no prego. Pola contra, esíxese unha relación detallada e precisa dos seguintes aspectos (artigo 204 LCSP):

- A cláusula de modificación deberá estar formulada de forma clara, precisa e inequívoca.
- No que respecta ao seu contido, a cláusula de modificación deberá precisar co detalle suficiente o seu alcance, límites e natureza; as condicións en que se poderá facer uso dela por referencia a circunstancias cuxa concorrencia se poida verificar de forma obxectiva; e o procedemento que se deba seguir para realizar a modificación.
- A cláusula de modificación establecerá que a modificación non poderá supor o establecemento de novos prezos unitarios non previstos no contrato.
- A modificación non poderá alterar a natureza global do contrato inicial.

Nesta liña, no caso que nos ocupa, o prego posibilita a modificación do contrato na cláusula 35 cando así se teña especificado no apartado 15.A das FEC. O referido apartado permite a modificación cando concorran as seguintes circunstancias (apartado 15.C da FEC):

- *“Un incremento das necesidades estimadas inicialmente por aumentar os traballos de mantemento e reparación.*
- *Por aumento ou diminución de instalacións ou elementos a manter”.*

Sinalando como aspectos a modificar o *“incremento do número de unidades de prestación de mantemento na contía necesaria para cubrir as necesidades reais”* e establecéndose como límite que a modificación non poderá superar o 20% do prezo de adxudicación do contrato (apartado 15.D da FEC). Non se contemplan especialidades do procedemento de modificación.

A modificación obxecto deste informe vén motivada pola necesidade de incluír neste contrato o mantemento dos elementos mecánicos da obra de *“Humanización e Mellora da accesibilidade da rúa Talude”*, que consisten nunhas escaleiras mecánicas na rúa Talude, cun sentido de marcha ascendente dende a rúa Urzaiz.

Informa ao respecto o servizo xestor con data do 17 e 19 de abril de 2023:

Con data 24 de maio de 2019, en sesión extraordinaria e urxente, a Xunta de Goberno Local adoptou o seguinte acordo:



Concello de Vigo

"Adxudicar a THYSSENKRUPP ELEVADORES, S.L.U. (C.I.F. B46001897) o procedemento aberto para a contratación do **SERVIZO DE MANTEMENTO INTEGRAL DOS ELEMENTOS MECÁNICOS AO INTEMPERIE DO CONCELLO DE VIGO (Expdte. 29/441)**, por un prezo total de 155.360,66 €, sendo a cota correspondente ao IVE de 26.963,42 €..."

Formalizándose o contrato o 16 de xullo de 2019, cun prazo de duración de dous anos, sendo a data de inicio do contrato o 1 de setembro de 2019, contemplándose dúas prórrogas dun ano de duración cada unha.

Con data 08 de setembro de 2020 procédese á modificación do "Contrato de mantemento integral dos elementos mecánicos ao intemperie" co obxecto de incluír o mantemento integral do novo ascensor entre a rúa San Salvador e Praza Isabel a Católica (expte. 6481/241) , acordo da Xunta de Goberno Local de data 9 de xullo de 2020.; a modificación supuxo un incremento do importe total do contrato de 6.615,68 €. (IVE incluído).

En sesión de data 30 de agosto de 2021, a Xunta de Goberno Local acordou aprobar a prórroga dun ano de duración do devandito contrato polo período comprendido desde o 01 de setembro de 2021 ata o 31 de agosto de 2022.

Con data 29 de decembro de 2021 procedeuse á segunda modificación do "Contrato de mantemento integral dos elementos mecánicos ao intemperie" que implica a incorporación do ascensor sito na rúa Juan Ramón Jiménez (expte. 6682/241), acordo da Xunta de Goberno Local de data 10 de decembro de 2021., modificación que supuxo un incremento do importe total do contrato de 3.557,76 euros (IVE incluído).

Con data 14 de xullo de 2022, a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria, acordou aprobar a segunda prórroga dun ano de duración do devandito contrato, polo período comprendido dende o 01 de setembro de 2022 ata o 31 de agosto de 2023.

En data 23 de setembro de 2022 a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria aproba a terceira modificación do contrato para incorporar o mantemento do ascenso sito entre a Praza da Estación e a rúa Urzaiz. O que supón un incremento de 4.763,29 €.

Por outra banda, según dilixencia recibida en data 14/04/2023, está previsto poñer en funcionamento na 2ª quincena de xuño, os elementos mecánicos da obra de "Humanización e Mellora da accesibilidade da rúa Talude", os cales consisten nunhas escaleiras mecánicas na rúa Talude – cun sentido de marcha ascendente dende a rúa Urzaiz.

O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares do contrato de mantemento integral dos elementos mecánicos ao intemperie do Concello, aprobado pola Xunta de Goberno Local o 7 de febreiro de 2019, establece expresamente na Cláusula 35 que o contrato poderá ser obxecto de modificación se así se ten especificado no apartado 15.A da FEC.

O referido apartado 15.A das FEC establece nos aspectos a modificar o incremento de número de unidades de prestación de mantemento na contía necesaria para cubrir as necesidades reais. As circunstancias que determinan a modificación no apartado C inclúe o aumento ou diminución de instalacións ou elementos a manter.

Tendo en conta a necesidade de incluír o mantemento destas escaleiras mecánicas considérase conveniente, pola técnica que subscribe, a modificación do "Contrato de mantemento integral dos elementos mecánicos ao intemperie" co obxecto de incluír o mantemento integral das novas escaleiras mecánicas da rúa Talude.

Considerando que os prezos contemplados no Prego de Prescricións Técnicas

Particulares por elementos mecánicos similares, e a oferta presentada pola empresa adxudicataria a aplicar aos prezos unitarios indicados no apartado 3.G das FEC, que se corresponde cun desconto sobre os prezos unitarios do 27,10 %, ascendería a 364,50 €/mes (sen IVE), e que o período da modificación comprenderá ata a data fin da segunda prórroga aprobada do contrato, estimada para o 31 de agosto de 2023, valórase a modificación, con cargo a aplicación orzamentaria 1532.227.99.00, en :

- *Ano 2023- período comprendido entre o 16 de xuño de 2023 e 31 de agosto de 2023: 1.102,63 euros (IVE engadido).*

En caso de comezar nunha data posterior a estimada calcularanse os días efectivos de prestación do servizo.

Podemos concluír, á vista do citado informe que a modificación proposta:

- Está comprendida nos supostos previstos no PCAP toda vez que, debido ao aumento de instalacións ou elementos a manter, resulta necesario incrementar o número de unidades de prestación de mantemento na contía necesaria para cubrir as necesidades reais (apartados 15.B e 15.C da FEC).
- Supón un incremento do prezo do contrato de 1.102,63 euros, que equivale a un 4,09%. Esta porcentaxe, xunto coas tres modificacións anteriores, representa un 13,71% do prezo do contrato, atopándose dentro do límite da porcentaxe máxima de modificación, que é do 20%, segundo o disposto no apartado 15.D da FEC.

Á vista do anterior, a modificación proposta está comprendida nos supostos de modificación previstos no PCAP (aspectos, circunstancias e límites).

-III-

Da concorrencia dos requisitos para a modificación do contrato

A potestade de modificación unilateral da Administración ou ius variandi, queda sometida a tres tipos de límites:

- Límites procedimentais: a previa audiencia do contratista (artigo 191.1 LCSP) e informe do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma respectiva, no caso de modificacións non previstas no PCAP cando a súa contía, illada ou conxuntamente, sexa superior a un 20 por cento do prezo primitivo do contrato, cando este sexa igual ou superior a 6.000.000 de euros (artigo 191.3.b LCSP).
- Límites materiais: os contratos administrativos só poderán ser modificados por razóns de interese público, nos casos e na forma previstos na lei, ou no seu caso, no prego.



Concello de Vigo

- Límites económicos: a obriga da Administración de compensar ao contratista pola alteración económica que a modificación lle supoña.

Respecto dos límites procedimentais, é preciso dar audiencia ao contratista, se ben non resulta necesario solicitar informe do Consello Consultivo de Galicia por canto o prezo primitivo do contrato é inferior a 6.000.000 euros e a modificación está prevista no PCAP. Consta no expediente conformidade do contratista coa modificación proposta de data 22 de maio de 2023.

Respecto dos límites materiais, a modificación obedece a unha razón de interese público: manter en adecuadas condicións os elementos mecánicos ao intemperie do Concello de Vigo en base ás competencias propias previstas no artigo 25.2.d da Lei 7/1985 Reguladoras das bases de Réxime Local, na redacción dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.

Respecto dos límites económicos, é preciso compensar ao contratista respecto da alteración económica que esta modificación supón. Tal e como se desprende do citado informe do servizo xestor, a modificación ascende a 1.102,63 euros, que se imputarán á aplicación orzamentaria 1532.227.99.00, coa seguinte distribución de anualidades:

- Ano 2023 (16 de xuño a 31 de agosto): 1.102,63 euros (IVE incluído).

Unha vez adoptado o acordo de modificación, este poñerá fin á vía administrativa e será inmediatamente executivo (artigo 114.3 TRRL). A modificación acordada será obrigatoria para o contratista e deberá formalizarse conforme ao disposto no artigo 153 LCSP e publicarse (artigo 203.3 LCSP).

Respecto á publicidade determina o artigo 207.3 que os órganos de contratación que tiveran modificado un contrato que estea suxeito a regulación harmonizada, a excepción dos contratos de servizos e de concesión de servizos enumerados no anexo IV, nos casos previstos nas letras a) e b) do apartado 2 do artigo 205 deberán publicar no Diario Oficial da Unión Europea (DOUE) o correspondente anuncio de modificación. Dado que o suposto de modificación se corresponde cun contrato de servizos e non está dentro dos previstos nas letras a) e b) do apartado 2 do artigo 205, non é necesaria a súa publicación no DOUE.

No entanto, on independencia de se este está ou non suxeito a regulación harmonizada e da causa que xustifique a modificación, deberá publicarse en todo caso un anuncio de modificación no perfil de contratante do órgano de contratación no prazo de 5 días desde a súa aprobación, que deberá ir acompañado das alegacións do contratista e de todos os informes que, de ser o caso, se solicitasen con carácter previo á súa aprobación, incluídos aqueles achegados polo adxudicatario ou os emitidos polo propio órgano de contratación.

-IV-

Do reaxuste da garantía definitiva

O artigo 109.3 da LCSP determina que cando, como consecuencia dunha modificación do contrato, experimente variación o seu prezo, deberá reaxustarse a garantía, para que garde a debida proporción co novo prezo modificado. O reaxuste deberá realizarse no prazo de quince días contados desde a data en que se notifique ao empresario o acordo de modificación.

Neste caso, como estamos ante un suposto de modificación con custo económico procede o reaxuste da garantía definitiva depositada polo contratista. Tendo en conta que o apartado 9C do PCAP establece que a garantía esixida será do “5% do prezo de adxudicación do contrato excluído o IVE”, o licitador deberá incrementar a garantía depositada en 45,56 euros.

-V-

Do cumprimento dos restantes trámites do procedemento de modificación

Examinada a concorrencia dos requisitos legais esixidos para o exercicio do *ius variandi*, resta cumprimentar os restantes trámites do procedemento para efectuar modificacións nos contratos administrativos que detalla o artigo 102 RLCAP: fiscalización do gasto correspondente e aprobación polo órgano de contratación. Procedemento ao que é preciso engadir os requisitos esixidos para as entidades locais no artigo 114.3 TRRL: previo informe da Secretaría e da Intervención da Corporación. Se ben as referencias á Secretaría, no caso do Concello de Vigo, ao ser un municipio de grande poboación rexido polo Título X da LBRL, hai que entendelas feitas ao titular da Asesoría Xurídica, en virtude do disposto na disposición adicional 2ª da LCSP, que lle atribúe todas as funcións asignadas pola lexislación sobre contratos das Administracións públicas aos secretarios con excepción da formalización dos contratos en documento administrativo.

-VI-

Recursos

Contra este acordo poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses, contado desde o día seguinte ao da notificación deste acordo.

Alternativamente, poderá interpoñerse, con carácter potestativo, recurso especial en materia de contratación ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte ao da notificación deste acordo, de concorrer o suposto previsto no artigo 44.2d da LCSP (“As modificacións baseadas no incumprimento do establecido nos



Concello de Vigo

artigos 204 e 205 desta Lei, por entender que a modificación debeu ser obxecto dunha nova adxudicación”).

-VII-

Competencia

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da intervención municipais (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda da LCSP).

-VIII-

Proposta de resolución

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

“1º.- Modificar o contrato de servizo de mantemento integral dos elementos mecánicos intemperie do concello de Vigo (expediente 29-441), nos termos sinalados neste informe.

2º.- A modificación supón un incremento do importe total do contrato de 1.102,63 euros (IVE incluído), que se aboará con cargo á aplicación orzamentaria 1532.227.99.00, coa seguinte distribución de anualidades:

Ano	Importe IVE incluído
2023 (16 de xuño a 31 de agosto)	1.102,63 euros

Esta modificación representa un 4,09% do prezo do contrato, sendo a porcentaxe de modificación total do 13,71% (dentro do límite da porcentaxe máxima de modificación do 20% prevista no apartado 15.D do Anexo I -FEC-do PCAP).

3º.- Unha vez aprobado o acordo de modificación, o contratista deberá reaxustar a garantía definitiva, no prazo dos quince días seguintes á notificación do acordo e con carácter previo á súa formalización. O reaxuste supón un incremento da garantía de 45,56 euros.

4º.- Notificar este acordo ao interesado e publicar no perfil de contratante, así como no Diario Oficial da Unión Europea”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(402).- DECLARACIÓN DE DESERTO DO LOTE 4 “SERVIZO DE CATERING” DO PROCEDEMENTO ABERTO DO SERVIZO DE PRODUCCIÓN TÉCNICA SOPORTE DE ESPECTÁCULOS DE PEQUENO FORMATO, CONCERTOS NO AUDITORIO DE CASTRELOS, ORGANIZACIÓN DO SISTEMA DE ENTRADAS E CATERING PARA EVENTOS DO PROGRAMA “VIGO EN FESTAS”. EXPTE. 9660/335.

Dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada con data 24/05/2023, que di o seguinte:

2.- Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos (DECLARACIÓN DESERTO)

d) Procedemento aberto do servizo de produción técnica soporte de espectáculos de pequeno formato, concertos no Auditorio de Castrelos, organización do sistema de entradas e catering para eventos do programa “Vigo en festas” (9.660-335)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares do procedemento aberto do servizo de produción técnica soporte de espectáculos de pequeno formato, concertos no Auditorio de Castrelos, organización do sistema de entradas e catering para eventos do programa “Vigo en festas” (9.660-335)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 5 de maio de 2023 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto, do servizo de produción técnica soporte de espectáculos de pequeno formato, concertos no



Concello de Vigo

Auditorio de Castrelos, organización do sistema de entradas e catering para eventos do programa “Vigo en festas” (9.660-335).

Segundo.- O día 5 de maio de 2023 publicouse anuncio no perfil de contratante aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público, rematando o prazo para a presentación das proposicións o 22 de maio.

Terceiro.- Segundo consta no listado de licitadores da Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral de data 24 de maio de 2023, non se presentou ningunha proposición para o lote 4 “Servizo de catering”.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A Mesa de Contratación é competente para propoñer deserta a licitación, ao abeiro do previsto no artigo 22.1g do Real Decreto 817/2009, no que se regulan as funcións das Mesas de Contratación.

Dado que non se presentou ningunha proposición para o lote 4 “Servizo de catering”, tal e como consta no listado de licitadores da Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral de data 24 de maio de 2023, cómpre declarar deserto este lote.

Á vista do exposto, propónse a Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional segunda da LCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Declarar deserto o lote 4 “Servizo de catering” do procedemento aberto do servizo de produción técnica soporte de espectáculos de pequeno formato, concertos no Auditorio de Castrelos, organización do sistema de entradas e catering para eventos do programa “Vigo en festas” (9.660-335) por non terse presentado ningunha proposición”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(403).- PROPOSTA DESESTIMATORIA DE SOLICITUDE DE REEQUILIBRIO DO CONTRATO DE SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF) DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 197921/301.

Visto o informe de fiscalización do 25/05/2023, dáse conta do informe-proposta de data 19/05/2023, asinado pola xefa do servizo de Contratación, a concelleira-delegada Área e a titular da Asesoría Xurídica, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP).
- Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño, texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas (LCAP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA).
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o contrato de servizo de axuda no fogar (SAF) do concello de Vigo (PCAP)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

ANTECEDENTES

O 22 de marzo de 2023 D. Agustín Lopesino Sousa, en nome e representación de SERVISAR SERVICIOS SOCIALES, S.L.U. (en adiante "SERVISAR") presenta escrito no Rexistro Xeral deste Concello (código de solicitude W883270-6255), no que tras expoñer a imposibilidade da execución do contrato por mor do incremento dos custes por causas alleas ao contratista e por circunstancias imprevisibles. En consecuencia, solicita ou ben o reequilibrio do contrato ou ben a súa resolución de mutuo acordo. Con carácter previo ao seu estudo, analizaremos os antecedentes deste contrato:

Primeiro.- En data 2 de xullo de 2020, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo (en diante XGL), aprobou o expediente de contratación, por procedemento aberto do servizo de axuda no fogar, así como a autorización do correspondente gasto e a apertura do procedemento de licitación.

Segundo.- En data 24 de setembro de 2020, a Xunta de Goberno Local adoptou o seguinte acordo:

"Adxudicar a SERVISAR SERVICIOS SOCIALES, S.L.U. (CIF B-48.758.890) o procedemento aberto para a contratación do servizo de axuda no fogar (197.921-301) coas seguintes condicións:



Concello de Vigo

- a) *O prezo total do contrato é de 23.189.492,97 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 891.903,57 euros e cunha porcentaxe única de redución do prezo unitario recollido no apartado 3.G do Anexo I -FEC- do PCAP do 7,20%.*
- b) *Comprométese a adscribir ao contrato 4 axudantes de coordinación coa titulación esixida no apartado 7B do citado Anexo I.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

O contrato formalizouse o 30 de novembro de 2020 e comezou a súa execución o día 1 de decembro por un prazo de 3 anos e con 2 posibles prórrogas dun ano de duración cada unha.

Terceiro.- En data 27 de marzo de 2023, o xefe da área de Benestar Social e o asesor xurídico axunto a área, informan sobre a solicitude de reequilibrio.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Natureza do contrato e lexislación aplicable

É preciso comezar por determinar a lexislación aplicable ao presente contrato. Os contratos se rexen en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda do Código Civil). En consecuencia, o presente contrato se rexe polas seguintes disposicións:

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais.

-II-

Da ruptura do equilibrio económico do contrato segundo o contratista

SERVISAR, no seu escrito, xustifica a ruptura do equilibrio económico do contrato, nas seguintes circunstancias:

“Como conoce esa Administración, la situación actual de la economía y, en particular, los efectos perjudiciales que el proceso inflacionista en el que nos encontramos está generando en el sector, que no era previsible en el momento de formalizarse el contrato, produce una desproporción exorbitante entre las prestaciones asumidas por las partes.

Esta situación se explica como el resultado acumulativo de un conjunto de circunstancias que en primer lugar tenemos que referirnos como es la del COVID, con un impacto de sus diferentes olas a lo largo de los años 2021 y principios del año 2022. En segundo lugar, y fruto del proceso anterior, la recuperación progresiva de la actividad económica mundial que tras la superación de la crisis sanitaria, que trajo consigo una evidente ralentización de las inversiones en todos los sectores económicos. Una vez iniciado el fenómeno de recuperación económica mundial, reforzado en el ámbito europeo por la articulación y despliegue de los fondos Next Generation UE, tuvo lugar un fuerte desequilibrio de la oferta y la demanda a consecuencia de una recuperación global más rápida de lo esperado que no ha sido acompañada con los mismos niveles de producción, afectando a todas las cadenas de valor y de suministro globales, y con especial impacto desde la segunda mitad del año 2021.

A la situación anterior se han sumado en los últimos meses las importantes consecuencias derivadas de la invasión de Ucrania por parte de Rusia. Este conflicto, que supone una profunda crisis social y humanitaria a nivel europeo, tiene también una importante dimensión en términos económicos que está llevando al límite la capacidad de resiliencia de los países europeos. En este sentido, es conocido el elevado grado de dependencia europea de los combustibles fósiles importados de Rusia, en especial la de los países centroeuropeos con respecto al abastecimiento de gas natural. Mismas circunstancias han acrecentado el incremento del coste de la energía eléctrica.

Como resultado de lo anterior, el IPC se ha visto muy afectado registrando el incremento más fuerte interanual que se produce en este índice desde 1986. El incremento del IPC que resultó en 2021 Y 2022, y las previsiones de incremento del IPC final resultante para el año 2023 y siguientes son muy elevadas. Estos incrementos del IPC se trasladan a los costes salariales que producen un desequilibrio decisivo y produce la inviabilidad del contrato. El convenio colectivo de aplicación establece una cláusula de revisión salarial automática de acuerdo con el IPC del año anterior independientemente de la evolución del PIB. Esto se traduce en una actualización perpetua de los salarios de acuerdo con el IPC a lo largo de los años. A efectos prácticos esto supone que en un periodo de dos años los costes salariales se vean incrementados en un 12,2%, 6,5% para el año 2022 y 5,7% para el año 2023 respectivamente, con motivo de la evolución del IPC, algo fuera de toda premisa plausible en el momento de la licitación del contrato.

Por tanto, todo ello ha ocasionado un alza sobrevenida de los costes laborales muy relevantes, siendo la partida más representativa de los costes del Servicio. El incremento de los costes no sólo absorbe el margen previsto en el momento de realizar la oferta para el presente contrato, sino que ha



Concello de Vigo

ocasionado que mi representada esté incurriendo en graves pérdidas económicas, como consecuencia de una alteración sobrevenida, extraordinaria, imprevisible e inimputable de las circunstancias existentes al tiempo de formulación de la oferta. Así mismo, la estimación de pérdidas para el año 2023, 2024 y 2025 (hasta el 30 de noviembre de 2025), son muy elevadas.

En particular, el impacto estimado que tiene la situación actual de la economía anteriormente descrita sobre el "SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF) DO CONCELLO DE VIGO (197.921-301)", arrojaría un resultado de pérdidas hasta la finalización del contrato en el ejercicio 2.023 por importe de 508.776,35 €. Así mismo, la primera prórroga desde el 1 de diciembre de 2023 hasta 30 de noviembre de 2024, arrojaría unas pérdidas de 1.096.734,60 €. Para la segunda prórroga, desde el 1 de diciembre de 2024 hasta el 30 de noviembre de 2025, las pérdidas estimadas son de 1.410.717,55 €, tomando como referencia la estimación de FUNCAS del IPC de 2023, que afectaría a los costes de 2024 en el 5,2% y haciendo una estimación del 3% para el IPC de 2024 que afectaría a los costes de 2025.

Según resulta del análisis anterior, la estimación de pérdidas considerando todo el año 2023 hasta el 30 de noviembre del año 2025 ascendería a la cifra de 3.016.228,50 €, lo cual supone sin ningún género de dudas la quiebra total y absoluta del contrato.

La situación actual de la economía debido a las causas anteriormente descritas, así como la repercusión que tiene en particular sobre el contrato de Servicio "SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF) DO CONCELLO DE VIGO (197.921-301)", y que produce la quiebra del equilibrio económico del mismo, es la materialización de un riesgo absolutamente imprevisible y extraordinario que en ningún caso puede considerarse como un riesgo inherente a la actividad empresarial. Si a esto sumamos el incremento del coste de la Seguridad Social empresarial para el año 2023 y siguientes del 0,5%, refuerza aún más la total inviabilidad del contrato por causas que no estaban previstas en la licitación.

Este carácter de "imprevisible" (y excepcional) no es sólo una alegación de mi representada, sino que forma parte del consenso en todos los ámbitos (legales, económicos, sociales, político, Gobierno). Aún más, la situación es de tal envergadura que, tanto a nivel Estatal, como algunas Comunidades Autónomas, han adoptado medidas excepcionales en materia de revisión de precios en los contratos públicos u orientadas a la contención del precio de las materias primas."

E cita en apoio da súa tese o Real Decreto-lei 3/2022, de 1 de marzo, de medidas para a mellora da sostibilidade do transporte de mercancías por carreteira e do funcionamento da cadea loxística, que establece medidas excepcionais de revisión de prezos nos contratos de obras; o Acordo do Consejo de Gobierno de Illes Balears de 30 de marzo de 2022, que adopta medidas de carácter extraordinario en materia de contratación e un acordo plenario do Concello de Fene de modificación dun contrato con idéntico obxecto ao que nos ocupa.

-III-

Do reequilibrio dos contratos

O contratista, como temos dito, solicita o reequilibrio do contrato. É un principio tradicional na nosa lexislación de contratos que a execución do contrato se realizará a risco e ventura do contratista. Este principio é consecuente coa configuración da obriga do contratista como unha obriga de resultado. O principio de risco e ventura (artigo 197 LCSP) non ten máis excepcións que os supostos de forza maior recollidos no artigo 239 LCSP para o contrato de obras, e as concesións de obras e de servizos, para as que a lei regula o reequilibrio do contrato (artigos 270.3 e 290.5 LCSP).

Segundo a doutrina xurisprudencial o risco e ventura do contratista ofrecen na linguaxe xurídica e gramatical a configuración da expresión "risco", como continxencia ou proximidade dun dano, e "ventura", como palabra que expresa que unha cousa exponse á continencia de que suceda un mal ou un ben, de todo o cal infírese que é principio xeral na contratación administrativa, que o contratista, ao contratar coa Administración, asume o risco derivado das continxencias que se definen na Lei de Contratos, e baséase na consideración de que a obriga do contratista é unha obriga de resultados, contraposta á configuración da obriga de actividade ou medial (por todas sentenza do TS de 14 de maio de 2001). Neste senso sinala a sentenza da Audiencia Nacional, Sala do Contencioso-administrativo, Sección 8ª, de 31 de outubro de 2006 que "(...) *ello implica que si por circunstancias sobrevenidas se incrementan los beneficios del contratista derivados del contrato de obra sobre aquellos inicialmente calculados, la Administración no podrá reducir el precio, mientras que si las circunstancias sobrevenidas disminuyen el beneficio calculado o incluso producen pérdidas serán de cuenta del contratista sin que éste pueda exigir un incremento del precio o una indemnización. Sin embargo la Ley establece que este principio de riesgo y ventura tiene como excepción los supuestos de fuerza mayor*".

No entanto, esta postura foi modulándose e na actualidade podemos falar dunha consolidada doutrina xurisprudencial e dos órganos consultivos en materia de contratación, que matiza a aplicación do principio de risco e ventura. A describe o Dictame do Consejo Consultivo de Aragón nº 52/2013, de 30 de abril de 2013, ao dicir que "por vía jurisprudencial se haya introducido la doctrina sobre la *equivalencia de las prestaciones fundamentada, de una parte, en el principio de buena fe (art 7 CC, art. 1258 CC) y en la prohibición de que el cumplimiento del contrato quede abandonado al arbitrio de una de las partes contratantes (art. 1256 CC) y, de otra parte, en la "Cláusula Rebus Sic Stantibus" (mientras las circunstancias permanezcan), como un instrumento para intentar paliar las consecuencias derivadas del desequilibrio patrimonial producido por la alteración de las circunstancias contractuales, entendiéndose que todo contrato, fundamentalmente los de larga duración, aun cuando no se diga expresamente, contiene una cláusula oculta, que en definitiva establece que las obligaciones derivadas de ese contrato son válidas y vinculan a las partes, solo en tanto se mantengan las circunstancias iniciales en que se sustentó el contrato (contractus qui habent tractum succesivum vel depend entiam de futuro rebus sic stantibus intelligitur)*". Nesta liña ten dito o TS que manter o equilibrio económico "es además una exigencia de lealtad y buena fe que debe inspirar con especial intensidad las relaciones de colaboración entre la administración y el concesionario" (sentenza de 2 de decembro de 1988).

No mesmo senso, a STS de 15 de febreiro de 2012 di que "el principio de riesgo y ventura, a que ha de someterse el contratista ex art. 98 de la LCAP, ha de cohonestarse con la necesidad de mantener el equilibrio financiero de la concesión



Concello de Vigo

otorgada. En efecto, todo contrato genera unos derechos y obligaciones por las partes que lo conciertan de forma que esos efectos han de permanecer invariables e inalterables conforme a lo dispuesto en los artículos 1254 y siguientes del Código Civil. Ahora bien, cuando se concierta un contrato de ejecución de obra y el contratista se obliga a la ejecución de los trabajos bajo el principio de riesgo y ventura, esa inalterabilidad de los efectos derivados del contrato, presenta como excepción el supuesto o existencia de fuerza mayor. Y así lo contemplaba el artículo 144 del Real Decreto Legislativo 2/2000 aplicable al supuesto de autos more tēporis y el vigente artículo 214 de la ley 30/2007 reguladora de la Ley de Contratos del Sector Público. En definitiva, la concertación de un contrato bajo el principio de riesgo y ventura supone la asunción de la obligación por parte del contratista de los riesgos y posibilidad de pérdida, salvo ante el supuesto de existencia de fuerza mayor. Ahora bien, el principio de riesgo y ventura tiene también sus límites, derivados del principio de mantenimiento de equilibrio económico-financiero, y esos límites surgen cuando en el supuesto en concreto surge un riesgo anormal o desmesurado no causado por el contratista y que no puede ser indemnizado por los mecanismos propios de compensación previstos en el contrato concertado. Dicho de otra forma, cuando por causa de modificaciones introducidas por la Administración que incrementan el coste de la obra, o cuando se producen situaciones sobrevenidas que rompen la proporcionalidad de la relación ingresos-costes, es cuando, si no existen mecanismos de compensación ya previstos en el contrato, debe procederse a la restitución del equilibrio económico financiero de aquel, para garantizar la Administración la indemnidad del contratista ante esa situación. La regulación del equilibrio económico financiero se contempla en el artículo 248 del RD Legislativo 2/2000 y deberá tenerse en cuenta el interés general y el del concesionario conforme a lo señalado en dicho artículo”.

O a Junta Consultiva de Contratación Administrativa del Estado, no seu Informe nº 38/2020, de 30 decembro, ao dicir que *“en nuestro ordenamiento jurídico ha sido tradicional establecer unas excepciones tasadas a esa aleatoriedad de los contratos públicos, consistentes en reequilibrar la ecuación financiera del contrato únicamente cuando se ha producido una ruptura de la misma por causas imputables a la Administración (ius variandi o factum principis), o por hechos que exceden de la normal “alea” del contrato por ser reconducibles a los conceptos de fuerza mayor o riesgo imprevisible”.*

De acordo con esta xurisprudencia e doutrina consultiva, o principio de risco e ventura cedería en caso de risco imprevisible ou de factum principis.

No entanto, pode observarse do exposto, que en principio non cabe o reequilibrio dos contratos, salvo nos casos mencionados, entre os que non se atopa o que nos ocupa, que é un contrato de servizos no que se solicita o reequilibrio por mor do incremento dos custes polo incremento dos salarios dos traballadores que prestan o mesmo. Precisamente, nun caso similar, a solicitude dun reequilibrio pola mesma causa dunha concesión de servizos, contrato para o que si o admite a vixente lei de contratos, o Tribunal Superior de Xustiza de Castilla-La Mancha, que o deniega, sistematiza a doutrina do Tribunal Supremo sobre o reequilibrio (Sentenza 00023/2023 de 30.01.2023, fundamento de dereito segundo):

“Sobre la Jurisprudencia de aplicación

Esta misma Sala y Sección ya tuvo ocasión de pronunciarse, en sentencia de 23 de septiembre de 2019 (Recu.Apela. 66/2018), acerca de una pretensión que guarda analogía con la argumentación jurídica en base a la cual la empresa concesionaria del servicio de guardería pretende el restablecimiento económico de la concesión. Ya en aquella sentencia tuvimos ocasión de acudir al pronunciamiento del Tribunal Supremo, de 28 de enero de 2015 (Recurso Casación 449/2012 (ROJ STS 956/2015), de indudable aplicación al supuesto de autos, y de hecho la cita la defensa de la GUARDERÍAS CUENCA SL en su escrito de oposición, precisamente porque entiende avala su posición.

Así, el Tribunal Supremo viene a fijar en dicha sentencia las siguientes consideraciones :

"La primera es que el principio de la eficacia vinculante del contrato y de la invariabilidad de sus cláusulas es la norma general que rige en nuestro ordenamiento jurídico tanto para la contratación privada como para la contratación administrativa. En cuanto a la primera debe mencionarse el artículo 1091 del Código civil , y sobre la segunda estas otras normas de la sucesiva legislación de contratos administrativos más reciente: el artículo 94 del TR/LCAP de 16 de junio de 2000 , y los artículos 208 y 209 del TR/LCSP de 14 de noviembre de 2011.

La segunda es que la contratación administrativa se caracteriza también por llevar inherente un elemento de aleatoriedad de los resultados económicos del contrato, al estar expresamente proclamado por la ley el principio de riesgo y ventura del contratista (artículos 98 del TR/LCAP de 2000 y 215, 231 y 242 del TR/LCSP de 2011). Un elemento de aleatoriedad que significa que la frustración de las expectativas económicas que el contratista tuvo en consideración para consentir el contrato no le libera de cumplir lo estrictamente pactado ni, consiguientemente, le faculta para apartarse del vínculo contractual o para reclamar su modificación.

La tercera es que en nuestro ordenamiento jurídico ha sido tradicional establecer unas tasadas excepciones a esa aleatoriedad de los contratos administrativos, consistentes en reequilibrar la ecuación financiera del contrato únicamente cuando se ha producido una ruptura de la misma por causas imputables a la Administración ("ius variandi" o "factum principis"), o por hechos que se consideran "extra muros" del normal "alea" del contrato por ser reconducibles a los conceptos de fuerza mayor o riesgo imprevisible. Lo cual significa que no toda alteración del equilibrio de las prestaciones del contrato da derecho al contratista a reclamar medidas dirigidas a restablecer la inicial ecuación financiera del vínculo, sino únicamente aquellas que sean reconducibles a esos

tasados supuestos de "ius variandi", "factum principis", y fuerza mayor o riesgo imprevisible. Esa regulación tasada de los supuestos excepcionales de restablecimiento del equilibrio económico del contrato ha estado presente en esa sucesiva legislación de contratos públicos que antes se ha mencionado (...).

Finalmente, la cuarta y última consideración es que, más allá de los supuestos tasados en la regulación general de la contratación pública, el reequilibrio sólo



Concello de Vigo

procederá cuando lo haya previsto el propio contrato y cuando una ley especial regule hipótesis específicas de alteración de la economía inicial del contrato y establezca medidas singulares para restablecerla. "La misma doctrina la podemos encontrar recogida en sentencias posteriores, como la sentencia el Tribunal Supremo, fechada el día 16 de julio de 2019 (Rec. Casa. 308/2016)."

Ademais, é preciso ter en conta con relación ao presente contrato, que o prego de cláusulas administrativas particulares, ao que se someteu o contratista ao presentarse á licitación (artigo 139.1 LCSP), determina na súa cláusula 29.3 que: *"O adxudicatario asume de forma directa e non trasladable á Administración contratante o custo de calquera mellora nas condicións de traballo e/ou nas súas retribucións, xa sexa como consecuencia de convenios colectivos, pactos ou acordo de calquera índole; de xeito que, en ningún caso, poderá repercutir ditas modificacións sobre o importe a facturar polo servizo".*

Informa ao respecto o servizo xestor o seguinte:

"II.1. O contratista, «Servisar Servicios Sociales SLU», manifesta no seu escrito de data 22.03.2023 a súa oposición expresa á continuación da execución do contrato (coas dúas prórrogas previstas) de non mediar o reequilibrio económico que postula, solicitando en caso contrario, subsidiariamente, a resolución do mesmo "por imposibilidade de execución en las condiciones actuales". Inclúe unha serie de cadros coas súas estimacións de perdas para o que resta do contrato en vigor, ata o 30.11.2023 (-508.776,35€) e para os dous anos de prórroga previstos: 01.12.2023 - 30.11.2024 (-1.096.734,60€) e 01.12.2024 - 30.11.2025 (-1.410.717,55€).

II.2. Sen prexuízo dos informes que deban emitir o Servizo de Contratación e a titular da Asesoría xurídica municipal (Disp. Adic. 3ª. 8 LCSP) e do pronunciamento que polo órgano de contratación (XGL) se adopte en relación con aqueles pedimentos do contratista, o Servizo de Benestar Social considera, en síntese, que o actual contrato de SAF debe seguir executándose nas mesmas condicións acordadas e que o reequilibrio económico que pretende o contratista, de proceder, debería abeirarse nunha lei especial, como se fixo polo lexislador estatal para os contratos de obras mediante a aprobación do RDL.3/2022, do 1 de marzo de 2022. As razóns que conducen a estas conclusións son as seguintes:

- 1) O principio da eficacia vinculante do contrato e da invariabilidade das súas cláusulas é a norma xeral que rexe no noso ordenamento xurídico, tanto para a contratación privada como para a contratación administrativa pública. Asinado o contrato, aplícase o principio clásico "pacta sunt servanda" conforme ó que as obrigas que nacen dos contratos teñen forza de lei entre as partes contratantes e deben cumprirse a teor das súas cláusulas, sen prexuízo das prerrogativas establecidas pola lexislación en favor das Administracións Públicas (Arts. 1091 e 1258 CC e Art. 189 LCSP).*
- 2) As dúas prórrogas anuais do contrato do SAF asinado entre o Concello de Vigo e a mercantil «Servisar Servicios Sociales SLU» o 30.11.2020*

son obligatorias para o contratista, tal como se recolle no PCAP (cláusula 7 e Apdo. 4.c] FEC) e no propio contrato (cláusula 4), do que forman parte os Pregos de contratación, ós que o contratista prestou expresa aceptación e que constitúen a lei do contrato.

- 3) *Os únicos requisitos esixidos para o efecto son a adopción de acordo expreso por parte da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo (órgano de contratación) e a súa notificación ó contratista, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do seu prazo de duración (cláusula 7 PCAP).*
- 4) *A teor da cláusula 29.3 do PCAP deste contrato: “O adxudicatario asume de forma directa e non trasladable á Administración contratante o custo de calquera mellora nas condicións de traballo e/ou nas súas retribucións, xa sexa como consecuencia de convenios colectivos, pactos ou acordo de calquera índole; de xeito que, en ningún caso, poderá repercutir ditas modificacións sobre o importe a facturar polo servizo”.*
- 5) *Conforme co Art. 197 da LCSP e a cláusula 27.3 do PCAP, este contrato ten que executarse “a riesgo y ventura” do contratista, o que implica que este deba asumir os riscos a que estea exposto o desenvolvemento do contrato e que repercuten no beneficio económico que agarda obter.*

A doutrina do Tribunal Supremo é moi clara ó respecto: a contratación administrativa caracterízase por “llevar inherente un elemento de aleatoriedad de los resultados económicos del contrato, al estar expresamente proclamado por la ley el principio de riesgo y ventura del contratista”. Sinala tamén que “en lo que concierne a las alteraciones de la economía del contrato, la expresa aplicabilidad del principio de riesgo y ventura hace que el contratista, al igual que se beneficia de las mayores ventajas que en relación con las previstas le depare la dinámica del contrato, ha de soportar la mayor onerosidad que para él pueda significar su ejecución” (STS do 20.07.2016).

En efecto, a proclamación legal do principio de “riesgo y ventura” (Art. 197 LCSP) leva inherente un elemento de aleatoriedade dos resultados económicos do contrato, que significa que a frustración das expectativas económicas que o contratista tivo en consideración para consentir o contrato non libera de cumprir o estritamente pactado nin lle faculta para apartarse do vínculo contractual ou para reclamar a súa modificación.

Como se afirma na STS do 13.02.2018, isto quere dicir que se por circunstancias sobrevidas se incrementan os beneficios do contratista sobre aqueles inicialmente calculados, a Administración non poderá reducir o prezo, “mientras que si las circunstancias sobrevenidas disminuyen el beneficio calculado o incluso producen pérdidas serán de cuenta del contratista sin que éste pueda exigir un incremento del precio o una indemnización”.



Concello de Vigo

- 6) A precitada Sentencia do Tribunal Supremo do 20.07.2016 indica tamén que para que proceda o reequilibrio financeiro do contrato en aplicación do principio de “riesgo y ventura” non abonda con que a súa economía resultase alterada, senón que é preciso que a causa desa alteración fose o “factum principis”, o exercicio do “ius variandi” ou a concorrencia de circunstancias calificables de “feito imprevisible”. Como a seguir veremos, na nosa opinión non concorre ningún destes supostos.
- 7) De acordo coa normativa vixente, na maioría dos contratos de servizos a revisión de prezos non está contemplada como un sistema que permita solventar unha situación de incremento dos custos salariais como consecuencia de eventuais cambios dun convenio colectivo e, ademais, a propia lexislación contractual limita, nos supostos nos que sexa posible, a revisión deses custos, excluíndoos en xeral desta posibilidade (Art. 103 LCSP e Art. 7 RD.55/2017, do 3 de febreiro, de desenvolvemento da L.2/2015, do 30 de marzo, de desindexación da economía española).
- 8) No caso concreto que nos ocupa, conforme coa LCSP (Art. 103), a revisión de prezos está excluída expresamente do contrato de servizos formalizado entre o Concello de Vigo e a entidade «Servisar Servicios Sociales SLU» para a prestación do SAF (cláusulas 33 e 3.K das FEC - PCAP).
- 9) Por outra banda, a única modificación prevista nos Pregos deste contrato é a relativa ó seu prezo, derivada (exclusivamente) do “incremento das horas de prestación do servizo” e co límite do 20% (Art. 204 LCSP e Apdos. A], B], C] e D] das FEC - PCAP).
- 10) Consonte co Art. 205 da LCSP e a precitada cláusula 29.3 do PCAP, non procedería unha modificación non prevista do contrato por incrementos salariais sobrevidos derivados da estricta aplicación do convenio colectivo pactado entre os empresarios e os traballadores do sector, na medida en que non pode considerarse ese incremento como unha circunstancia sobrevida e “imprevisible”.
- 11) Ademais, como xa tivo ocasión de manifestar a “Junta Consultiva de Contratación Pública del Estado”, con apoio no Art. 203.1 da LCSP, a modificación do contrato refírese a un cambio no obxecto do mesmo: “...la modificación del contrato, tanto en la Directiva como en la Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público, se refiere al cambio del objeto del mismo, esto es, a la prestación que desarrolla el contratista a favor de la entidad contratante, no al precio...”.

Polo tanto, o incremento nos prezos que compoñen o actual contrato de SAF non implica, en sentido técnico-xurídico, un cambio no seu obxecto, polo que non procedería a súa modificación.

Á marxe do anterior, desde o punto de vista material, unha modificación que afectase ó prezo do contrato sería claramente unha revisión de prezos encuberta (e prohibida) e, ó mesmo tempo, suporía unha alteración das condicións do contrato que afectaría a dous elementos fundamentais do mesmo, definidos na súa fase de preparación, como son o orzamento e o valor estimado.

12) Neste sentido, lémbrese que o prezo deste contrato foi calculado polo Servizo xestor tendo en conta o previsto no “Convenio colectivo para a actividade do servizo de axuda a domicilio de Galicia” (DOG n.º 31, do 16.02.2010), como así se recolle na súa Memoria Xustificativa (Apdo. 6). Nese Convenio estaba e está contemplado que para o caso de denuncia do convenio e mentres non se chegue a acordo sobre o novo, aplicaríase o incremento de “todos os conceptos económicos” vencellado ó IPC do ano anterior desde o primeiro mes do ano, independentemente da evolución do PIB (Art. 7: “Denuncia e prórroga”). Desa previsión concreta do Convenio colectivo derívase agora o incremento salarial que o contratista considera inasumible.

13) Ademais de non poder considerarse unha circunstancia “imprevisible” que permita dar entrada ó mecanismo de reequilibrio da cláusula “rebus sic stantibus”, o incremento dos custos salariais do persoal do SAF non deriva dunha actuación desta Administración contratante, senón da negociación colectiva que libremente levaron a cabo no ámbito laboral os representantes dos traballadores e dos empresarios e na que, obviamente, non participou o Concello de Vigo.

Así as cousas, non concorren por ese incremento os requisitos necesarios para poder considerar a eventual procedencia do reequilibrio do contrato por aplicación do mecanismo do “factum principis”.

Se a vontade da Administración pública contratante (Concello de Vigo) resulta completamente allea a esa negociación colectiva no eido laboral, carecería de toda lóxica que as consecuencias derivadas da mesma, concretadas en incrementos salariais que teñen causa no Convenio colectivo de ámbito autonómico para a actividade de axuda a domicilio de Galicia suscrito o 03.11.2009 entre a representación empresarial e os representantes dos traballadores, tivesen que ser soportadas e financiadas con cargo ós orzamentos municipais.

Obviamente, tampouco ningunha responsabilidade ten o Concello de Vigo en que se frustrasen as negociacións iniciadas en 2022 entre a patronal e os sindicatos para a subscripción dun novo convenio colectivo (con revisión salarial desvinculada do IPC) e que deron lugar a un preacordo que finalmente no foi ratificado por toda a representación sindical.

14) Manifesta no seu escrito o representante de «Servisar Servicios Sociales SLU» que a aplicación do IPC correspondente ós exercicios de



Concello de Vigo

2021 e 2022 á revisión dos salarios dos/as traballadores/as do SAF (como establece o Art. 7 do seu Convenio colectivo de 2010, en ultraactividade) supón que o incremento total dos custos salariais acumulados para os anos 2022 e 2023 ascendería a un 12,2%, o que determinaría, segundo indica, que a partir deste ano o servizo deixe de ser economicamente sostible e lles ocasione “graves perdas económicas”.

Pois ben, se algo demostra a realidade é que resulta moi difícil prever tanto a evolución do IPC como o seu impacto real na economía en xeral e na contratación pública en particular. Proba disto é que en 2020 situouse no -0,50% e nos dous anos seguintes acadou o 6,50% e o 5,70%, respectivamente. Nesta altura, resulta igual de problemático aventurar cal será o IPC final en 2023 e a súa repercusión nos dous anos de prórroga deste contrato.

Agora ben, non debe esquecerse que se na economía do contrato formalizado con «Servisar Servicios Sociales SLU» ten tanta influencia o IPC é porque no seu momento (2009) as partes negociadoras do Convenio colectivo pactaron aqueles incrementos retributivos vinculados directamente a ese Índice e porque, nun escenario posterior moi distinto (2022), non foron quen de acordar un novo Convenio nos termos propostos pola parte empresarial: desvincular os incrementos salariais do IPC, establecer incrementos substanciais para as novas licitacións e incrementos inferiores para os servizos con contratos vixentes.

15) No procedemento licitatorio tramitado en 2020 para a adxudicación do contrato de SAF no Concello de Vigo, «Servisar Servicios Sociales SLU» foi o licitador que presentou a maior baixa de todos os presentados, propoñendo unha porcentaxe única de redución do prezo unitario fixado no Apdo. 3.G das FEC (17,99€/h, IVE incl.) do 7,20 %, o que se traduciu nun prezo/hora de 16,69€/h, IVE incl., pola que obtivo a puntuación máxima prevista no PCAP de 45 pts.

Como consta na documentación do expediente, formulou a súa oferta económica tendo en conta, para o cálculo dos gastos de persoal, que: “El convenio de aplicación es el Convenio Colectivo para la actividad de Ayuda a Domicilio en la Comunidad Autónoma de Galicia. Se ha estimado un coste de seguridad social del 32%. Las revisiones salariales contempladas son del 1% para cada año”.

É claro que esas previsións de revisión salarial do licitador, estimadas a partir dos datos do IPC promedio de exercicios anteriores, quedaron sobrepasadas pero, como suñña a “Junta Consultiva de Contratación Pública del Estado”, o incremento dos custos da man de obra derivados dos convenios colectivos “forma parte del alea normal del contrato y es un riesgo propio de la ejecución del mismo, riesgo que el contratista debe soportar...”.

16) O Concello de Vigo está a propoñer ó órgano de contratación esta 1ª prórroga do contrato do SAF exactamente nos mesmos termos xa pactados con «Servisar Servicios Sociales SLU», sen introducir variación ningunha en relación co servizo que se presta na actualidade.

17) Á marxe dos supostos taxados na regulación xeral da contratación pública, o reequilibrio só procederá cando estea previsto no propio contrato (o que non é o caso) e cando unha lei especial regule hipóteses específicas de alteración da economía inicial do contrato e estableza medidas singulares para restablecela.

Por esta razón, entendemos que a compensación ou reequilibrio económico ó que aspira o contratista debido ó incremento dos custos salariais do persoal adscrito ó servizo de SAF debería ter resposta, de ser o caso, noutro ámbito, como xa se fixo polo lexislador estatal a través do RDL.3/2022, do 1 de marzo de 2022, de medidas excepcionais en materia de revisión de prezos nos contratos públicos de obras, modificado polo RDL.6/2022, do 29 de marzo; disposición únicamente aplicable ós contratos de obras e relativo ó incremento do custo de materiais siderúrxicos, materiais bituminosos, aluminio ou cobre, sen incluír o prezo da enerxía”.

Á vista do exposto, procede desestimar a solicitude de reequilibrio do contrato solicitada polo contratista.

-V-

Competencia

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da intervención municipais (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda da LCSP).

-VI-

Proposta de resolución

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Desestimar a solicitude de reequilibrio formulada por D. Agustín Lopesino Sousa, en nome e representación de **SERVISAR SERVICIOS SOCIALES, S.L.U.** (en adiante “SERVISAR”), en escrito de 22 de marzo de 2023 presentado no Rexistro Xeral deste Concello (código de solicitude W883270-6255)”*

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

12(404).- MODIFICACIÓN DA COMPOSICIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN PERMANENTE DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 5266/241.

Dáse conta do informe-proposta de data 29/05/2023, asinado pola xefa do servizo de Contratación, a concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público (LRXSP)
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público (RLCSP)

ANTECEDENTES

O Concello de Vigo conta cunha Mesa de Contratación permanente, nomeada pola Xunta de Goberno local na sesión do 4 de xullo de 2019, cuxa composición, logo de diversas modificacións (en datas 13 de xaneiro, 23 de xuño e 22 de xullo de 2022), figura publicada no perfil de contratante.

Figuran entre os membros da Mesa permanente membros electos, cuxo mandato terminará o día anterior á data de celebración das próximas eleccións locais, 28 de maio de 2023. En consecuencia, haberá que esperar a que a Corporación que se constituía o 17 de xuño nomee á Xunta de Goberno local e esta, á súa vez, designe unha nova mesa permanente. Mentres isto non se produza e se publique a nova mesa no perfil de contratante nos termos previstos no artigo 21.4 do RLCSP, faise necesario a modificación da mesma de contratación, para substituír aos membros electos e así poder continuar coa tramitación dos expedientes de contratación.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

- I-

DA OBRIGATORIEDADE DA CONSTITUCIÓN DUN ÓRGANO DE ASISTENCIA Ó ÓRGANO DE CONTRATACIÓN

O órgano de contratación deberá ser asistido por unha Mesa de contratación nos procedementos abertos, aberto simplificado, restrinxidos, de diálogo competitivo, de licitación con negociación e de asociación para a innovación (artigo 326.1 LCSP), que será o órgano competente para o exercicio das seguintes funcións:

- a) A cualificación da documentación que acredite o cumprimento dos requisitos previstos nos artigos 140 e 141 da LCSP e, no seu caso, acordar a exclusión de

candidatos ou licitadores que non acrediten este cumprimento, previo trámite de emenda

- b) A avaliación das proposicións dos licitadores.
- c) Se procede, a proposta relativa á cualificación dunha oferta como anormalmente baixa, tras a tramitación do procedemento a que se refire o artigo 149 da LCSP.
- d) A proposta ao órgano de contratación da adxudicación do contrato a favor do licitador que presentase a mellor oferta, de acordo co previsto no artigo 145 da LCSP, segundo proceda de conformidade co previsto no prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a licitación.
- e) No procedemento restrinxido, no diálogo competitivo, na licitación con negociación e na asociación para a innovación, a selección de candidatos cando así delegue o órgano de contratación, facéndoo constar no prego de cláusulas administrativas particulares.

-II-

COMPOSICIÓN DA MESA

A Mesa estará constituída por un Presidente, os vogais que se determinen regulamentariamente, e un Secretario (artigo 326.2 LCSP). O Secretario deberá ser designado entre funcionarios ou, no seu defecto, outro tipo de persoal dependente do órgano de contratación, e entre os vogais deberán figurar necesariamente un funcionario dos que teñan atribuído legal ou regulamentariamente o asesoramento xurídico do órgano de contratación e un interventor, ou, a falta de estes, unha persoa ao servizo do órgano de contratación que teña atribuídas as funcións correspondentes ao seu asesoramento xurídico, e outra que teña atribuídas as relativas ao seu control económico-orsamentario (artigo 326.5 LCSP).

No caso das corporacións locais, a disposición adicional 2ª.7 da LCSP establece unha composición mínima e obrigatoria das mesas de contratación das Entidades Locais. En cumprimento desta disposición, é preciso proceder ao nomeamento dos membros que formarán parte da Mesa permanente do Concello de Vigo.

Consonte ao citado artigo “A Mesa de contratación estará presidida por un membro da Corporación ou un funcionario da mesma, e formarán parte dela, como vocais, o Secretario ou, no seu caso, o titular do órgano que teña atribuída a función de asesoramento xurídico, e o Interventor, ou, no seu caso, o titular do órgano que teña atribuídas a función de control económico-presupostario, así como aqueloutros que se designen polo órgano de contratación entre o persoal funcionario de carreira ou persoal laboral ao servizo da Corporación, ou membros electos da mesma, sen que o seu número, en total, sexa inferior a tres. Os membros electos que, no seu caso, formen parte da Mesa de contratación non poderán supoñer máis dun terzo do total de membros da mesma. Actuará como Secretario un funcionario da Corporación”.

A lei veda que o persoal eventual forme parte da Mesa e so permite que se integren na súa composición funcionarios interinos cando non existan funcionarios de carreira suficientemente cualificados e así se acredite no expediente (DA 7ª LCSP). No



Concello de Vigo

presente caso procederáse ao nomeamento de funcionarios de carreira exclusivamente.

A competencia para o nomeamento dos membros da Mesa de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local (artigo 326.4 LCSP).

-III-

DO CARÁCTER PERMANENTE DA MESA DE CONTRATACIÓN

A LCSP permite que se constitúan Mesas de Contratación Permanentes para as corporacións locais (DA 7ª LCSP), polo que parece adecuado, para darlle estabilidade ao órgano de apoio en materia de contratación deste Concello, proceder á constitución dunha mesa permanente. Ilo sen prexuízo de que se poidan nomear Mesas específicas para determinados expedientes, cando así o considere oportuno o órgano de Contratación, e xustifique as circunstancias que o motivan no correspondente expediente.

-IV-

PUBLICIDADE

A lei esixe que a composición da Mesa de Contratación se publique no perfil de contratante do órgano de contratación (artigo 326.3 e DA 7ª LCSP). Este está aloxado na Plataforma de contratación do sector público (artigo 63 LCSP).

Para dar maior publicidade á composición da Mesa publicarase ademais no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

-V-

COMPETENCIA

A competencia para acordar a composición da mesa de contratación permanente e as súas normas de funcionamento correspóndelle á Xunta de Goberno Local (artigo 326.4 e apartado 4º da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación

En mérito ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local, como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

“Primeiro.- Modificar a composición da Mesa de Contratación Permanente do Concello de Vigo.

A Mesa de Contratación quedará formada polos seguintes membros:

1. *Presidenta: D^a. Beatriz Barbará Rodríguez, xefa do Servizo de Contratación*

Suplente:

- *D^a. Carmen Pintado Garcia, técnica de Administración xeral, xefa do Servizo de Transportes*

2. *Titular da Asesoría Xurídica: D^a. Margarita Parajó Calvo*

Suplentes:

- *D^a. Susana García Álvarez, técnica de Administración xeral, letrada xefa de Asesoramento*
- *D. Pablo Olmos Pita, técnico de Administración xeral, letrado especialista na orde social, civil, contenciosa e mercantil*
- *D^a María Isabel Fernández Gabriel, letrada asesora xurídica*
D^a. Elena Ares Salgado, técnico de Administración xeral

3. *Interventor xeral: D. Alberto Escariz Couso*

Suplentes:

- *D^a Olga Gómez Corbal, Interventora xeral adxunta*
- *D^a. Dolores Hernández Vidal, xefa do Servizo de Fiscalización*
- *D^a. Catalina Alfayate Rodríguez, técnica de Fiscalización e Control Financeiro*
- *D. Javier Muradás Blanco, técnico medio dos Servizos Económicos da Intervención Xeral*

4. *Secretario: D^a. Ángela Fernández López, técnica de Administración xeral*

Suplente:

- *M^a Dolores Sotelo Gallego.*

Segundo.- Publicar este acordo no perfil de contratante do Concello de Vigo e no Boletín Oficial da Provincia.

Terceiro.- Comunicar este acordo aos membros da Mesa de Contratación para os efectos oportunos."

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

13(405).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE FORMACIÓN DOS PROGRAMAS DE EMPREGO. EXPTE. 19756/77.

Visto o informe xurídico do 25/05/2023 e o informe de fiscalización do 26/05/2023, dáse conta do informe-proposta de data 15/05/2023, asinado pola técnica de xestión, pola xefa do servizo de Participación e Desenvolvemento Local, a concelleira-delegada de Emprego e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).

I.- ANTECEDENTES.

Primeiro.- Mediante resolución do 21 de decembro de 2022, a Tenente de Alcalde e concelleira delegada de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego, resolveu iniciar o expediente de contratación POR PROCEDIMIENTO ABERTO PARA A PRESTACIÓN DE SERVICIOS DE FORMACIÓN DOS PROGRAMAS DE EMPREGO.

Segundo.- No expediente tramitado ao efecto consta a seguinte documentación:

- a) Informe xustificativo da necesidade e idoneidade do contrato, asinado pola xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e pola Tenente de Alcalde e concelleira delegada de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego en data 21/12/2022.
- b) Orde de inicio de 21 de decembro de 2022 da Tenente de Alcalde e concelleira delegada de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego.
- c) Memoria económica do contrato asinada pola xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, e a Tenente de Alcalde e concelleira delegada de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego, en data 12/05/2023.
- d) Documentos contables de retención de crédito de 24/04/2023 (RC núm. Operación: 202300032929 e RCFUT núm. Operación 202300032945)
- e) Declaración da redactora do prego técnico de prescricións técnicas particulares asinado pola técnica de xestión e a xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local en data 8/05/2023.
- f) Pregos de prescricións técnicas particulares do contrato, de data 8 de maio de 2023, asinado pola técnica de xestión e pola xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local.

- g) Memoria xustificativa do contrato co desglose dos criterios de valoración e resto de características esenciais do contrato, de data 11 de maio de 2023, asinada pola técnica de xestión, a xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, e a Tenente de Alcalde e concelleira delegada de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego.
- h) Informe do servizo de contratación, asinado pola técnica de administración xeral e a xefa do servizo de Contratación, de data 12 de maio de 2023.
- i) Prego de cláusulas administrativas particulares de data 12 de maio de 2023, asinado pola técnica de administración xeral e a xefa do servizo de Contratación.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP iniciárase polo Órgano de Contratación. No concello de Vigo esta competencia está delegada nos concelleiros de Área por Decreto Delegación de Alcaldía de 18 de xuño de 2019 e Acordo da Xunta de Goberno Local de 20 de xuño de 2019, modificados, respectivamente, en datas 6 e 9 de setembro de 2022. A Tenente de Alcalde e concelleira delegada de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego, en resolución de 21 de decembro de 2022, autorizou o inicio deste expediente de contratación.

Segundo.- No expediente consta, tal e como prevé o artigo 116.3 do LCSP, o prego de prescricións técnicas redactado pola xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e o prego de cláusulas administrativas particulares redactado pola técnica de administración xeral e a xefa do servizo de Contratación.

Terceiro.- O procedemento elixido para a contratación é o procedemento aberto.

Cuarto.- No artigo 116.3 do LCSP establécese que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito, documento que incorporará o servizo de Intervención Xeral quen, ademais, fiscalizará previamente a aprobación do expediente.

Quinto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda apartado 4º do LCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto (artigo 117.1 LCSP).

A vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Intervención Xeral en virtude do disposto na Base 29.1 de Execución dos vixentes Orzamentos, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

1º Aprobar o expediente de contratación (19756-77) por procedemento aberto de "SERVIZOS DE FORMACIÓN DOS PROGRAMAS DE EMPREGO".

2º. Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares, de 8 de maio de 2023, e o prego de cláusulas administrativas particulares, de 12 de maio de 2023 que rexerán a contratación de "SERVIZOS DE FORMACIÓN DOS PROGRAMAS DE EMPREGO".

3º.- Aprobar o gasto por importe de **92.888,00 €**, para a contratación de "SERVIZOS DE FORMACIÓN DOS PROGRAMAS DE EMPREGO", con cargo á aplicación orzamentaria 2410 2279913 FORMACIÓN PROGRAMAS DE EMPREGO, dos orzamentos do Concello de Vigo do 2023, coa distribución das seguintes anualidades:

- 2023: 46.444,00 €
- 2024: 46.444,00 €

4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente establecida.



Concello de Vigo

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(406).- SUBVENCIÓN Á ASOCIACIÓN IRMANDADE DE FESTAS PATRONAIS DE SAN BLAS PARA O FINANZAMENTO DA ROMERÍA DE SAN BLAS DE BEMBRIVE. EXPTE. 9629/335.

Visto o informe xurídico do 30/05/2023 e o informe de fiscalización do 18/05/2023, dáse conta do informe-proposta de data 24/04/2023, asinado pola xefa do servizo de Festas, o concelleiro delegado de Área e polo concelleiro-delegado da área de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A presente Memoria elabórase de conformidade co previsto no artigo 67.3.a do Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, aprobado mediante Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo e artigo 40.2 .a) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Con datas da sede electrónica municipal de 9 de xaneiro e 9 de febreiro de 2023, (docs. Nº 230006030, 230039786 e 230039792) a “Asociación Irmandade de Festas Patronais de San Blas” presenta escrito de solicitude de subvención por interese xeral para o financiamento das Festa de San Blas, que tivo lugar o día entre o 13 de xaneiro e o 3 de febreiro de 2023 co fin de manter e potenciar a cultura e as tradicións populares con especial interese nas romarías populares; por este motivo, o día 8 de marzo de 2023, o concelleiro delegado da Área de Participación Cidadá e Festas, resolveu iniciar o expediente de subvención correspondente, por importe de 25.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 3380.4890000 “Transferencias a entidades e comisións de Festas” do orzamento municipal vixente.

ANTECEDENTES.-

A celebración da Festa de San Blas ten unha antigüidade superior aos 350, datando a orixe da Romaría no século XVII.

A Romaría de San Blas está considerada unha das romarías máis populares de Galicia, declarada no ano 2019 Festa de Interese Turístico de Galicia. A Romaría ten como singularidade que se desenvolve durante un período de 20 días previos á festividade de San Blas e nun ámbito xeográfico que abrangue varias rúas da zona histórica da Parroquia, ao redor da igrexa de Santiago de Bembrive, do século XII. Resulta singular que a festa non se desenvolva nun torreiro como no resto das festas patronais, se non nun ámbito moito maior, espallado no conxunto histórico da parroquia.

Trátase dunha celebración que, con motivo da celebración relixiosa, fomenta o encontro popular xunto coa música e a gastronomía tradicional. Acompañando os actos litúrxicos (misa maior, procesión, o ritual do pano,...) nas rúas da contorna do templo se acondicionan os furanchos nos que se degustan os productos típicos rexionais e de tempada como o viño

e a cacheira, acompañados da música popular de gaitas, tambores, bombos e pandeiretas, o que fai que no seu conxunto sexa unha das Romarías máis singulares da comunidade galega.

O elemento máis característico e típico da festa é o acondicionamento dos furanchos que cada ano acadan maior asistencia de público, e por conseguinte maior complexidade na organización do evento e nas medidas de seguridade cara á celebración do mesmo. No ano 2019 converteuse na terceira celebración que conta coa distinción de Festa de Interese Turístico de Galicia do Concello de Vigo. Sitúase nun dos oito eventos con máis afluencia de público no Concello de Vigo, xunto coas luces do Nadal, a Festa da Reconquista e o Marisquiño.

Todo isto entre o 13 de xaneiro e 3 de febreiro de 2023, para disfrute, libre e gratuito, de toda a vecindade de Bembrive, da cidadanía de Vigo en xeral e de calquera punto de orixe dentro da comunidade galega.

O Concello de Vigo leva a cabo dende hai anos unha importante labor para apoiar, potenciar e difundir entre toda a cidadanía unha oferta cultural diversificada que albergue o maior número posíbel de actividades dirixidas a todos os sectores culturais. Dentro de esta oferta viuse incluíndo a Festa de San Blas no programa “Vigo en Festas 2023”, co obxecto de potenciar as tradicións e os costumes da nosa cidade.

O carácter cultural se atopa entre as competencias atribuídas aos municipios nos artigos 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

PROGRAMA E ORZAMENTO:

Este ano 2023 a Festa de San Blas comezou o venres 13 de xaneiro e rematou o venres 3 de febreiro. O programa conleva concertos musicais, pasarrúas, regueifa, foliada e pregón.

A memoria económica que se achega incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do convenio polo importe total de 33.000,00 más iva.

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da Asociación presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Memoria e orzamento da actividade
- NIF da representante legal
- CIF da entidade
- Estatutos da entidade e capacidade do representante legal
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria



Concello de Vigo

- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Seguro de responsabilidade civil e recibo do pagamento correspondente

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á “Asociación Irmandade de Festas Patronais de San Blas” rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á Asociación Irmandade de Festas Patronais de San Blas (G36705036) deberá axustarse ao previsto no art. 22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións pola interese pública, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade coa actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza coa oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrencia para o seu outorgamento.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS.-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

Se fundamenta esta subvención na especificidade e importancia da Festa de San Blas, declarada de interese turística de Galicia, e á marxe do “programa de subvencións para festas tradicionais e patronais e desenvolvemento de actividades socioculturais realizadas no ano 2023”, respecto **do cal resulta incompatible e excluínste** a presente subvención directa.

A cantidade asignada para tal fin e de **25.000,00 €** con cargo á aplicación orzamentaria **3380.489.0000** (Transferencias a entidades e Comisións de Festas) a favor da “Asociación Irmandade de Festas Patronais de San Blas” (G36705036). A presente axuda se acolle ao réxime excepcional de concesión directa, conforme ao artigo 22.2 da Lei 38/2003 apartados c) con carácter excepcional por razóns acreditadas de interese público para coadxuvar os gastos do desenvolvemento da Festa de San Blas.

En aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións BDNS operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido no artigo 20.4 e 20.8 da Lei 38/2003.

A subvención do Concello de Vigo á asociación é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados, agás co “Programa de subvencións para festas tradicionais e patronais e desenvolvemento de actividades socioculturais realizadas no ano 2023” do Concello de Vigo.

CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan na proposta.

Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Participación Cidadá e Festas e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídicos e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

“PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa dunha subvención por importe de 25.000,00 € (vintecinco mil euros) con cargo á aplicación orzamentaria 3380.489.0000, autorizar e dispoñer o devandito gasto á “ Asociación Irmandade de Festas Patronais de San Blas” (G36705036), para o financiamento da Festa de San Blas, organizada por esta entidade.

SEGUNDO.- *A subvención rexeráse en base aos seguintes PACTOS:*

1º.- OBRIGAS DA ENTIDADE

A “Asociación Irmandade de Festas Patronais de San Blas” (G36705036) comprometeuse a celebrar a Festa de San Blas, en particular a:

1º. Asumir todo o concernente á organización das actividades obxecto da subvención, achegando toda infraestrutura e equipo humano necesarios para tal fin, seguro de responsabilidade civil así como cumprir a programación que consta no expediente.

2º.- Asumir todos os gastos que se deriven desta subvención, agás os que se especifiquen como responsabilidade do Concello.

3º.- Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización desta actividade.



Concello de Vigo

4º.- Comezar as actividades do programa á hora anunciada ao público e comprobar coa antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamento, para realizar as correccións técnicas que resulten necesarias.

5º.- Xestionar e aboar a cantidade que corresponda polos dereitos de autor que se xeren pola programación que figura nesta expediente.

6º.- Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento da actividade, asumindo a contratación da póliza de seguro de responsabilidade civil que atende calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento das actividades que se achega ao expediente, a ENTIDADE entregará ao CONCELLO copia da póliza e do recibo correspondente.

7º.- Deixar a zona de desenrolo da actividade que se utilice para o Festa en perfectas condicións de limpeza e respectando a natureza do entorno.

8º.- Contratar a elaboración dun Plan de Autoprotección que avalíe os riscos que se poidan derivar da execución do programa de actividades, cumprindo coas recomendacións que deriven do mesmo, se así o require o Servizo de Seguridade e Mobilidade.

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

2º.- OBRIGAS DO CONCELLO. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

1º.- Colaborar coa organización da festa en xestións como a presenza da Policía Local e Protección Civil, para o seu bo desenvolvemento.

2º.- Conceder directamente á “Asociación Irmandade de Festas Patronais de San Blas” (G36705036), unha subvención por importe de 25.000,00 (vinte cinco mil euros) co obxecto de axudar ao financiamento da organización do Festa de San Blas.

O Concello non asume ningún compromiso distinto dos recollidos na presente subvención.

3º.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

Se fundamenta esta subvención na especificidade e importancia da Festa de San Blas, declarada de interese turística de Galicia, e á marxe do “programa de subvencións para festas tradicionais e patronais e desenvolvemento de actividades socioculturais realizadas no ano 2023”, respecto **do cal resulta incompatible e excluínste** a presente subvención directa.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación

deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos. En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de subvencións.

4º.- O pagamento da cantidade estipulada no pacto segundo desta subvención efectuarase por transferencia bancaria á conta corrente número IBAN ES16 2080 5086 1630 4000 3574 da entidade ABANCA e da que é titular a entidade beneficiaria, tras a xustificación das axudas segundo o establecido no pacto noveno.

5º.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

6º.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

7º.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a incorporación do logotipo do Concello de Vigo e da imaxe corporativa do evento en todos os soportes publicitarios que edite.

8º.- En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2a) da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC) a “Asociación Irmandade de Festas Patronais de San Blas” (G36705036), está obrigada a relacionarse de forma electrónica coas Administracións Públicas.

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica <https://sede.vigo.org>

A tenor do disposto no artigo. 81 do regulamento da L.X.S. establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 e xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel.

No caso de que se achegue a documentación de forma presencial, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considérase como data de presentación da documentación aquela na que tivese realizada a subsanación.



Concello de Vigo

9º.- A beneficiaria unha vez rematada a actividade subvencionada e antes do mes de decembro deberá xustificar o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos previstos pola concesión da subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto, a conta xustificativa a render deberá conter:

a) **Memoria de actuación** xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación das actividades desenvolvidas dentro do programa, datos de participación global, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

b) **Memoria económica** xustificativa do custo das actividades realizadas, que incorporará:

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.
- Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se acheguen con especificación da súa data de emisión, provedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.
- Facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel.
- As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio. As facturas cumprirán os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.

De existiren, relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas. A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de Galicia 9/2007.

10º.- No caso de que a Irmandade se opoña expresamente a que o Concello comprobe se aquela se atopa ao corrente nas súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro, a beneficiaria deberá acreditar estas circunstancias antes de proceder ao pagamento o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7.e da LG 9/2007. De non haber tal oposición expresa, o Concello recabará estes documentos de oficio, tal como estableceo

artigo 28.2 da Lei 39/2015, de 1 de decembro, do procedemneto administrativo común das administracións públicas.

11º.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se ealicen no exercicio económico da subvención.

12º.- A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a axeitada xustificación da mesma, será comprobada polo Servizo de Festas do Concello de Vigo. O persoal técnico do Servizo de Festas emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que podan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

13º.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Participación Cidadá e Festas e pola Intervención Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

14º.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da Lei de Galicia 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

15º.- A información sobre as actividades especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego, e terá que ser revisada polo Concello de Vigo. En toda a información editada figurarán o logotipo do Concello de Vigo e da Confraría, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa do Servizo de Festas do Concello de Vigo, e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

16º.- O mecanismo de seguimento da execución desta subvención establécese en base ás memorias e informes que presenten as entidades asinantes e a presenza do persoal técnico do Servizo de Festas nas propias actividades programadas.

17º.- A presente subvención terá vixencia anual ata o 31 de decembro de 2023 e non será prorrogábel.

18º.- O concelleiro Delegado de Participación Cidadá e Festas queda facultado para resolver as posibles controversias derivadas da execución e interpretación desta subvención, así como para tomar iniciativas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

19º.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaría da subvención a que se refire e procedemento para a súa apreciación e imposición estarse ao disposto no Título IV da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.



Concello de Vigo

20º.- Os datos persoais facilitados nos formularios son indispensables para a xestión da subvención e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPD do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal, Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito cultural, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial.

Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter mais información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org.

21º.- A actividade obxecto desta subvención está destinada ao público en xeral, e o acceso á mesma será libre e gratuíto; o número de asistentes limitarase á capacidade do lugar onde se celebre. De todos os xeitos, as actividades, servizos ou produtos ofertados alí poderán traer consigo unha achega económica por parte dos usuarios (billetes, entradas, etc.).

Por este motivo, a entidade beneficiaria propondrá ao Concello os prezos para cada unha das actividades, servizos ou produtos, para obter a conformidade da concellería de Participación

Cidadá e Festas. A entidade deberá expor durante a celebración da actividade, nun lugar perfectamente visíbel, o listado de prezos de venda ao público.

A tal fin, establecerase un sistema de control de ingresos procedentes do goce ou uso das distintas actividades, que poderán ser billetes ou xustificantes de ingresos, nos que deberán figurar os conceptos e importes, e que estarán numerados correlativamente. A entidade proporalle ao Concello os modelos de billetes ou xustificantes, e tamén o seu número, para obter a correspondente conformidade.

22º.- En cumprimento do establecido na resolución de 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, e en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido na Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións artigo 20.4 e 20.8.b.

23º.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; así como a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(407).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE DA XUNTA DE GALICIA EN BASE Á RESOLUCIÓN DO 20 DE ABRIL DE 2023, PARA PROGRAMAS DE PROMOCIÓN DA IGUALDADE. EXPTE. 12297/224.

Visto o informe de fiscalización do 24/05/2023, dáse conta do informe-proposta de data 18/05/2023, asinado pola axente de igualdade de oportunidades, a xefa do servizo de Igualdade, a asesora xurídica do Servizo e a concelleira delegada de Área, que di o seguinte:

A Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia, a través da Resolución do 20 de abril de 2023, establece as bases reguladoras que rexerán as subvencións destinadas ás entida-



Concello de Vigo

des locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, e procede á súa convocatoria para o ano 2023 (DOG núm. 87 do 8 de maio de 2023).

O obxecto da convocatoria é a concesión de subvencións para o desenvolvemento de programas, actuacións e medidas para facer efectivo o principio de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, a prevención e o tratamento da violencia de xénero, a conciliación da vida persoal, laboral e familiar e a participación das mulleres na vida política, económica, social e cultural, así como para consolidar o funcionamento de servizos de atención integral de información e asesoramento ás mulleres no territorio, co fin de lles prestar unha atención e acompañamento de proximidade, psicolóxico, xurídico e de orientación sociolaboral ás mulleres, en particular a aquelas que pertencen a colectivos en risco de exclusión ou se atopan nalgunha situación de vulnerabilidade, de cara a mellorar a súa situación social, laboral e profesional.

Coa dita finalidade a convocatoria establece, entre outros, os seguintes programas:

- a) Programa do Plan Corresponsables no ámbito local (SI436A)
- b) Programa de promoción da igualdade entre mulleres e homes e de prevención e tratamento da violencia de xénero (SI435A)
- c) Programa de apoio aos centros de información á muller (SI427B)

Atendendo ás bases da convocatoria, cada entidade só poderá presentar unha solicitude de axuda para cada un dos programas previstos na resolución.

O Concello de Vigo, a través da Concellería de Igualdade, ten unha ampla traxectoria na finalidade de traballar a prol da igualdade e de combater a violencia contra as mulleres, polo que ao longo dos últimos anos se foron consolidando distintos programas e servizos dirixidos a este fin.

A Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local no seu artigo 25.2.o), na redacción dada polo Real Decreto-lei 9/2018, de 3 de agosto, atribúe aos municipios competencias en: *actuacións na promoción da igualdade entre homes e mulleres así como contra a violencia de xénero.*

Isto concorda coas competencias que en materia de igualdade e promoción das mulleres ten delegadas a Concellería de Igualdade mediante Resolucións de Alcaldía de datas 18 e 26 de xuño de 2019 modificadas polas Resolucións de datas 13.08.2019, 17.08.2020, 16.04.2021, 08.08.2022, 06.09.2022 e 31.10.2022, sobre delegación de competencias e Acordo da Xunta de Goberno Local, texto consolidado, de data 12 de marzo de 2021, sobre delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nas concelleiras/os delegadas/os de área, modificado polo Acordo da Xunta de Goberno Local de data 22 de abril de 2021, que no relativo a este servizo e á súa finalidade, son: *dirixir e coordinar os servizos e programas adscritos á Concellería de Igualdade: Oficina de Igualdade, Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller, Rede municipal de vivendas de protección para mulleres vítimas de violencia de xénero, Casa das Mulleres, Centro de Documentación e Recursos Feministas, Servizo de Atención Domiciliaria á Infancia e Observatorio Municipal de Xénero;*

Elaboración, execución, coordinación e avaliación das medidas e accións reflectidas no “Plan municipal para a Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes de Vigo” vixente; Promover servizos de información, atención e acollemento ás mulleres vítimas de violencia de xénero e fillos e fillas menores ao seu cargo; Iniciación de expedientes de solicitude de subvencións ou convenios con outras Administracións Públicas ou de iniciativa social para colaborar na realización de programas relacionados coas competencias delegadas en materia de Igualdade.

Vistos os requisitos e demais normativa reguladora, este órgano xestor valora conveniente presentar á devandita convocatoria os programas que de seguido se refiren:

a) Programa do Plan Corresponsables no ámbito local (SI436A). Bolsas de coidado para desenvolver no domicilio (artigo 6.2.1.a):

“Servizo municipal de Atención Domiciliaria da Infancia” (SADI)

Orzamento estimado de gastos de persoal para bolsas de coidado no domicilio no período subvencionable segundo as bases da convocatoria (gastos directos): 109.542,53 €.

Axuda solicitada: 120.496,78 € (contía dos gastos directos de persoal máis un incremento do 10% sobre eses gastos que, conforme co artigo 6.7 da Resolución da convocatoria, corresponde a gastos indirectos).

b) Programa de promoción da igualdade entre mulleres e homes e de prevención e tratamento da violencia de xénero (SI435A). Intervención integral coas vítimas de violencia de xénero (artigo 7.1.a):

“Programa de asistencia psicolóxica ás fillas e fillos de mulleres vítimas de violencia de xénero”

Orzamento estimado no período subvencionable segundo as bases da convocatoria (gastos directos): 14.648,40 €.

Axuda solicitada: 15.000,00 € (contía dos gastos directos de persoal máis un incremento do 10% sobre eses gastos que, conforme co artigo 7.5 da Resolución da convocatoria, corresponde a gastos indirectos, co límite da contía máxima da axuda establecida).

c) Programa de apoio aos centros de información á muller (SI427B). Artigo 8:

“Programa de apoio ao Centro Municipal de información dos dereitos da muller”

Orzamento estimado no período subvencionable segundo as bases da convocatoria: 71.500,00 €.

Axuda solicitada: 45.000,00 €. (Contía máxima establecida conforme co artigo 4.5 da Resolución da convocatoria).

O importe total da axuda solicitada para os tres programas ascende a 180.496,78 €.

Segundo instrucións da Secretaría Xeral, envíase o expediente á Intervención Xeral para a súa fiscalización.



Concello de Vigo

Por todo o exposto, previo informe da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

“1º.- Aprobar a solicitude de subvención que presenta a concellería de Igualdade por un importe total de 180.496,78 €, en base ao disposto na Resolución do 20 de abril de 2023, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións destinadas ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023 (DOG núm. 87 do 8 de maio de 2023), distribuída do seguinte xeito:

a) Programa do Plan Corresponsables no ámbito local (SI436A). Bolsas de coidado para desenvolver no domicilio (artigo 6.2.1.a):

“Servizo municipal de Atención Domiciliaria da Infancia” (SADI)

Orzamento estimado de gastos de persoal para bolsas de coidado no domicilio no período subvencionable segundo as bases da convocatoria (gastos directos): 109.542,53 €.

Axuda solicitada: 120.496,78 € (contía dos gastos directos de persoal máis un incremento do 10% sobre eses gastos que, conforme co artigo 6.7 da Resolución da convocatoria, corresponde a gastos indirectos).

b) Programa de promoción da igualdade entre mulleres e homes e de prevención e tratamento da violencia de xénero (SI435A). Intervención integral coas vítimas de violencia de xénero (artigo 7.1.a):

“Programa de asistencia psicolóxica ás fillas e fillos de mulleres vítimas de violencia de xénero”

Orzamento estimado no período subvencionable segundo as bases da convocatoria (gastos directos): 14.648,40 €.

Axuda solicitada: 15.000,00 € (contía dos gastos directos de persoal máis un incremento do 10% sobre eses gastos que, conforme co artigo 7.5 da Resolución da convocatoria, corresponde a gastos indirectos, co límite da contía máxima da axuda establecida).

c) Programa de apoio aos centros de información á muller (SI427B). Artigo 8:

“Programa de apoio ao Centro Municipal de información dos dereitos da muller”

Orzamento estimado no período subvencionable segundo as bases da convocatoria: 71.500,00 €.

Axuda solicitada: 45.000,00 €. (Contía máxima establecida conforme co artigo 4.5 da Resolución da convocatoria).

2º.- Comprometer ao Concello de Vigo, a través da Concellería de Igualdade, a financiar o custo das accións obxecto de axuda que non resulte financiado pola Secretaría Xeral da Igualdade para a súa completa realización, aceptando as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na convocatoria.

3º.- Designar á xefa do Servizo Municipal de Igualdade Dna. Cristina Gómez García para levar a cabo as funcións de coordinación e comunicación coa Secretaría Xeral da Igualdade para os aspectos relacionados coa tramitación do expediente.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(408).- CESIÓN TEMPORAL DA VIVENDA DA REDE MUNICIPAL DE VIVENDAS DE PROTECCIÓN PARA MULLERES EN SITUACIÓN DE VIOLENCIA DE XÉNERO IDENTIFICADA NO REXISTRO DE ENTIDADES PRESTADORAS DE SERVIZOS SOCIAIS CO NÚMERO E-638-C-8. EXPTE. 12309/224.

Dáse conta do informe-proposta de data 26/05/2023, asinado pola xefa do servizo de Igualdade, a asesora xurídica do Servizo e a concelleira delegada de Área, que di o seguinte:

Con data 4 de febreiro de 2009, a Xunta de Galicia resolve conceder ao Concello de Vigo a autorización de inicio de actividades para tres vivendas de propiedade municipal co obxecto de poder destinalas ao acollemento temporal para mulleres vítimas de violencia de xénero baixo a tipoloxía de “Vivendas tuteladas”, ordenando a anotación destas autorizacións no Rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais cos seguintes números de identificación: E-638-C-6, E-638-C-7 e E-638-C-8.

O día 26 de maio de 2023, o equipo de profesionais do *Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller* emite informe no que se expón a problemática familiar da usuaria identificada con NIE núm. ****4670*, onde se reflicte a necesidade de procurarlle un acollemento temporal, acompañada dun menor, a medio prazo, nunha das vivendas que conforman a Rede municipal de vivendas de protección para mulleres vítimas de violencia de xénero.

En atención á demanda formulada e á situación descrita no proxecto de intervención emitido polo Servizo municipal de atención á muller, a Concellería de Igualdade valora necesario que se aprobe a ocupación provisional da vivenda identificada co número E-638-C-8, co obxecto de que a usuaria identificada con NIE núm. ****4670*, a ocupe por un período de 6 meses (a contar desde a data de ingreso, que será establecida polo equipo multidisciplinar do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller), transcorridos os cales deberán abandonar a vivenda, agás que se xustifique a necesidade de prórroga polo Servizo municipal de atención á muller.

Durante o período de permanencia na vivenda municipal, a unidade familiar recibirá apoio profesional por parte da educadora de apoio asignada e polo equipo multidisciplinar adscrito á Concellería de Igualdade.



Concello de Vigo

Por todo o exposto, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

“Autorizar a cesión temporal da vivenda da Rede municipal de vivendas de protección para mulleres en situación de violencia de xénero identificada no Rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais co número E-638-C-8 atendendo ás circunstancias que obran no expediente 12309/224, por un período de 6 meses, transcorridos os cales a unidade familiar deberá abandonar a vivenda, agás que se xustifique a necesidade de prórroga polo Servizo municipal de atención á muller”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(409).- PRÓRROGA DO CONTRATO MIXTO DE SERVIZO DE REPARACIÓNS DA FLOTA DE VEHÍCULOS, INCLUÍDO O SUBMINISTRO DOS REPOSTOS NECESARIOS PARA AS REPARACIÓNS, DO CONCELLO DE VIGO-LOTE 2 . EXPTE. 13218/445.

Visto o informe xurídico do 13/04/2023 e o informe de fiscalización do 19/05/2023, dáse conta do informe-porposta de data 13/04/2023, asinado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos, polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario e o concelleiro delegado de Área, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES.

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 30/04/2020, na súa calidade de órgano de contratación, acordou adxudicar a MOTOS ÁNGEL LEIROS S.L. (C.I.F. B 366337593) o contrato do servizo de reparacións da flota de vehículos do Concello de Vigo, incluíndo o subministro dos repostos necesarios - Lote 2, Expediente 13.218/445 por procedemento aberto e por un prezo total de DOUS CENTOS OITENTA MIL EUROS (120.000 EUROS) sendo a cota correspondente ao IVE de 20.826,47 €, cunha porcentaxe de desconto para os prezos unitarios derivados dos elementos necesarios ou subministro obxecto deste contrato do 15% e cunha porcentaxe de desconto para a determinación dos prezos unitarios para o custo de man de obra do 8,57%.

Segundo.- O contrato formalizouse en documento administrativo en data 01/06/2020 e na súa Cláusula Cuarta figura o prazo do contrato, o cal é de dous anos que se empezarán a contar a partir do día seguinte á da última sinatura dixital.

Terceiro.- En data 21/04/2022 a Xunta de Goberno Local acordou “aprobar a prórroga dun ano de duración do vixente contrato do servizo de reparacións da flota de vehículos do Concello de Vigo, incluíndo o subministro dos repostos necesarios - Lote 2 (13218-445), formalizado coa entidade mercantil MOTOS ÁNGEL LEIROS S.L. (C.I.F. B 36633759), polo período comprendido desde o 2 de xuño de 2022 ata o 1 de xuño do 2023.

Asemade, acordou a autorización do “gasto estimado do contrato do servizo de reparacións da flota de vehículos municipais do Concello de Vigo, incluíndo o subministro dos repostos necesarios para as reparacións - Lote 2. (13218-445) a favor da entidade mercantil MOTOS

ÁNGEL LEIROS S.L. (C.I.F. B 36633759) por importe de SESENTA MIL EUROS (60.000 €) IVE engadido, sendo a cota correspondente ao IVE de DEZ MIL CATROCIENTOS EUROS CON VINTE E DOUS CENTIMOS (10.413,22 €); imputando o devandito gasto ás aplicacións orzamentarias 9202.2140000 “Reparación, mantemento e conservación do material” e 9202.221.11.00 “Repuesto elementos de transporte”, segundo a seguinte distribución anual:”

PERIODO	APLICACION ORZAMENTARIA	IMPORTE
Do 02/06/2022 ata o 31/12/2022	9202.214.00.00	32.083,33 €
	9202.221.11.00	2.916,67 €
Do 01/01/2023 ata o 01/06/2023	9202.214.00.00	22.916,67 €
	9202.221.11.00	2.083,33 €
	TOTAL	60.000,00 €

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS.

Primeiro.- O artigo 29.2 da Lei 9/2017, 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro (LCSP), establece que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas, sen prexuízo das modificacións que se poidan introducir de conformidade co establecido nos artigos 203 a 207 da lei.

A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu aviso previo se produza polo menos con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato, salvo que no prego que rexa o contrato se estableza un maior.

Segundo.- O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares aprobado pola Xunta de Goberno Local establece expresamente na Cláusula 7.3 que o contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C da FEC, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo e o aviso previo se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

Quedan exceptuados da obriga de aviso previo os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses. O referido apartado 4 das FEC establece un prazo de execución do contrato de dous anos coa previsión no seu apartado C) de dúas prórrogas dun ano de duración cada unha.

Terceiro.- Considérase conveniente polos técnicos que a subscriben a proposición da segunda prórroga do contrato do servizo de reparacións da flota de vehículos do Concello de Vigo, incluíndo o subministro dos repostos necesarios - Lote 2 por un período dun ano toda vez que o funcionamento do contrato durante este prazo de execución foi satisfactorio cumpríndose correctamente as condicións marcadas á adxudicataria.

Cuarto.- Ao abeiro do establecido na Disposición Adicional 2a apartado 4 da LCSP a competencia como órgano de contratación corresponde á Xunta de Goberno Local.



Concello de Vigo

Quinto.- O período da prórroga do contrato comprenderá dende o 02/06/2023 ao 01/06/2024, sendo que o prezo anual ascende a un total de SESENTA MIL EUROS (60.000 euros) IVE incluído, sendo a cota correspondente ao IVE de DEZ MIL CATROCENTOS TRECE EUROS con VINTE E DOUS CÉNTIMOS (10.413,22 €).

Sexto.- O importe da prórroga imputarase ás aplicacións orzamentarias 9202.2140000 “Reparación mantemento e conservación do material”, e a partida 9202.2211100 “Repuestos elementos de transporte”, segundo a seguinte distribución anual:

PERIODO	APLICACION ORZAMENTARIA	IMPORTE
Do 02/06/2023 ata o 31/12/2023	9202.214.00.00	32.083,33 €
	9202.221.11.00	2.916,67 €
Do 01/01/2024 ata o 01/06/2024	9202.214.00.00	22.916,67 €
	9202.221.11.00	2.083,33 €
	TOTAL	60.000,00 €

Polo exposto, e previo informe xurídico e de fiscalización da Intervención xeral **PROPONSE** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Aprobar a prórroga dun ano de duración do vixente contrato do servizo de reparacións da flota de vehículos do Concello de Vigo, incluíndo o subministro dos repostos necesarios -Lote 2 (13.218-445), formalizado coa entidade mercantil MOTOS ÁNGEL LEIROS S.L. (C.I.F. B 36633759) polo período comprendido dende o 02/06/2023 ata o 01/06/2024.

Segundo.- Autorizar o gasto estimado do contrato do servizo de reparacións da flota de vehículos do Concello de Vigo, incluíndo o subministro dos repostos necesarios - Lote 2 (13218-445), a favor da entidade mercantil MOTOS ÁNGEL LEIROS S.L. (C.I.F. B 36633759) por importe de SESENTA MIL EUROS (60.000 EUROS) IVE INCLUÍDO, sendo a cota correspondente ao IVE de DEZ MIL CATROCENTOS TRECE EUROS con VINTE E DOUS CÉNTIMOS (10.413,22 €); imputando o devandito gasto ás aplicacións orzamentarias 9202.2140000 “Reparación mantemento e conservación do material”, e a partida 9202.2211100 “Repuestos elementos de transporte”, segundo a seguinte distribución anual:

PERIODO	APLICACION ORZAMENTARIA	IMPORTE
Do 02/06/2023 ata o 31/12/2023	9202.214.00.00	32.083,33 €
	9202.221.11.00	2.916,67 €
Do 01/01/2024 ata o 01/06/2024	9202.214.00.00	22.916,67 €
	9202.221.11.00	2.083,33 €
	TOTAL	60.000,00 €

Terceiro.- Notificar á empresa adxudicataria MOTOS ÁNGEL LEIROS S.L. (C.I.F. B 36633759) indicando que o presente acordo é definitivo en vía administrativa e que contra o

mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte a súa notificación, ou impugnalos directamente ante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer, no seu caso calquera outro que estimen procedente.

Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Cuarto.- Remitir ao Consello de Contas a prórroga do contrato, en cumprimento do artigo 335.2 da LCSP.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(410).- PROXECTO DE CONVENIO COA “FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS EL OLIVO” PARA O FOMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE A REALIZAR ENTRE OUTUBRO 2022 E SETEMBRO 2023. EXPTE. 11185/320.

Visto o informe de fiscalización do 25/05/2023, dáse conta do informe-proposta de data 08/05/2023, asinado pola xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, polo concelleiro delegado de Área e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I. Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo do 31/03/2023 e posteriormente con data 11/04/2023, D. Camilo Pais Martínez (DNI: 3599****), en calidade de Presidente da “Federación de Peñas Recreativas El Olivo” (CIF: G-36704666), achegou a documentación (nº 230079945 e nº 230086014 respectivamente as datas sinaladas) solicitando a celebración dun convenio de colaboración entre o Concello e a referida entidade, cuxo obxecto é contribuír aos gastos necesarios para levar a organización, promoción e execución das actividades programadas pola Federación entre o 1 de outubro de 2022 ata o 30 de setembro de 2023.

II. Segundo a documentación presentada, será o presidente, Don Camilo Pais Martínez, a persoa responsable de representar á asociación perante calquera organismo público ou privado, polo tanto para a sinatura do convenio.

III. A “Federación de Peñas Recreativas El Olivo”, seguindo o disposto no art. 14 da LXS e nas Bases de Execución do Orzamento, acredita, documentalmete, o cumprimento dos requisitos necesarios para acadar a condición de beneficiaria, a saber:

- Documentación acreditativa de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, vixentes de conformidade co art. 23.3 do RLXS:



Concello de Vigo

Certificado da Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), de data 03/05/2023.

Certificado da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, de data 03/05/2023.

Certificado da Seguridade Social, de data 03/05/2023.

Certificado do Concello de Vigo, de data 17/04/2023.

Así mesmo, a entidade interesada achega, a seguinte documentación:

1. Solicitude convenio de colaboración (anexo I).
2. Datos do representante legal (anexo II).
3. Declaración responsable do presidente da entidade, de non incorrer en ningunha das prohibicións e circunstancias dos artigos 13 e 34 da LXS e artigos 10 e 31.6 da Lei de Subvencións de Galicia (anexo III).
4. Declaración de outras axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto (anexo IV).
5. Consulta de verificación de datos (anexo V).
6. Datos da entidade bancaria (anexo VI).
7. Orzamento equilibrado (anexo VII) que serve de base para o outorgamento da subvención é o que se reflicte a seguir:

ORZAMENTO DE GASTOS DA ENTIDADE (outubro 2022- setembro 2023)	
CONCEPTO	IMPORTE
Área Organización: Xestión e administración	6.600,00 €
Área Promoción: Edición da " Revista Anuario"	1.200,00 €
Área Convivencia: Festa Peñas/Cea Voluntario	5.900,00 €
Área Social: XXXIX Trofeo Cidade de Vigo de Xogos de Mesa	2.300,00 €
TOTAIS	16.000,00 €

INGRESOS DA ENTIDADE (outubro 2022 a setembro 2023)	
Convenio Concello	15.000,00 €
Federación de Peñas Recreativas El Olivo	1.000,00 €
TOTAL	16.000,00 €

8. Certificado da póliza do seguro de responsabilidade civil e xustificante bancario acreditativo da súa vixencia.

9. Información explicativa do desenvolvemento do programa de actividades propostas para a súa inclusión nas cláusulas do convenio, que inclúa entre outros:

- a) Fundamentación, obxectivos e metas
- b) Descrición da actividade, datas de inicio e finalización
- c) Lugar de realización
- d) Medios de difusión, información e publicidade (incluído o patrocinio da Concellaría)
- e) Recursos humanos e materiais
- f) Sistemas de avaliación, etc.

Coa achega desta documentación, a asociación cumpre, así mesmo, co disposto no art. 8 do Regulamento de Participación Cidadá, aprobado por acordo plenario de 26/03/92, modificado por acordo de data 31/03/93.

IV. Polo que se refire á beneficiaria, consultado o arquivo do servizo de Participación Cidadá, a “Federación de Peñas Recreativas El Olivo”, figura inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) co nº 143/90, segundo resolución da Alcaldía de data 24/04/1990.

V. O vixente exercicio orzamentario (2023) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión extraordinaria do 23/12/2022, inclúe expresamente a partida 9240 4890001 “Convenio Federación de Peñas Recreativas El Olivo”, cunha dotación de 15.000,00 €.

VI. En data 14/04/2023 o concelleiro delegado de Participación Cidadá e Festas, asinou a orde de inicio de expediente para tramitar o presente convenio.

VII. A petición do servizo de Participación Cidadá, expídese certificación de data 17/04/2023 do tesoureiro municipal, acreditativa de que a beneficiaria non ten débedas de dereito público, na vía de constrinximento, pendente de pagamento, no Concello de Vigo.

VIII. A xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, asina a memoria xustificativa e o texto do convenio que se propón para aprobación.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. OBXECTO

O obxecto do presente expediente é a concesión dunha subvención nominativa á FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS EL OLIVO (G-36704666) que se instrumentaliza a través dun convenio cuxo texto consta no expediente e que se propón para aprobación, para subvencionar os gastos necesarios para levar a organización, promoción e execución das actividades programadas pola federación de outubro de 2022 a setembro de 2023.

O Concello de Vigo, coa finalidade de afondar na colaboración co tecido asociativo da cidade, establece esta canle de cooperación coa “FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS EL OLIVO”.

Segundo recollen, os arts. 2 e 3 dos Estatutos da Federación, contempla entre os fins e actividades que constitúen o seu obxecto social e cuxa realización se subvenciona co presente convenio, encóntranse:



Concello de Vigo

- A estimulación e o desenvolvemento do deporte.
- O fomento e a estimulación da cultura e o arte.
- A organización e desenvolvemento de eventos recreativos.
- O apoio a iniciativas realizadas en prol do desenvolvemento cultural de Vigo.
- Outras: organización de equipos deportivos, programación de xogos, excursións, torneos e outros eventos recreativos, organización de conferencias, actos culturais, veladas artístico-musicais...

Atendendo aos principios básicos, o Concello de Vigo comprométese, non só a garantir a participación, senón tamén a promovela activamente.

Desta vontade común entre o Concello e a Asociación nace o acordo que se plasma no convenio obxecto do presente expediente, no que se reflictan as condicións, pactos, obrigacións e compromisos asumidos polas partes.

II. SUXEITOS QUE ASINAN O CONVENIO E CAPACIDADE XURÍDICA CON QUE ACTÚA CADA UNHA DAS PARTES

Dunha parte, asinará o presente convenio a Alcaldía-Presidencia, ao abeiro do art. 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), que lle atribúe a máxima representación do municipio, correspondéndolle, en caso de ser necesaria a súa substitución, ao concelleiro delegado de Participación Cidadá e Festas, Pablo Luis Estévez Rodríguez (segundo Decreto da Alcaldía de delegación de competencias do 17/08/2020).

Doutra parte, asinará o convenio D. Camilo Pais Martínez, con DNI 3599****, en calidade de Presidente da “Federación de Peñas Recreativas El Olivo” (CIF : G-36704666), con domicilio social na rúa Otero Pedraio - Praza de Galegos Ilustres de Vigo, nº 5, de Vigo, en nome e representación da mesma, segundo resulta da certificación incorporada ao expte: 11185/320.

III. COMPETENCIA ADMINISTRATIVA NA QUE SE FUNDAMENTA A ACTUACIÓN DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Os artigos 23 do Decreto do 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de servizos das Corporacións Locais (RSCL) e 294 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, dispoñen que as Corporacións Locais poderán conceder subvencións e axudas de contido económico a entidades, organismos ou particulares cuxos servizos ou actividades complementen ou substitúan á competencia local.

Un dos principais obxectivos da Lei 27/2013 é clarificar as competencias municipais para evitar duplicidades coas competencias de outras Administracións de forma que se faga efectivo o principio “unha Administración unha competencia”. Polo que as Entidades Locais non deben volver asumir competencias que non lles atribúe a Lei e para as que non contén co financiamento adecuado.

Con fundamento na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da

Administración Local, xustifícase a competencia administrativa para a tramitación do presente expediente segundo o disposto no seu artigo 3.3.b), que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores, tal e como se veñen desenvolvendo no servizo.

En cumprimento do esquema formal contemplado no apartado cuarto da base 40 das de execución do orzamento, dacordo co previsto no artigo 199 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia e artigo 50 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o convenio vai acompañado dunha memoria xustificativa na que figuran os antecedentes, razóns de oportunidade e obxectivos perseguidos coa súa formalización.

O interese xeral, a competencia administrativa e a conveniencia na concertación do convenio, recóllense na Memoria xustificativa do convenio, documento obrigado segundo sinala o art. 50 da Lei 40/2015 e o art. 199 LALG, na que consta xustificada a necesidade e oportunidade da subscripción do convenio, o seu impacto económico, o carácter non contractual da actividade en cuestión, e o cumprimento do previsto na lei.

Os pactos que o convenio incorpora estímense conformes ao interese público que este persegue e ao ordenamento xurídico e suficientes, coas demais documentación do expediente, ao fin pretendido así coma ao esquema formal referido.

IV. PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DIRECTA

No caso excepcional de concesión directa segundo o previsto no artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), no art. 19.4.a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e na Base 38.4.2 das de Execución dos vixentes Orzamentos xerais do Concello de Vigo, o acto de concesión ou o convenio terá o carácter de bases reguladoras da concesión.

De acordo co disposto nos artigos 28.1 da LXS e 26.1 da LSG, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente.

Segundo resultou acreditado mediante as declaracións responsables e os anexos achegados ao expediente, a entidade non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e frónte á AEAT, a Axencia Tributaria de Galicia e a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2023), sendo gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 1 de outubro de 2022 e o 30 de setembro de 2023, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, respondan de maneira indubidable á natureza do proxecto subvencionado.

V. CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO

O vixente exercicio orzamentario (2023) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión extraordinaria do 23/12/2022, inclúe expresamente a partida nº 9240 4890001, denominada



Concello de Vigo

“*Convenio Federación de Peñas Recreativas El Olivo*”, cunha dotación orzamentaria de 15.000 €.

Non procede incorporar cláusula expresa no convenio referida a inexistencia de relación laboral porque os gastos subvencionables obxecto da subvención que se pretende conceder á Federación de Peñas Recreativas El OLIVO son gastos destinados ao fomento das actividades da entidade.

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Xa que logo, con carácter previo á aprobación do presente acordo pola Xunta de Goberno Local, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que derivan da concesión do mesmo.

Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

VI. ANTICIPO

Atendendo ao disposto nas Bases de execución do presuposto, poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e as necesidades financeiras dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado.

O citado precepto, na redacción dada ao mesmo pola Lei 12/2014, de 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, dispón que, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando tivesen solicitado a declaración de concurso, fosen declarados insolventes en calquera procedemento ou se encontren declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial, ou sexan inhabilitados conforme a Lei

22/2003, de 9 de xullo, concursal, sen que conclúise o período de inhabilitación previsto na sentenza de cualificación do concurso.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a entidade presentará declaración xurada de non atoparse en ningunha das situacións establecidas nos artigos anteriormente referendados e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

VII. PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN MEDIANTE TRAMITACIÓN ELECTRÓNICA

En cumprimento do disposto no artigo 65.3.e) da LXS, e de conformidade coas Bases de execución do Orzamento, no apartado 38^a.4.2, o convenio inclúe a regulación do prazo e forma de xustificación polo beneficiario.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2023), sendo gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 01/10/2022 e o 30/09/2023, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, de maneira indubidable respondan á natureza do proxecto subvencionado.

A súa sinatura levará consigo a aprobación do compromiso do gasto correspondente, de acordo co art. 31.3 da LSG.

Conforme ao establecido nos artigos 34.2 da LXS e 31.5 da LSG o pagamento da subvención realizarase previa a xustificación polo beneficiario da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu.

O prazo máximo para achegar esta xustificación remata o **30 de setembro de 2023**.

A xustificación revestirá a forma de conta xustificativa final que, segundo o art. 30 da LXS, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se debe incluír, baixo responsabilidade do declarante, os xustificantes de gasto ou documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego, do trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención outorgada a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (Tramitación por internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.

Explicítase no convenio a documentación esixida e a necesidade de asinar electrónicamente a documentación indicada, antes da súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

VIII. PUBLICIDADE



Concello de Vigo

O presente convenio quedará sometido ás normas de transparencia que regula a Lei 19/2013, do 9 de decembro, tendo que ser incorporadas ao Portal de transparencia e deberá rexistrarse na BDNS no momento da concesión do convenio, que opera como sistema nacional de publicidade das subvencións conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Por outra banda, de conformidade co artigo 18.3.a) da LXS, non será necesaria a publicación da concesión desta subvención no diario oficial da administración competente, por tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa no orzamento.

IX. ÓRGANO COMPETENTE

O artigo 74 da Lei de Subvencións de Galicia establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade cos artigos 127.1.g) da Lei 7/1985, artigos 31 LSG, artigo 34 da LXS e a resolución de delegación de competencias do Alcalde de data 18/06/2019, é competente para aprobar o convenio e o gasto como contrapartida do estipulado, a Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro delegado.

Con carácter previo á adopción do acordo pola Xunta de Goberno Local, remitirase o expediente á Intervención Xeral do Concello para a emisión de informe preceptivo de fiscalización consonte ao disposto nos artigos 9 LXS, 6 da LSG e 214 do TRLFL.

X. RÉXIME DE RECURSOS

De conformidade co disposto no artigo art. 52.2.a) de la Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e o 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, poñen fin á vía administrativa, as resolucións do Pleno, Alcaldes e Xunta de Goberno Local.

Segundo os arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, se o acto fose expreso ou, se non o fose, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición

Contencioso Administrativa (LRXCA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

Por todo o anteriormente exposto, nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Participación Cidadá e Festas, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 18/06/2019, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO. - AUTORIZAR e DISPOR o gasto por importe de 15.000 € (quinze mil euros), con cargo á partida orzamentaria nº 9240.4890001, denominada “*Convenio Federación Peñas Recreativas El Olivo*”, incluída no vixente orzamento municipal.

SEGUNDO. - APROBAR o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a “Federación de Peñas Recreativas El Olivo” (CIF.- G-36704666), cuxo obxecto é o fomento das actividades da entidade a realizar pola entidade entre outubro de 2022 e setembro de 2023, mediante a colaboración do Concello no financiamento dos gastos derivados da súa organización, promoción e execución e, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, **CONDECER** á referida entidade, unha subvención de 15.000 € (quinze mil euros).

TERCEIRO.- Facultar ao concelleiro de Participación Cidadá e Festas D. Pablo Luis Estévez Rodríguez para asinar o citado convenio, de ser precisa a substitución do Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Vigo.

CUARTO. - Rexistrar os datos estruturados do convenio aprobado, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicar o mesmo no portal de transparencia do Concello de Vigo, conforme o artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e artigo 15 da Lei de Lei 9/2007, do 13 de xuño, subvencións de Galicia.

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A “FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS EL OLIVO” PARA O FOMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE

REUNIDOS

Dunha parte, D. Pablo Luis Estévez Rodríguez na súa calidade de Concelleiro Delegado da Área de Participación Cidadá e Festas do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.



Concello de Vigo

Doutra parte, D. Camilo Pais Martínez, con DNI 3599****, en calidade de Presidente da “Federación de Peñas Recreativas El Olivo” (CIF : G-36704666), con domicilio social na rúa Otero Pedraio - Praza de Galegos Ilustres de Vigo, nº 5, de Vigo, en nome e representación da mesma, segundo resulta da documentación incorporada ao expte. 11185/320.

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria de Administración Municipal do Concello de Vigo, dando fe do acto.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,

MANIFESTAN

I.- Conforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/1997 da Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, Texto refundido en materia de Réxime Local, RD 2568/1986 de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.

Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese non só a garantir a participación senón tamén a promovela activamente.

A tal fin, o Concello de Vigo recoñece a existencia na cidade de agrupacións, federacións, asociacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial como sectorial. Todas elas, pola súa implantación e participación en múltiples actividades reivindicativas, veciñais, festivas, culturais, etc., inflúen entre a poboación, detectando, propoñendo e colaborando na solución da problemática social e urbana, e na dinamización da vida cidadá e mellora da calidade de vida. Constitúen, daquela, un elemento máis do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos intereses públicos a aqueles ós que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo. Dentro das medidas de fomento e apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de colaborar coas entidades máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociocomunitario que redundan no beneficio da cidadanía.

II.- Que a entidade “*Federación de Peñas Recreativas El Olivo*”, de conformidade co art. 2 dos seus Estatutos, asume entre os seus fins, todos eles de interese para a cidadanía viguesa:

- A estimulación e o desenvolvemento do deporte.
- O fomento e a estimulación da cultura e o arte.
- A organización e desenvolvemento de eventos recreativos.
- O apoio a iniciativas realizadas en prol do desenvolvemento cultural de Vigo.
- Outras: organización de equipos deportivos, programación de xogos, excursións, torneos e outros eventos recreativos, organización de conferencias, actos culturais, veladas artístico-musicais...

III.- De conformidade co Regulamento de Participación Cidadá (acordo plenario do 26/03/92, modificado por acordo do 31/03/93), segundo Decreto de Alcaldía de data

16/05/97, a “Federación de Peñas Recreativas El Olivo” atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo co número 143/90.

IV.- Na vontade de afondar nas súas relacións, o Concello de Vigo establece as canles de participación necesarias para que a “Federación de Peñas Recreativas El Olivo” leve a cabo os proxectos e actividades sociocomunitarias planificadas para os meses de outubro de 2022 ata setembro de 2023, que constitúen o obxecto do presente convenio e o seu fin social, axudando economicamente ao financiamento dos gastos derivados da organización, fomento e execución das mesmas.

V.- Que o Concello de Vigo prevé, no seu vixente orzamento municipal, a partida orzamentaria nº 9240 4890001, denominada “Convenio Federación Peñas Recreativas El Olivo”, nominativa a favor da entidade, con unha consignación presupostaria de 15.000 €.

VI.- Tendo en conta que, de acordo co disposto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión, cuxo obxecto é contribuír aos gastos necesarios para levar a organización, promoción e execución das actividades programadas pola federación de outubro de 2022 a setembro de 2023, cuxa contía, segundo proxecto de actividades e orzamento, achegados pola entidade, ascende a:

ORZAMENTO DE GASTOS DA ENTIDADE (outubro 2022- setembro 2023)	
CONCEPTO	IMPORTE
Área Social: Xestión e administración	6.600,00 €
Área Promoción: Edición da “ Revista Anuario”	1.200,00 €
Área Convivencia: Festa Peña/Cea Voluntario	5.900,00 €
Área Social: XXXIX Trofeo Cidade de Vigo de Xogos de Mesa	2.300,00 €
TOTAIS	16.000,00 €

VII.- Que a entidade “Federación de Peñas Recreativas El Olivo” non incorre en ningunha das circunstancias e prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), para obter a condición de beneficiaria da subvención, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coas administracións estatal, autonómica e local, e fronte a Seguridade Social, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións incorporadas ao expediente.

VIII.- Que, en base as precedentes consideracións e ao interese social, cultural, público e económico que para a cidade de Vigo representan as actividades que desenvolve a entidade “Federación de Peñas Recreativas El Olivo”, o Concello de Vigo e a devandita asociación conveñen a súa colaboración no ámbito sociocomunitario e a celebración deste convenio, de conformidade cos seguintes



Concello de Vigo

PACTOS

Primeiro.- A entidade “*Federación de Peñas Recreativas El Olivo*” comprométese a colaborar coa concellaría de Participación Cidadá e Festas do Concello de Vigo, para o fomento das actividades previstas e, en concreto, a:

1. Levar a cabo a organización, promoción, fomento e execución das actividades obxecto do presente convenio.
2. Comunicar ao Concello de Vigo, Concellaría de Participación Cidadá, cunha antelación de 15 días naturais, o lugar, datas e horas de inicio das actividades, e programación para desenvolver. Así mesmo, obrígase a comunicarlle calquera incidencia que imposibilite ou aprace a actividade requirida, que de ser o caso, comunicárase cunha antelación mínima de 5 días naturais á data da súa realización.
3. Editar o material gráfico da programación das actividades sociais que figuran no convenio e a súa distribución no idioma galego. En todos os casos deberá aparecer o logotipo oficial do Concello de Vigo como patrocinador das actividades, sendo esta cuestión extensible ás placas de trofeos, carpetas, distintivos e outros elementos que realicen.
4. A revista “Anuario” reservará dúas páxinas para os saúdas do alcalde e do concelleiro de Participación Cidadá, figurando na contraportada do libro o texto “Patrocinado polo Concello de Vigo - Concellaría de Participación Cidadá-” co seu logotipo oficial. As páxinas para espazos publicitarios incluíranse no interior do libro e limitaranse a un máximo de 16. Na memoria final deberán indicarse os importes dos patrocinios publicitarios inxeridos na revista.
5. Darlles ás actividades o maior grao de publicidade, facendo constar expresamente, a través da presenza destacada do logotipo oficial, cuxo modelo estará a disposición da entidade no servizo de Participación Cidadá, que son actividades subvencionadas polo Concello de Vigo, respectando, en todo momento, a súa imaxe corporativa.
6. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
7. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.
8. As actividades de carácter sociocomunitario recollidas no presente convenio destinaranse ao público en xeral. O seu acceso será aberto e gratuíto, limitándose o número de asistentes ao aforo do lugar onde se celebren.
9. Presentará ao Concello de Vigo, a través da Concellaría de Participación Cidadá e nos prazos que establece o convenio, a memoria final xunto coa correspondente memoria económica, nos termos sinalados no pacto noveno deste convenio, así como, o balance económico anual.

10. Comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras axudas que, para a mesma finalidade, reciba doutras entidades públicas ou privadas.

11. Facilitar as actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, realicen os técnicos do Concello, polo que estará obrigada a proporcionar canta información e documentación se lle solicite ao efecto.

12. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

13. Contratar un Seguro de Responsabilidade Civil Xeral, no que se inclúa a responsabilidade por danos que poida causar a entidade a terceiros.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Conceder directamente á entidade *Federación de Peñas Recreativas El Olivo* unha subvención por importe de 15.000 € (quinze mil euros), con cargo a partida orzamentaria nº 9240 4890001, denominada “*Convenio Federación Peñas Recreativas El Olivo*” do vixente orzamento municipal, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da organización, promoción, execución e, en definitiva, fomento das actividades sociocomunitarias programadas pola entidade para os meses de outubro de 2022 ata setembro de 2023.

2. Respetar a estrutura organizativa da “*Federación de Peñas Recreativas El Olivo*” e asinar o convenio estruturado en áreas con programas específicos.

3. Colaborar na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.

Pola súa parte, o Concello está facultado para:

1. Obter a información e documentación que considere necesaria co fin de determinar o cumprimento por parte da entidade, das actividades conveniadas, así como, a adecuación do gasto ao valor de mercado.

2. Comprobar a adecuada xustificación, segundo o disposto no pacto noveno, a correcta execución e o cumprimento dos obxectivos marcados e da finalidade que determinou a concesión

ou goce da subvención e, no seu caso, liquidar as contías correspondentes en concepto de axuda económica derivada da súa execución.

3. Esixir o reintegro das cantidades percibidas, así como, os intereses de demora, cando proceda conforme ao art. 37 da LXS.

4. Acordar a imposición de sancións pola comisión de infraccións administrativas en materia de subvencións tipificadas na normativa reguladora.



Concello de Vigo

Terceiro.- En virtude do art. 19.2 LXS, esta subvención será compatible con calquera outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio. Queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incurrir para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

Sexto.- A presente subvención está suxeita aos requisitos de publicidade esixidos por mor do artigo 3 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, resultando suxeitos obrigados polas disposicións do capítulo II do título I: os partidos políticos, organizacións sindicais e organizacións empresariais e as entidades privadas que perciban durante o período dun ano axudas ou subvencións públicas nunha contía superior a 100.000 euros ou cando polo menos o 40% do total dos seus ingresos anuais teñan carácter de axuda ou subvención pública, sempre que alcancen como mínimo a cantidade de 5.000 euros.

Sétimo.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a

necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado, tal e como se establece na cláusula novena deste convenio.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a entidade presentará declaración xurada de non atoparse en ningunha das situacións establecidas nos artigos anteriormente referendados e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

De conformidade co art. 42 e ss. do RD 887/06, neste caso, óptase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiaria, xa que se ten en conta tanto o carácter social da actividade subvencionada, como a traxectoria das anteriores colaboracións coa Federación de Peñas Recreativas El Olivo.

Oitavo.- A entidade beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal nas actividades subvencionadas, mediante a inserción do logotipo oficial do Concello de Vigo en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto, con posterioridade a sinatura do presente convenio. Así mesmo, colocará, en lugar preferente da sede social da entidade, un cartel publicitario, anunciando a colaboración pública do Concello de Vigo no financiamento das actividades da asociación dende o 1 de outubro de 2022 ata o 30 de setembro de 2023.

Noveno.- O pagamento da subvención realizarase logo de que o beneficiario xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola “*Federación de Peñas Recreativas El Olivo*” mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o **30 de setembro de 2023**.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego do trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención otorgada a través de sede electrónica do Concello de Vigo , mediante o Rexistro Xeral (tramitación por internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>, do mesmo xeito que a/as solicitude/s para concorrer ao procedemento.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias das facturas orixinais en papel dixitalizadas e asinadas electrónicamente.

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a **conta**



Concello de Vigo

xustificativa (integrada pola memoria de actividades e a memoria económica dos gastos incorridos) a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

Os documentos que requiran sinatura, **deberán asinarse electrónicamente antes do seu envío a través da sede electrónica.**

A conta xustificativa da subvención outorgada conterá a seguinte documentación e información:

a) Solicitude de abono da subvención asinada electrónicamente.

b) Memoria descritiva das actuacións realizadas asinadas electrónicamente xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:

1. Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado.
2. Datos e lugar de celebración.
3. Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.
4. Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folia aparte, o programa do curso e horas de formación.
5. Actuacións realizadas.
6. Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.
7. No seu caso, memoria de prensa e comunicación.
8. No seu caso, rexistro fotográfico e/ou audiovisual.
9. Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado, do logotipo oficial do Concello de Vigo a difusión pública do cofinanciamento.

c) Unha memoria económica asinada electrónicamente, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, Base factura/nómina, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención. Así mesmo, riscarase cun "x" diante do documento cuxo orixinal se achega, e reflectirase a suma total dos gastos xustificados e a suma total dos documentos orixinais achegados, tendo presente que deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, e orixinais pola parte subvencionada, na forma prevista na Base 38.4 das Bases de Execución do Orzamento.

A parte do gasto do proxecto ou actividade **non subvencionada** xustificarse **con copias de facturas dixitalizadas asinadas electrónicamente**, podendo substituírse pola presentación dunha **certificación** na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto de subvención foi executada na súa totalidade.

d) Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse **facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais, asinadas electrónicamente**, que deben

cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. **Para acreditar a realización do pago deberá presentarse, xunto coa factura, o xustificante de pago bancario (extracto bancario, debe ou movemento bancario).**

Deberá terse en conta, con carácter xeral e, no seu caso, que:

- daráselle preferencia á presentación de facturas sobre os recibos de impostos
- en ningún caso se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...
- no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, deben estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...)
- de conformidade co carácter finalista da subvención, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria
- as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención
- cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fidedigna da exención expedida polo órgano ou administración competente
- as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención
- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse os gastos acreditados deducido o IVE e o IRPF
- xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención
- cando se xustifiquen gastos de aluguer, Modelo 115 de autoliquidación de retencións e ingresos a conta sobre determinadas rendas procedentes do arrendamento, así como, fotocopia do contrato de arrendamento
- cando se inclúan gastos de seguros, achegarase fotocopia do correspondente contrato vixente durante o período subvencionado e o recibo de pagamento

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañando as correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismos Internacionais.

f) A beneficiaria deberá estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

g) Declaración responsable asinada electrónicamente do representante legal da entidade receptora, acreditativa dos seguintes extremos:

- Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.



Concello de Vigo

- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade ou proxecto subvencionado.
- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
- Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 la Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).
- No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.
- Que o programa ou actividade subvencionada que se indica a continuación foi executada na súa totalidade.

h) No caso de solicitude de anticipo, declaración responsable de non incorrer en ningunha das prohibicións ou situacións do art. 31.6 LSG.

i) Acreditarase a difusión pública do financiamento da Concellería de Participación Cidadá e Festas, e de cada unha das actividades para cuxa realización se concede a presente subvención, segundo memoria de actividades achegada, mediante a presenza destacada do logotipo oficial do Concello de Vigo, respectando en todo momento a imaxe corporativa.

Décimo.- A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número ES09 2080 5077 93 3040016285 (ABANCA).

Décimo primeiro.- Antes de proceder ao pago da subvención a entidade beneficiaria deberá estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social.

Décimo segundo.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza das actividades subvencionadas e se realicen no período comprendido entre o 01/10/2022 e o 30/09/2023.

Décimo terceiro.- A realización da actividade subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellaría de Participación Cidadá e Festas. A xefa do servizo de Participación Cidadá emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo cuarto.- A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Participación Cidadá e Festas e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo quinto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 37 Lei Xeral de Subvencións.

Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo sexto.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e, no seu caso, Título IV da Lei de Subvencións de Galicia e Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas para o exercicio da potestade sancionadora.

Décimo sétimo.- A entidade beneficiaria está informada de que os datos persoais facilitados nos anexos, son indispensables para a xestión da subvención e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión obxecto do presente convenio, a práctica da publicación, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas da Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos e Garantía dos Dereitos Dixitais e do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPd do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen



Concello de Vigo

dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org

Décimo oitavo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Décimo noveno.- A presente subvención se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Vixésimo.- - O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2023).

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, en Vigo, data sinatura electrónica,

19(411).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE PROVISIÓN DO POSTO DE TRABALLO DE “SECRETARIA/O DE GOBERNO LOCAL” DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 40249/220.

Dáse conta da proposta de data 23/05/2023, asinado pola técnica de administración xeral da Área de RRHH e Formación e a concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

Por resolución da concelleira delegada da Área de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal de data 12/05/2023 (expediente 40249/220), resolveuse:

Primeiro.- Resolver a convocatoria para a provisión definitiva, polo sistema de libre designación, do posto de traballo de Secretaria/o de Goberno Local, refer. posto 1090101 da vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo (BOPPO nº 188 de 30/09/2022), nos termos do establecido na vixente Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, e normativa de concordante e procedente aplicación.

Segundo.- Nomear a D^a S. GALLARDO FARIÑA, Secretaria de Goberno Local do Concello de Vigo, en atención á motivación exposta, efectuando a súa adscrición ao posto 3 dotación 1, refer. Posto 1090101 da vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo (BOPPO nº 188 de 30/09/2022).

Terceiro.- Dar conta da presente resolución á Alcaldía, na súa condición de órgano delegante, dando conta á Xunta de Goberno Local, ao Pleno da Corporación e traslado de aquela ao órgano competente da Comunidade Autónoma e ao Ministerio de Facenda e Función Pública para publicación no Boletín Oficial do Estado, notificando asemade aos interesados.

Cuarto.- Indicar que, consonte ás bases, o prazo de toma de posesión no novo destino será de 3 días hábiles, si se trata de postos de traballo da mesma localidade, ou de 1 mes, si se trata de primeiro destino ou de postos de traballo en localidade distinta.

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa."

Á vista do recollido na citada resolución e conforme ao disposto no acordo de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local de data 08/09/2022, proponse ao órgano competente:

ÚNICO.- Dar conta á Xunta de Goberno Local da resolución de provisión con carácter definitivo do posto de traballo de "Secretaria/o de Goberno Local" do Concello de Vigo polo sistema de libre designación en convocatoria pública, que tivo lugar mediante resolución da concelleira delegada da Área de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal en data 12/05/2023 (expediente 40249/220).

ACORDO

A Xunta de Goberno local queda informada.

20(412).- RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA PARA A PROVISIÓN DO POSTO DE TRABALLO DE XEFATURA DA ÁREA DE CONTRATACIÓN E NOVOS PROXECTOS. EXPTE. 1710/110.

Visto o informe de fiscalización do 29/05/2023, dáse conta do informe-proposta de data 24/05/2023, asinado pola Secretaria de Administración Municipal e a concelleira de Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

1.- Por Resolución da Concelleira delegada de area de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal de data 8.11.2022 e conforme o informe de calendarización de data 4.03.2022 (expte 1690-110_trámite 390) e nos termos da Resolución da Concelleira de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal de data 3.11.2022 incoouse baixo a instrución da Secretaria de Administración Municipal o procedemento de provisión de posto de traballo da Xefatura da área de Contratación e novos proxectos.



Concello de Vigo

2.- En data 16.12.2022 a Xunta de Goberno Local prestou aprobación as bases reguladoras para a provisión do posto de traballo da Xefatura da área de Contratación e novos proxectos e a súa convocatoria

3.- Trala publicación das bases no BOP núm 247 de data 28.12.2022, extracto de anuncio do DOG núm. 24 3.02.2023 publicouse no BOE núm. 39 de data 15.02.23 a convocatoria de provisión do posto e apertura do prazo de presentación de instancias que rematou o día 8.03.2023.

4.- Durante o prazo de presentación de instancias e segundo consta no expediente 1710-110 presentouse a seguinte solicitude:

- FRANCISCO GONZALEZ YEBRA-PIMENTEL con DNI ***3069**
- BEATRIZ BARBARÁ RODRÍGUEZ con DNI ***9842**

5.- En data 04.05.2023, previa solicitude da instrutora, por Resolución da concelleira delegada en materia de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal designouse á xefatura da Área de Recursos Humanos e Formación, en colaboración co persoal técnico de Administración Xeral contemplado no acordo da Xunta de Goberno Local de 26/11/2020 (expediente nº 36.657/220) aos efectos da emisión do informe sinalado no artigo 54 do Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, e demais normativa de concordante e procedente aplicación, no expediente electrónico nº 1710/110, de provisión definitiva do posto de traballo da Xefatura da Área de Contratación e Novos Proxectos

7.- En data 19.05.2023 a técnica de Administración Xeral e a Xefa de Recursos Humanos e Formación emiten informe.

8.- En data 23.05.2023, previo requirimento, Beatriz Barbará Rodríguez a emenda a solicitude.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A normativa aplicable en materia de provisión dos postos de traballos nas entidades locais ven determinada polo TREBEP ao ser de preferente aplicación a lexislación básica estatal á lexislación autonómica sobre función pública que opera como dereito supletorio de primeiro grao (Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de 25 de abril de 2018). Concretamente o artigo 168 do TRRL dispón que a provisión de postos de traballo que, de conformidade coa relación aprobada, estean reservados ou poidan ser desempeñados por funcionarios de carreira, rexerese polas normas que, no desenvolvemento da lexislación básica en materia de función pública local, dite a Administración do Estado. E o artigo 101 da LRBRL remite en materia de provisión as

normas que regulen estes procedementos en todas as Administracións públicas, entendendo como tales as básicas do estatuto básico del empregado público.

E por isto que o réxime xurídico en materia de provisión de postos de traballo ven determinado pola seguinte normativa

- a)** Preceptos básicos das lexislacións e regulamentos estatais sobre función pública e réxime local. Fundamentalmente o estatuto básico do empregado público aprobado por Real decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro (TRE-BEP), Lei 7/1985, reguladora de bases de réxime local e Texto Refundido de Réxime Local (LRBRL) (este último na disposición final 7ª sinala os preceptos básicos).
- b)** Normativa autonómica sobre réxime local (Lei 5/1997, de administración local de Galicia) e normativa autonómica de función pública local (Lei 2/2015, de emprego público de Galicia -LEGAL-). e o Decreto 93/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional promoción interna, en aquilo que resulte aplicable, vixente en virtude do apartado 2 da disposición derogatoria primeira da Lei 2/2015).
- c)** Preceptos non básicos das lexislacións e regulamentos estatais. Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado (RGI, de aplicación supletoria no eido local) e Regulamento Xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado
- d)** Regulamentos e ordenanzas locais.
- e)** Acordos e pactos reguladores das condicións de traballo dos funcionarios (Acordo regulador de condicións económicas e sociais funcionarios do Concello de Vigo e Convenio colectivos dos empregados integrados no cadro de persoal do Concello de Vigo aprobado polo pleno en sesión de data 28.12.1998)

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Primeiro.- Do postos de traballo obxecto de provisión

O posto de traballo convocado, xefe/a da área de Contratación e novos proxectos atópase recollido na relación de postos de traballo (RPT) do Concello de Vigo publicada no BOP de Pontevedra núm. 188, do 30.09.2022 e na actual RPT aprobada pola Xunta de Goberno Local en data 16.03.2023 e publicada no BOP de Pontevedra núm. 93, do 16.05.2023 a cal establece a libre designación como sistema de provisión.

Segundo.- Da libre designación



Concello de Vigo

O artigo 78 do TREBEP determina que a provisión de postos de traballo en cada Administración Pública levará a cabo polos procedementos de concurso e de libre designación con convocatoria pública.

A libre designación é un procedemento ordinario, que require que a relación de postos de traballo, tras a correspondente motivación por ser un acto discrecional, determine os postos de traballo a proveer por dito sistema.

A libre designación do persoal funcionario de carreira, conleva a apreciación discrecional polo órgano competente da idoneidade dos candidatos en relación cos requisitos esixidos para o desempeño do posto.

Terceiro.- Idoneidade dos candidatos

Segundo o informe xeral de data 19.05.2023 a técnica de Administración Xeral e a Xefa de Recursos Humanos e Formación emiten informe no que, respecto a valoración de méritos determina “ *O posto deberá ser adxudicado entre os/as candidatos/as que reúnan os requisitos esixidos a convocatoria . Como Anexo ao presente informe, inclúese cadro de transcripción s.e.u.o dos méritos acreditados polos/as aspirantes, sen prexuízo do curriculum e documentación achegado por estes, aos meros efectos de facilitar a labor da Sra. Concelleira . Establécese igualmente no presente informe unha xerarquización de criterios de conformidade coa memoria xustificativa da relación de postos de traballo do Concello de Vigo correspondente ao 2022 e coa guía de funcións tipo das xefaturas de área.*

O Tribunal Supremo sinala que «la idoneidad para el puesto [...] la aprecia libremente el órgano competente, juicio que debe ponerse en relación con los requisitos exigidos para el desempeño del puesto caracterizado por esa especial responsabilidad que justificó su clasificación como de libre designación y ese libre juicio de idoneidad es lo que integra la idea de confianza en que el designado realizará un buen desempeño del puesto. Para ese juicio de idoneidad cabe recabar la intervención de especialistas (art. 80.3 EBEP)» (STS 1198/2019).

En todo caso, deberá quedar acreditada no procedemento, como fundamento da resolución adoptada, a observancia do procedemento debido.

IV.-XERARQUIZACIÓN DOS CRITERIOS:

Con carácter previo á valoración dos méritos dos/as candidatos/as presentados/as, debe procederse á xerarquización daqueles criterios concretos que deban valorarse pola súa contribución a un mellor resultado no desempeño do posto, así como os méritos e capacidades profesionais que, desde a perspectiva do interese xeral, resulten máis idóneos para o mellor desempeño do posto. Así, o Tribunal Supremo na sentenza 737/2020 establece que “La discrecionalidad que conlleva a libre designación permite ao órgano de selección «establecer la clase de méritos que se

consideran prioritarios o procedentes para efectuar el nombramiento (por no estar previamente tasados)»

A tal fin se establecen como criterios prioritarios os establecidos na guía de funcións na que os posto se asocia ao posto xeral de Xefaturas de Área” así como aqueles criterios que caracterizaron e xustificaron a especial responsabilidade e confianza para a súa clasificación como posto de libre designación na memoria xustificativa da relación de traballo de 2022, que se reproduce a continuación e segundo a cal o posto de Xefe/a Área de Contratación e Novos Proxectos ten asignadas funcións que para o Xefe de Área determina a guía de funcións.

242. Contratación

Xefe/a da área de contratación e novos proxectos.-

A Xefatura de área ten asignadas funcións que implican unha planificación e xestión estratéxica en materia de contratación que implican procesos de planificación, organización, avaliación, control e seguimento dos resultados en materia de contratación cun marcado carácter transversal.

A especial responsabilidade fundaméntase na facultades na toma de decisións en materia de instrumentos de planificación estratéxica. Dentro da denominada «Estrategia Europa 2020», a contratación pública desempeña un papel clave, posto que se configura como un dos instrumentos baseados no mercado interior que deben ser utilizados para conseguir un crecemento intelixente, sostible e integrador, garantindo ao mesmo tempo un uso máis eficiente con maior racionalidade económica de los fondos públicos. De acordo coas actuais Directivas europeas sobre contratación pública (Directiva 2014/24; e 5 da Directiva 2014/25), a contratación pública estratéxica consiste na incorporación de políticas de desenvolvemento ambiental, social, ético, económico, de innovación e promoción das pemes, sen esquecer o cumprimento dos principios xerais de contratación pública. Ditos elementos foron incorporados e reforzados na Lei 9/2017, dos contratos do sector público (LCSP), nos que se determina que en todos os contratos públicos, os criterios sociais e ambientais que se relacionan co obxecto do contrato deben ser incorporados de forma transversal, e ademais, facilitarase o acceso á contratación pública das pemes. Ligado a contratación estratéxica, se atopa a obriga de elaborar un plan anual de contratación (artigo 26 da LCSP) e así mesmo a nova regulación de contratos menores obriga a revisión dos gastos realizados mediante contratos menores nos últimos exercicios e tramitar contratos con concurrencia e segundo o Plan de integridade de Contratación lle corresponde a elaboración de guías de tramitación e instrucións aplicable a todas as unidades administrativas . A estratexia, configúrase pois, como un dos pilares sobre os que se asenta a contratación administrativa.



Concello de Vigo

Así mesmo o posto ten atribuído a función de coordinación coas distintas unidades administrativas do Concello en orden a determinar claramente as necesidades a satisfacer e coordinación dos procedementos de contratación en aras de acadar consecución da mellora da eficiencia e eficacia na contratación pública considerando que o importe do capítulo 2 de gastos correntes en bens e servizos ascende a un importe de 135.607.453,43 euros, no ano 2020 formalizáronse 126 contratos maiores por un importe de 108.890.649,26 euros. No ano 2021 se licitaron 163 contratos por un importe de 503.227.403,12 euros sen IVE. Para o ano 2022 están planificados 217 contratos por un importe de 151.333.707,10 euros. Así mesmo as necesidades de contratación non afectan a unha soa parte da estrutura vertical, senón que implica a toda organización polo que o titular do posto require dunha visión integradora de todos os servizos dende o punto de vista da contratación en aras dunha correcta planificación e programación contractual co fin de acadar unha mellor eficiencia na utilización de fondos públicos.

Isto implica un maior grao de responsabilidade no só porque o coordinador se faga partícipe da responsabilidade que lle corresponde aos distintos titulares das unidades coordinadas senón porque asume a derivada da propia labor de coordinación dos procedementos e xestións no exercicio das competencias atribuídas ao órgano superior. Esta transversalidade esixe o desenvolvemento de ferramentas e instrumentos que, dentro da estrutura organizativa sectorial, permitan adaptarse a esencia da contratación pública mediante a planificación contractual e seguimento da execución e liquidación dos contratos.

A especial confianza ven determinada pola atribución ao posto de funcións que implican un asesoramento cualificado ao órgano de goberno inmediato que require contar cunha especial confianza de dita persoa, coa que ha de mantense un contacto profesional permanente e estreito co fin de acadar eficacia na execución das directrices e liñas de xestión en materia contractual. Así mesmo no exercicio das funcións de apoio, asistencia ou asesoramento ao órgano inmediato superior (Xunta de Goberno Local como órgano de contratación ou concellerías delegadas) debido a que vai permitir que as mesmas se desenvolvan dende unha perspectiva técnica pero tamén valorando aspectos de oportunidade e conveniencia esenciais na toma de decisións porque permite a consideración de todos os factores que inciden na viabilidade dos distintos programas da área.

Todo de conformidade coa guía de funcións dispoñible no seguinte vínculo <https://transparencia.vigo.org/?id=149&tipo=ele&ita=0&lang=ga>. e memoria xustificativa (expte. 1690-110) a cal consta no mesmo enlace para público coñecemento.

*En base ao exposto establécense como **criterios prioritarios** os seguintes:*

1º.- *Experiencia en postos que impliquen exercicio funcións de natureza directiva, entre as cales se atopan aquelas que implican a xestión organizativa da Área, comunicación interna e externa, mellora continua da Área, planificación, seguimento e control da actividade da Área, prioridades, obxectivos, programación, funcións de xestión económica da Área e aquelas de carácter xeral relacionadas co posto de traballo.*

2º.- *Experiencia en planificación e xestión estratéxica en materia de contratación e na toma de decisións.*

3º.- *Experiencia en asesoramento cualificado, apoio e asistencia na toma de decisións*

4º.- *Experiencia técnica en materia de contratación.*

5º.- *Titulación, formación e docencia.-*

Segundo a memoria xustificativa o titular do posto require dunha visión integradora de todos os servizos dende o punto de vista da contratación en aras dunha correcta planificación e programación contractual co fin de acadar unha mellor eficiencia na utilización de fondos públicos.

V.- APLICACIÓN DOS CRITERIOS:

1.- *Respecto ao primeiro dos criterios referente á experiencia en postos de natureza directiva, o aspirante F. González Yebra-Pimentel acredita experiencia no posto de titular de Asesoría xurídica entre 24/02/2009 a 16/05/2011, sendo que o posto de Titular da Asesoría Xurídica vén contemplado no artigo 130 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local como un dos órganos directivos nos Municipios de Gran Poboación; e se configura como o “Órgano administrativo responsable da asistencia xurídica ao Alcalde, á xunta de Goberno Local e aos órganos directivos, comprensiva do asesoramento xurídico e da representación e defensa en xuízo do concello, sen prexuízo do disposto no apartado segundo do artigo 447 da Lei 6/1985, de 1 de xullo, do Poder Judicial”.*

Segundo os certificados achegados a aspirante d^a. B. Barbará Rodríguez non acredita o desempeño de funcións de carácter directivo.

2.- *Respecto ao segundo dos criterios. Experiencia na planificación e xestión estratéxica en materia de contratación e na toma de decisións. A candidata d^a. B. Rodríguez Barbará acredita o desempeño do posto de xefatura de servizo de Contratación desde o 04/03/2016, posto que conleva ante a vacante da xefatura da Área a planificación e xestión en materia de contratación do servizo durante o devandito período.*

3.- *Experiencia en asesoramento cualificado, apoio e asistencia na toma de decisións. No que respecta ao asesoramento cualificado o aspirante F. González Yebra-Pimentel acredita experiencia non soamente no mencionado desempeño do posto de titular da Asesoría xurídica municipal durante o período entre o 24/02/2009*



Concello de Vigo

e 16/05/2011, senón o desempeño do posto de Letrado no Gabinete Técnico do Tribunal Supremo entre o 18/05/2011 e 30/06/2013.

4.- *Experiencia técnica en materia de contratación.*

O desempeño continuado do posto de xefatura do servizo de contratación por d^a. B. Barbará Rodríguez desde o 04/03/2016, acredita a adquisición de coñecementos e experiencia que deben igualmente ser valorados na marxe do criterio de especialización técnica en materia de contratación. Pola súa banda o candidato d. F. González Yebra-Pimentel, no desempeño do posto de xefatura de asesor xurídico da área de servizos xerais presenta os méritos correspondentes á devandita especialización técnica ao asesoramento en materia de contratos que se relacionan no curriculum vitae e anexo I.

5.- *Titulación, formación e docencia.-*

Non considerando a titulación requirida para o acceso á praza debe considerarse a formación en materia de dirección pública, acreditada polo aspirante d. F. González Yebra-Pimentel, non acreditándose formación nin docencia en materia de contratación, achegándose méritos de formación fundamentalmente en relación a materia urbanística.

En canto a d^a. B. Barbará Rodríguez acredita Máster en Derecho de la Contratación Pública e unha ampla e prolíxa formación actualizada en materia de contratación, así como os méritos de docencia enumerados en relación á cualificación técnica referida á contratación pública."

Polo exposto, a vista da experiencia especializada en materia de contratación e planificación e xestión estratéxica en dito ámbito adquirida mediante o desenvolvemento do posto de xefatura de servizo de contratación dende o 04.03.2016 xunto coa formación específica e actualizada en materia de contratación considérase que a aspirante B. Barbará Rodríguez reúne os requisitos de idoneidade esixidos para o desenvolvemento do posto de Xefatura de Área de Contratación e Proxectos.

CUARTO.- Do órgano competente

O órgano competente para adopción do acordo é a Xunta de Goberno Local conforme o disposto no artigo 127.1.h da LRBRL.

Polo exposto elévase á Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da intervención Municipal, a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Adxudicar a Beatriz Barbará Rodríguez con DNI ***9842** o posto de Xefa de área de Contratación e Novos Proxectos (referencia posto na RPT: 2420101)

SEGUNDO.- A formalización da toma de posesión realizarase conforme a cláusula sexta das bases da convocatoria.

TERCEIRO.- A resolución da convocatoria publicárase no BOP de Pontevedra, no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo e na Sede electrónica do Concello de Vigo

CUARTO.- Contra o presente acordo, que pon fin á vía administrativa, poderán os interesados interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses dende a mesma data, consonte o previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

21(413).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á ASOCIACIÓN PREMIOS DA CRÍTICA DE GALICIA PARA O DESENVOLVEMENTO DE XLV EDICIÓN DOS PREMIOS DA CRÍTICA DE GALICIA 2022. EXPTE. 4939/330.

Visto o informe xurídico do 08/05/2023 e o informe de fiscalización do 25/05/2023, dáse conta do informe-proposta de data 28/04/2023, asinado polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, polo concelleiro-delegado de Área e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data de entrada na sede electrónica municipal 17 de abril de 2023, a entidade "Asociación Premios da Crítica de Galicia" presenta solicitude de subvención nominativa para o financiamento da **XLV Edición dos Premios da Crítica de Galicia 2022, con cargo ao orzamento do 2023**, polo importe de 9.000 euros; por este motivo, con data 18 de abril do 2023 o concelleiro delegado da Área de Cultura resolve que por parte desta xefatura se iniciase o expediente para o concesión dunha subvención nominativa a favor da citada entidade, con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.14 "Subvención Premios da Crítica " do orzamento municipal vixente.

ANTECEDENTES.-

A **ASOCIACIÓN PREMIOS DA CRÍTICA GALICIA** é unha institución con carácter de Fundación Cultural privada que ten como obxectivo estimular e favorecer a cultura galega en xeral e, en particular, o fomento das artes plásticas, etnografía, socioloxía, economía, campos para o que a asociación organiza a convocatoria anual dos **PREMIOS DA CRÍTICA-GALICIA** . Estes premios instituíronse coa finalidade de facer público o recoñecemento que, dentro do marco xeral da cultura galega, merezan os labores individuais ou colectivos para os diversos ámbitos da creación cultural e da investigación en Galicia.

PROGRAMA E ORZAMENTO:

Os Premios da Crítica de Galicia abranguen as seguintes modalidades: Creación literaria, investigación, música, iniciativas culturais e científicas, artes plásticas, arte escénicas, cine e artes audiovisuais e cultura gastronómica.



Concello de Vigo

Os ditames de cada unha das modalidades déronse a coñecer no curso dun acto público que tivo lugar o **19 de novembro do 2022** na sede do Teatro Afundación, na cidade de Vigo.

A memoria económica que se achega, incorpora o orzamento xeral de ingresos e gastos do programa polo importe neto sen iva de 10.711,42 € (dez mil setecentos once euros con corenta e dous céntimos).

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Solicitud de subvención
- Memoria e orzamento da actividade
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Póliza do seguro de responsabilidade civil e recibo do pagamento deste.

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo a "Asociación Premios da Crítica de Galicia" para o financiamento da XLV Edición dos Premios da Crítica de Galicia 2022, con cargo ao orzamento do 2023, rexirase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa a ASOCIACIÓN PREMIOS DA CRÍTICA DE GALICIA deberá axustarse ao previsto no art.22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo do 2023 como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade coa actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza ca oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrencia para o seu outorgamento.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo ao ASOCIACIÓN "Asociación Premios da Crítica de Galicia" para o financiamento da XLV Edición dos Premios da Crítica de Galicia 2022 con cargo ao orzamento do 2023, figurando na aplicación **3340.480.00.14** do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de **9.000 €** (nove mil euros), a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo a ASOCIACIÓN PREMIOS DA CRÍTICA DE GALICIA é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan na proposta.

Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

*"PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa dunha subvención por importe de **9.000 €** (nove mil euros) á "Asociación Premios da Crítica de Galicia" (G27847839) para o financiamento da XLV Edición dos Premios da Crítica de Galicia 2022, con cargo ao orzamento 2023, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.14 "SUBVENCIÓN PREMIOS DA CRÍTICA", que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.*

SEGUNDO.- As condicións que rexirán a subvención serán as seguintes:

OBRIGAS DA ENTIDADE

1. E de responsabilidade da Entidade :

- A organización das actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE,
- A organización integral do programa, a súa ampla difusión e a dispoñibilidade dos espazos, e solicitude, de ser o caso, dos permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.
- Cumprimento do programa obxecto da subvención e o abono dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións,



Concello de Vigo

- produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).
2. Actuará como interlocutor único ante a CONCELLERÍA Don Bieito Ledo Cabido , presidente da entidade
 3. Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
 4. Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo nos elementos de difusión da actividade subvencionada
 5. Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.
A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).
 6. A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas ditas normativas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
 7. Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa e a ditos efectos de contratar e dispoñer dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se producira en relación ao desenvolvemento do evento. Neste sentido, A ENTIDADE presenta copia da póliza e do recibo do pagamento do seguro de responsabilidade civil.

OBRIGAS DO CONCELLO. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

A tramitación da subvención e xestión do pagamento do importe da subvención (9.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN. UNIDADE XESTORA

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do Xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen comunicará calquera incidencia do proxecto subvencionado.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O CONCELLO xestionará o pagamento á EMPRESA polo importe da subvención outorgada ou resultante, trala entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse coa presentación na sede electrónica das facturas correspondentes ao gasto do proxecto ou actividade ademais deberá achegar un balance que abrangue a totalidade do gasto ou unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que obxecto da subvención executouse na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitud de pagamento da subvención, tendo como límite o 13 de novembro do 2023.
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
 1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
 2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
 3. Memoria de prensa.
 4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
 5. Reportaxe fotográfica.



Concello de Vigo

- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a EMPRESA como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Gastos subvencionables:

Considerarase como gasto subvencionable os realizados dende o 15 de novembro do 2022 e ao longo do 2023 que se xustifiquen coa correspondente factura con anterioridade a finalización do período de xustificación, por tratarse a perceptora da subvención dunha entidade sen fin lucrativo e en consideración a que o importe da subvención constitúe unha das formas de financiamento para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención e ademais non se contempla a realización de pagos a conta ou anticipados.

Consideraranse gastos subvencionables, aqueles que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á EMPRESA é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola EMPRESA para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura. Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarllo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

REINTEGRO

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención e o procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei



Concello de Vigo

Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A concesión da subvención rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

22(414).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE FORMACIÓN PARA FUNCIONARIOS DE NOVO INGRESO E PROMOCIÓN INTERNA DO SERVIZO DE BOMBEIROS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 6810/213.

Visto o informe xurídico do 25/05/2023 e o informe de fiscalización do 26/05/2023, dáse conta do informe-proposta de data 09/05/2023, asinado pola xefe do servizo de Extinción de Incendios, pola concelleira delegada de Área e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público 8RLCSP no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP) no que no se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).

ANTECEDENTES

Primeiro.- Mediante resolución de 3 de xaneiro de 2023 a concelleira-delegada da Área de, Seguridade Contratación e Xestión Municipal acordou iniciar o procedemento de contratación para o servizo de formación para os funcionarios de novo ingreso e promoción interna do Servizo de Bombeiros. Esta resolución foi asinada pola Secretaria do Goberno Local o 3 de xaneiro de 2023.

Segundo.- No expediente tramitado ó efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade do contrato asinado polo xefe do servizo de Bombeiros e a concelleira-delegada de Seguridade Contratación e Xestión Municipal o 3 de xaneiro de 2023.
- Resolución de inicio do expediente de contratación da concelleira-delegada da Área de Seguridade Contratación e Xestión Municipal o 3 de xaneiro de 2023, asinado concelleira-delegada da Área de Seguridade Contratación e Xestión Municipal pola Secretaria do Goberno Local o 3 de xaneiro de 2023.
- Certificado de crédito de data 27 de marzo de 2023.
- Memoria económica do contrato, asinada polo xefe do servizo de bombeiros co conforme da concelleira-delegada da Área de Seguridade Contratación e Xestión Municipal de 22 de marzo de 2023 e modificada con data de 5 de maio de 2023.
- Memoria xustificativa do contrato, asinada polo xefe do servizo de bombeiros co conforme da concelleira-delegada da Área de Seguridade Contratación e Xestión Municipal de 29 de marzo de 2023 e modificada pola Concelleira Delegada de Seguridade Contratación e Xestión Municipal de data de 8 de maio de 2023.
- Prego de prescricións técnicas particulares (PPT) de 22 de marzo de 2023, asinado polo xefe do servizo de bombeiros e modificado con data de 5 de maio de 2023.
- Dilixencia da técnica de administración xeral de contratación de data de 5 de maio de 2023.
- Informe da técnica de Administración Xeral e xefa do Servizo de Contratación de 8 de maio de 2023 sobre a incorporación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto do servizo , formación para funcionarios de novo ingreso e promoción interna para o Servizo de Bombeiros, asinado pola técnica de Administración Xeral e xefa do Servizo de Contratación de 8 de maio de 2023.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP, iniciárase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 desta lei. No concello de Vigo esta competencia esta delegada por acordo da Xunta de Goberno Local de 8 de setembro de 2022 nos concelleiros de Área. A concelleira-delegada da Área de Seguridade Contratación e Xestión Municipal



Concello de Vigo

mediante resolución de 3 de xaneiro de 2023 autorizou o inicio da tramitación deste expediente de contratación.

Segundo.- Dado o obxecto o tipo de contrato é de servizo (art. 17 LCSP). O procedemento elixido para a contratación é o aberto (art. 159.1 LCSP) por razón da contía, polo que ao tratarse dun procedemento aberto non é necesaria a súa xustificación.

Terceiro.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e no mesmo consta, tal e como prevé o artigo 116 apartados 2 e 3 da LCSP o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas.

Cuarto.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

Quinto.- Na memoria xustifícase a non división en lotes (artigo 116.4.g) LCSP), a insuficiencia de medios (artigo 116 LCSP) o prezo e a súa xustificación (artigo 100 e seguintes LCSP), o valor estimado do contrato (artigo 116.4.d) LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), as condicións especiais de execución (art. 202.1 LCSP), o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 d Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril).

Sexto.- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartado 8 da LCSP e a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), requírese o informe preceptivo da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Sétimo.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe de fiscalización previa, incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo á aprobación polo órgano de contratación.

Oitavo.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda apartado 11 da LCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

A vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto do servizo de Formación para funcionarios de novo ingreso e promoción interna do Servizo de Bombeiros que contén o prego de prescricións técnicas asinado polo xefe do servizo de bombeiros en data 5 de maio de 2023.

2º. Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, redactado polo Servizo de Contratación e asinado pola técnica de Administración Xeral e a xefa do Servizo de Contratación o 8 de maio de 2023.

3º.- Autorizar o gasto por importe de 182.001,00 euros (prestación exenta de IVE, artigo 20 Lei 37/1992 do IVE), que se imputará á aplicación orzamentaria 13602279910 “Cursos de formación impartidos por empresas”, do presuposto do exercicio de 2023.

4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

23(415).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA AO TEATRO ENSALLE SLL PARA O DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN DA SALA TEATRO ENSALLE DESDE O 15 DE NOVEMBRO AO 31 DE DECEMBRO DO 2022 . EXPTE. 4945/330.

Visto o informe xurídico do 03/05/2023 e o informe de fiscalización do 25/05/2023, dáse conta do informe-proposta de data 21/04/2023, asinado polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, polo concelleiro-delegado de Cultura e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data da sede electrónica municipal 31 de xaneiro do 2023, a entidade “ Teatro Ensalle SLL” presenta escrito de solicitude de subvención para a programación da Sala Ensalle dende o 15 de novembro ao 31 de decembro do 2022 con cargo ao orzamento 2023 ; por este motivo, o día 19 de abril do 2023 o concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente, polo importe de 5.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.470.00.04 do orzamento municipal vixente.

ANTECEDENTES.-

A entidade “ **TEATRO ENSALLE SLL**” é unha empresa que xestiona dende o ano 2003 a programación regular e estable da sala Teatro Ensalle e que aposta pola cultura como elemento central no desenvolvemento persoal e social da cidadanía, un instrumento para o fortalecemento das relacións cidadás e un sector importante para a xeración de emprego cualificado. Así mesmo, aposta por converter a cultura nunha prioridade, promovendo a educación, a creatividade, convertendo aos cidadáns en protagonistas, potenciando o fomento da creación e da formación artística.

PROGRAMA E ORZAMENTO:

O programa subvencionado celebrouse na Sala Ensalle segundo a seguinte programación:

- **XVII Festival Catropezas, novembro do 2022:**
- *18, 19 y 20 Pensamientos de una bailarina Cía. Elena Córdoba. Estrea en Galicia*
- *25, 26 y 27 Bailar el sonido Cía. Sandra Gómez (Comunidad Valenciana).ESTREA EN GALICIA*
- **Final XVII FESTIVAL CATROPEZAS '22. DECEMBRO '22**
- *2, 3 e 4 LOS LÍMITES DEL DESEO (O) EL PELIGRO DE ESTAR VIVOS.Cía. Terrorismo de Autor (Madrid)*

A memoria económica que se achega, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa polo importe total de 20.535,96 € (vinte mil cincocentos trinta e cinco euros con noventa e seis céntimos), dos que o Concello de Vigo achega 5.000 €.

DOCUMENTACIÓN.-



Concello de Vigo

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Solicitud
- Memoria e orzamento da actividade
- NIF do administrador solidario
- CIF da empresa
- Escrituras da empresa
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Seguro de responsabilidade civil e recibo do pagamento correspondente

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo ao TEATRO ENSALLE SLL, para a programación da Sala Ensalle , rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa ao TEATRO ENSALLE SLL deberá axustarse ao previsto no art.22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo de 2023, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade coa actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza ca oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrencia para o seu outorgamento.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo ao TEATRO ENSALLE SLL ten como obxecto financiar a programación da Sala Ensalle do 15 de novembro ao 31 de decembro do 2022, figurando na aplicación **3340.470.00.04** do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa polo importe de 5.000 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo ao TEATRO ENSALLE SLL é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

CONDICIÓN S DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan na proposta.

Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, cos informes xurídico e da Intervención Xeral, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

PRIMEIRO- Aprobar a concesión directa dunha subvención por importe de 5.000 € (cinco mil euros) á entidade "TEATRO ENSALLE SLL", CIF. B36920247, para o financiamento da programación da Sala Ensalle do 15 de novembro ao 31 de decembro do 2022 con cargo ao orzamento 2023, organizada por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.470.00.04 "PROGRAMACIÓN TEATRAL CONVENIO TEATRO ENSALLE", que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.

SEGUNDO- As condicións que rexirán a subvención serán as seguintes:

OBRIGAS DA ENTIDADE

1. É de responsabilidade da Entidade :
 1. A organización das actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE,
 2. A organización integral do programa, a súa ampla difusión e a dispoñibilidade dos espazos, e solicitude, de ser o caso, dos permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.
 3. Cumprimento do programa obxecto da subvención e o abono dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).
2. Actuará como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D. Pedro Martínez Fresneda Martínez , coxerente da entidade.



Concello de Vigo

3. Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
4. Ter incorporado os anagramas-logotipos do Concello de Vigo nos elementos de difusión da actividade subvencionada
5. Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

6. A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
7. Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa e a ditos efectos ter contratado e dispoñer dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se puido producir en relación ao desenvolvemento do evento. Neste sentido, A ENTIDADE presenta recibo do pagamento do seguro de responsabilidade civil do período subvencionable.

OBRIGAS DO CONCELLO. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

1. A tramitación da subvención e xestión do pagamento do importe da subvención (5.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN. UNIDADE XESTORA

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do Xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen comunicará calquera incidencia do proxecto subvencionado.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O CONCELLO xestionará o pagamento á EMPRESA polo importe da subvención outorgada ou resultante, trala entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse coa presentación na sede electrónica das facturas e xustificantes de pago efectivo correspondentes ao gasto do proxecto ou actividade ademais deberá achegar un balance que abranxa a totalidade do gasto ou unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que obxecto da subvención executouse na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

A teor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitude de pagamento da subvención, tendo como límite o 13 de novembro de 2023
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:

1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.



Concello de Vigo

2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
 3. Memoria de prensa.
 4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
 5. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
 - Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
 - As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a EMPRESA como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
 - Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
 - **So se considerará gasto realizado o efectivamente pagado con anterioridade a la finalización do período de xustificación. En consecuencia, ademais das facturas terá que acreditarse documentalmete a realización do pagamento dos gastos. (art. 31.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e 29.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia)**

Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados dende o 15 de novembro do 2022 ata o 13 de novembro do 2023 ,que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á EMPRESA é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola EMPRESA para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrència con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura. Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarallo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

REINTEGRO

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

INFRACCIÓNS E SANCIÓN

En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e o procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.



Concello de Vigo

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A concesión da subvención rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

24(416).- PROXECTO DE CONVENIO COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA O DESENVOLVEMENTO DO “OUTONO LÍRICO 2023” ORGANIZADO POLA ASOCIACIÓN DE AMIGOS DA ÓPERA. EXPTE. 4943/330.

Visto o informe xurídico do 15/05/2023 e informe de fiscalización do 26/05/2023, dáse conta do informe-proposta de data 09/05/2023, asinado polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, polo concelleiro delegado de Cultura e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Os artigos 57 da LRBRL e 195 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, Lei de Administración Local de Galicia (LALGA), prevén a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e a Administración do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais coma en asuntos de interese común. As formas e termos da colaboración serán os previstos nas Leis, podendo ter lugar mediante consorcios ou convenios administrativos que subscriban as partes.

Os artigos 86 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, 111 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións legais vixentes de réxime local (TTRRL) e o artigo 34 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2017/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 contemplan que as Administracións Públicas

poderán celebrar acordos, pactos, convenios e contratos, con persoas tanto de dereito público como privado sempre que non sexan contrarios ao ordenamento xurídico ou versen sobre materias non susceptibles de transacción e teñan por obxecto satisfacer o interese público encomendado, co alcance, efectos e réxime xurídico específico que en cada caso prevea a disposición que o regule.

O artigo 6 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, regula como excluídos do ámbito subxectivo da mesma, os convenios de colaboración que celebre a Administración Xeral do Estado coas entidades xestoras e servizos comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídica pública de elas dependentes e as entidades con personalidade privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador.

O carácter cultural atópase entre as competencias atribuídas aos municipios nos artigos 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Pola súa banda a lexislación vixente en materia de réxime local, concretamente no artigo 31 da Lei 7/1985, encomenda ás Deputacións que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, recolléndose no seu artigo 36 como competencia propia das Deputacións a asistencia e cooperación económica aos concellos.

A Concellería-Delegada da Área de Cultura ten entre as súas competencias o fomento, promoción e axuda a entidades, institucións e asociacións artísticas e culturais, así como o fomento de toda clase de actividades que promovan a creatividade artística en xeral, co obxectivo da difusión e extensión da cultura en calquera das súas manifestacións.

A asociación "AMIGOS DE LA ÓPERA DE VIGO" é unha entidade sen ánimo de lucro, que se dedica a fomentar o coñecemento e a difusión da mellor ópera entre a sociedade viguesa, mediante a programación de concertos e outras actividades, a fin de promover a afección á música como actividade tanto cultural coma social.

Entre as actividades organizadas pola Asociación de Amigos de la Ópera está o desenvolvemento do "Festival Outono Lírico 2023", un evento cultural de gran importancia na cidade de Vigo; neste sentido o segmento ao que se dirixe esta oferta, non resulta accesible para as canles tradicionais de promoción, tanto polo custe como polo impacto.

O Festival deste ano estará formado por oito eventos que conforman as distintas actividades e ciclos do mesmo con dúas óperas e dous compositores como grandes protagonistas segundo a seguinte programación:

IL TROVATORE



Concello de Vigo

Teatro Afundación, 15 de outubro ás 19 horas

DON PASQUALE

Teatro Afundación, 5 de novembro ás 19 horas

NOVAS VOCES DA LÍRICA GALEGA

Auditorio Martín Códax. Conservatorio Superior de Música, 30 de setembro ás 20,00 horas

Susana García (soprano)

Cristina Ledo Iglesias (piano)

Arias de ópera y romanzas de Zarzuela

CICLO OPERA NO CINE

Auditorio Municipal del Concello de Vigo,

5 de outubro as 19,30 horas "LA TRAVIATA" (VERDI).

26 de outubro. 19,30 horas "LUCIA DI LAMMERMOOR" (DONIZETTI).

Sala de Conferencias del Centro Social Afundación

Como é habitual se desenvolverá tamén un ciclo de conferencias, didácticas e formativas, relacionadas coas diferentes actividades que conforman o festival

14 de outubro. 19,30 horas. "Il Trovatore o la oscura ley del destino".

4 de novembro. 19,30 horas. "Don Pasquale. What Else?".

6 de novembro. 19,30 horas. "Victoria de los Ángeles. Línea e Sutileza".

Polo todo o exposto e, ao abeiro do dito principio de cooperación entre o Concello de Vigo e a Excm. Deputación de Pontevedra, está previsto a realización dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación de Pontevedra na que a Deputación realiza unha achega de 20.000 € (vinte mil euros) para o financiamento da organización do "Festival Outono Lírico 2023", que terá lugar na cidade de Vigo.

En consecuencia, o 18 de abril do 2023, o concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente necesario para a redacción dun convenio de colaboración entre a Excm Deputación Provincial de Pontevedra e o Excmo Concello de Vigo para o financiamento do "Outono Lírico 2023", organizado pola "Asociación de Amigos de la Ópera".

Conforme ao disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras

debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública e se outorguen directamente.

Nos orzamentos municipais do ano 2023 figura unha subvención nominativa a favor da entidade "As. Amigos da Ópera de Vigo. Outono Lírico", aplicación 3340.480.00.05 polo importe de 60.000 euros que se tramitará conxuntamente xunto cos 20.000 euros achegados pola Deputación.

Este convenio incorpora os contidos mínimos esixidos para a concesión destas subvencións polo art. 26.2 da Lei de Galicia 9/2007 e a Base 38 de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo; contidos que se estiman conformes ao interese público que o convenio perseguidos.

Os gastos derivados da organización e desenvolvemento do "Outono Lírico 2023" segundo o orzamento presentado, ascenden a un total de 192.500 €.

En aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido no artigo 20.4 e 20.8 da Lei 38/2003.

O Concello de Vigo non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, encóntrase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social, segundo resulta das certificacións que figuran no expediente.

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; polas Bases de Execución dos orzamentos das Administracións asinantes e polas restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, polas normas de dereito privado;

Así mesmo, a falta de entendemento previo pola Comisión de seguimento e control as partes quedan sometidas á xurisdición contencioso-administrativa na resolución de posibles controversias que puideran suscitar o incumprimento ou a interpretación do convenio.



Concello de Vigo

Conforme o artigo 7.4 da LSG a competencia para conceder subvencións nas Entidades Locais corresponde aos órganos que teñan atribuída na súa normativa específica correspondendo a Xunta de Goberno local a concesión da subvención e aprobación do gasto en virtude da delegación de facultades efectuada por resolución da Alcaldía de data 18.06.2019 e artigo 127 g) da Lei 7/85, do 2 de abril.

Á vista do exposto, previo os informes xurídico e da Intervención de fondos, coa conformidade do concelleiro da Área de Cultura e do concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, faise á Xunta de Goberno local a seguinte

PROPOSTA:

Primeiro.- Aprobar o texto do convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial de Pontevedra e o Excmo. Concello de Vigo, que se achega ao expediente, para o financiamento do "Outono Lírico 2023", que terá lugar na cidade de Vigo organizado pola "Asociación de Amigos de la Ópera" na que a Deputación realiza unha achega de 20.000 € (vinte mil euros).

Segundo.- Dar conta á Deputación Provincial de Pontevedra da aprobación do convenio que se incorpora a este expediente e solicitar a súa subscrición.

Terceiro.- Tras a sinatura deste convenio iniciárase a tramitación administrativa coa finalidade de cumprimentar os termos da adxudicación da subvención.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O EXCMO. CONCELLO DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DO FESTIVAL "OUTONO LÍRICO 2023" ORGANIZADO POLA ASOCIACIÓN DE AMIGOS DA ÓPERA DE VIGO

En Vigo, na data da sinatura electrónica

INTERVEÑEN

Dunha parte, dona María del Carmen Silva Rego, quen actúa no nome e representación da Deputación Provincial de Pontevedra, en virtude do seu cargo como presidenta e en función das atribucións que lle confire o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 105 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Doutra, don Abel Fermín Losada Álvarez, quen actúa no nome e representación do Concello de Vigo, en virtude do seu cargo de concelleiro-delegado da Área de Cultura, en virtude das facultades delegadas por resolución de Alcaldía de data 17/08/2020, 04/09/2020 e 06/09/2022

E actuando don Carlos Cuadrado Romay, en calidade de secretario xeral da Deputación de Pontevedra, e dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria da Administración Municipal do Concello de Vigo, dando fé do acto que se celebra.

As partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense recíprocamente capacidade bastante para o outorgamento e formalización deste convenio, con base nos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas e, a estes efectos, de común acordo,

EXPOÑEN

I.- Que a promoción da cultura e equipamentos culturais se atopa entre as competencias atribuídas aos municipios no artigo 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Pola súa banda a lexislación vixente en materia de réxime local, concretamente no artigo 31 da Lei 7/1985, encomenda ás Deputacións que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, recolléndose no seu artigo 36 como competencia propia das deputacións a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de conformidade coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. Así mesmo, o artigo 118 da LALGA atribúe as Deputacións Provinciais rexer e administrar os intereses peculiares da provincia, creando, conservando e mellorando os servizos, cuxo obxecto sexa o fomento dos mesmos e, en especial, organización de concursos e exposicións ou de calquera outra actividade cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte.

II.- Que a Deputación Provincial de Pontevedra, nos orzamentos do ano 2023, contempla unha aplicación orzamentaria, no capítulo de transferencias correntes, para convenios co Concello de Vigo.

III.- Que a asociación “AMIGOS DE LA ÓPERA DE VIGO”, organizadora do evento cultural “Outono Lírico 2023” é unha entidade sen ánimo de lucro, que se dedica a fomentar o coñecemento e a difusión da mellor ópera entre a sociedade viguesa, mediante a programación de concertos e outras actividades, a fin de promover a afección á música como actividade tanto cultural coma social.

Neste sentido, o segmento ao que se dirixe esta oferta, non resulta accesible para as canles tradicionais de promoción, tanto polo custe como polo impacto.



Concello de Vigo

IV.- Que, de acordo coas precedentes consideracións e en desenvolvemento da colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación de Pontevedra que ten como un dos seus obxectivos estratéxicos o apoio ás iniciativas de fomento de actividades culturais, acordan aprobar o presente convenio de colaboración, que asinan os intervinientes, con arranxo aos seguintes

PACTOS

PRIMEIRO.- OBXECTO DO CONVENIO

É obxecto deste convenio establecer e concretar o réxime de colaboración entre ambas administracións locais para o financiamento da organización do "Outono Lírico 2023", que ten lugar entre os meses de setembro a novembro do 2023 na cidade de Vigo.

SEGUNDO.- FINANCIAMENTO DO CONVENIO

O importe ao que se refire o presente convenio atende ás necesidades de desenvolvemento do citado evento cultural, que conta cun orzamento total de 192.500 euros (CENTO NOVENTA E DOUS MIL CINCOCENTOS EUROS)

As actuacións ás que se refire este convenio serán financiadas pola Deputación Provincial, que se obriga a sufragar o seu custe ata a cantidade máxima de 20.000 euros (vinte mil euros) IVE engadido, consonte a seguinte distribución:

	Anualidade	Total
Deputación de Pontevedra	2023	20.000,00 €

O pago da anualidade do 2023 realizarase contra a aplicación 23/942.9420.462.14 do orzamento provincial (Concellos-Investmentos en Convenios (Vigo en Pontevedra).

No caso de que a actuación teña un custo inferior ao inicialmente previsto, e sempre que isto non supoña unha execución deficiente da totalidade da actuación, o financiamento reducirase proporcionalmente.

TERCEIRO.- EXECUCIÓN DO CONVENIO

1º.- A execución deste convenio e o seu financiamento pola Deputación Provincial terá lugar coa desagregación que se establece no pacto segundo deste convenio de colaboración.

2º.- O Concello de Vigo redactará unha proposta de convenio coa "Asociación de Amigos de la Ópera", CIF G 36622116 para coadxugar ao financiamento do festival "Outono Lírico 2023" que se desenvolve na cidade de Vigo.

O Concello de Vigo remitirá unha copia do dito acordo á Deputación Provincial.

3º.- A Administración municipal remitira á provincial a xustificación das actuacións recollidas no convenio de colaboración.

4º.- A Deputación Provincial someterá o texto da proposta de subvención do Concello de Vigo á “Asociación de Amigos de la Ópera” á supervisión e comprobación dos seus servizos técnicos, e se o estima oportuno, poderaos someter á aprobación do órgano de goberno que corresponda, coa finalidade de autorizar as actuacións previstas nos mesmos.

5º.- A Deputación Provincial poderá inspeccionar as actuacións obxecto deste convenio cando o teña por conveniente, así como formular as observacións que estime pertinentes, sen prexuízo de que corresponda en exclusiva ao órgano de contratación e ao responsable do contrato a emisión das ordes e instrucións que procedan.

6º.- En todo caso, a achega ao Concello de Vigo farase efectiva mediante transferencia bancaria, que será librada contra a presentación das correspondentes facturas ou documentos análogos acreditativos do gasto efectuado, así como da restante documentación xustificativa necesaria e logo da súa fiscalización pola Intervención provincial, e na parte proporcional do financiamento.

CUARTO.- COMPROMISOS DO CONCELLO

O Concello de Vigo obrígase a:

- Financiar a realización do evento, achegando a cantidade correspondente, de conformidade no disposto no pacto segundo, que será librada contra a presentación das correspondentes facturas ou documentos análogos acreditativos do gasto efectuado.
- Redactar unha proposta de subvención do concello de Vigo á “Asociación de Amigos de la Ópera”, CIF G 36622116 para coadxuvar ao financiamento do "Festival Outono Lírico 2023" que se desenvolve na cidade de Vigo
- Aprobar o texto da proposta de subvención á “Asociación de Amigos de la Ópera” pola Xunta de Goberno Local, de conformidade co artigo 127.1.g) Lei 7/1985, e remitir un exemplar do acordo á Deputación Provincial.
- Obter os correspondentes permisos e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.
- Xustificar perante a Deputación as actuacións ás que se refiren as prestacións executadas mediante a presentación da documentación acreditativa dos gastos.
- Destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos.
- Comunicar á Deputación, de forma inmediata, a obtención doutras subvencións ou axudas para a dita finalidade procedentes de calquera administración pública ou ente privado nacional ou internacional, con expresión da súa contía.
- Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden á Intervención Provincial, ó Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.

Así mesmo, o Concello de Vigo comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e en especial as recollidas no artigo 11 da



Concello de Vigo

mesma. Tamén será de aplicación o establecido no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, na Lei 38/2003 xeral de subvencións e no seu regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo.

QUINTO.- COMPROMISOS DA DEPUTACIÓN

A Deputación de Pontevedra comprométese a:

- Financiar os custes derivados do convenio, ata a cantidade máxima de 20.000 euros (vinte mil euros), IVE incluído, de conformidade co disposto no pacto segundo, que será librada contra a presentación das correspondentes facturas ou documentos análogos acreditativos do gasto efectuado, na parte proporcional do financiamento.
- Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas, en cumprimento do disposto no artigo 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e da Resolución Presidencial número 2017008767 de 8 de maio de 2017, tratándose asemade dun convenio cuxas achegas económicas non exceden de 600.000 euros.

SEXTO.- PUBLICIDADE

A acción obxecto de subvención deberá garantir un alto impacto e visibilidade da colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo.

Por outra parte, en cumprimento do establecido na resolución de 15 de xuño de 2020, da Intervención Xeral da Administración, do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, e, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír ós principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa páxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido nos artigos 20.4 e 20.8.b da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

SÉTIMO.- COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCIÓNS

Conforme o disposto no artigo 40.1º, letra d) do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou e organismos internacionais.

Porén, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo total da actividade subvencionada.

OITAVO. XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A documentación xustificativa a presentar polo Concello, previa á realización do pago final, será a seguinte:

- Copia do acordo de aprobación da Xunta de Goberno Local da proposta de subvención do Concello de Vigo á “Asociación de Amigos de la Ópera”, CIF G36622116 para a organización do Outono Lírico 2023
- Memoria explicativa e detallada das actividades realizadas relacionadas cos gastos da actividade subvencionada, con mención dos resultados obtidos e identificación do asinante;
- Informe favorable de pagamento da xustificación do convenio asinado polo responsable do servizo competente do Concello;
- Facturas, ou documentos análogos acreditativos do gasto efectuado;
- Conta xustificativa que relacione os gastos da actividade subvencionada;
- Memoria de gastos e ingresos relacionados coa actividade;
- Certificación do pagamento a favor da “Asociación de Amigos da Opera” para o desenvolvemento do festival “Outono Lírico 2023 ”, asinada polo Tesoureiro do Concello de Vigo;
- Acreditación da difusión dada á colaboración da Deputación no financiamento da actividade;
- Declaración responsable de que os ingresos e gastos que figuran na conta xustificativa se destinaron á actividade obxecto do convenio; dos ingresos obtidos; e de que as subvencións ou axudas obtidas non superan o custe da actividade;
- Declaración das axudas solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, na que se indicará de ser o caso, a entidade concedente, data e importe total concedido.
- Calquera outra documentación esixible pola normativa vixente para a correcta xustificación deste convenio ou que se considere necesaria para a comprobación da correcta execución do obxecto do convenio.

NOVENO.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para o seguimento e coordinación da execución deste convenio e resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación crearase unha comisión integrada por dous representantes de cada unha das Administracións asinantes, un dos cales terá carácter técnico.



Concello de Vigo

Corresponderá á Comisión de Seguimento, entre outras funcións:

- A puntual recepción de información sobre todas as actuacións que se produzan na execución do convenio a que este convenio se refire.
- Impulsar e avaliar o cumprimento deste convenio propoñendo as actuacións que se consideren precisas.
- Propoñer a interpretación, no caso de dúbida, do seu contido.
- Se xorden controversias na aplicación do convenio propoñerlles ás partes a súa resolución.
- A resolución das dúbidas que presente a interpretación do convenio e, no seu caso, a emisión de informe se a dúbida ten que ser resolta polos órganos de goberno das administracións asinantes.

A Comisión de Seguimento reunirse cando o estime conveniente o seu responsable, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros. As súas reunións terán lugar na Casa do Concello de Vigo. Na reunión constituínte da Comisión de Seguimento designarase ao seu responsable e ao seu secretario que levantará acta das súas reunións.

DÉCIMO.- VIXENCIA

O presente convenio producirá os seus efectos desde a data da súa sinatura ata a total execución das actividades ás que o mesmo se refire, que en todo caso non excederá do 31/12/2023, estendéndose o seu prazo de xustificación, como máximo, ata o 31/03/2024.

DÉCIMO PRIMEIRO.- EXTINCIÓN DO CONVENIO

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Serán causas de resolución:

1º.- O transcurso do prazo máximo de vixencia do convenio.

2º.- O acordo unánime dos asinantes.

3º.- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, notificarase á parte incumpridora un requirimento para que, no prazo que se sinale, cumpra coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento será comunicado tamén ao responsable da Comisión de Seguimento. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte

a concorrencia de causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá dar lugar a indemnización dos danos e perdas causados.

4º.- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

5º.- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

DÉCIMO SEGUNDO.- RÉXIME XURÍDICO E XURISDICIÓN

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerese pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; polas Bases de Execución dos orzamentos das Administracións asinantes e polas restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, a falta de entendemento previo pola Comisión de seguimento e control as partes quedan sometidas á xurisdición contencioso-administrativa na resolución de posibles controversias que puideran suscitar o incumprimento ou a interpretación do convenio.

E, en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente convenio por duplicado e a un só efecto no lugar e na data sinalados no seu encabezamento.

25(417).- DAR CONTA DO PASE A VÍA DE CONSTRINXIMENTO DAS LIQUIDACIÓNS POLAS TAXAS DE ANOTACIÓN REXISTRAL. EXPTE. 15687/407.

Dáse conta do informe-proposta de data 23/05/2023, asinado pola técnica de Tesourería e Xestión de Ingresos e o xerente de Urbanismo, que di o seguinte:

A partir de xaneiro do ano 2000 os ingresos polos distintos conceptos urbanísticos son liquidados, recadados e contabilizados polos servizos desta Xerencia Municipal de Urbanismo.

Cando as taxas pola anotación preventiva no rexistro da propiedade non son ingresadas polos interesados no período voluntario, deben pasarse á vía de constrinximento.

De conformidade coa base 48ª das bases de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo e a base 5ª das propias deste Organismo Autónomo "a recadación en vía de constrinximento dos ingresos da Xerencia farase utilizando os medios da



Concello de Vigo

Tesourería do Concello. A proposta do Xerente, o Tesoureiro dictará a correspondente providencia de apremio”.

O Concello contabilizará extrapresupostariamente os ingresos por este concepto para o posterior traspaso á Xerencia Municipal de Urbanismo.

En consecuencia, propónse á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo a adopción do seguinte acordo:

Quedar enterada das seguintes liquidacións polas de taxas de anotación preventiva que se remiten ao Tesoureiro do Concello de Vigo para que dicte a correspondente providencia de apremio:

Expediente 18634/423 (****891S)	104,14 euros
Expediente 17624/423 (****885W)	141,89 euros
Expediente 17624/423 (****680K)	106,56 euros
Expediente 20464/423 (****699C)	159,34 euros
Expediente 20462/423 (****699C)	159,34 euros
Expediente 17892/423 (****867Z)	117,36 euros
Expediente 21113/423 (B****949)	248,45 euros
Expediente 20946/423 (****665T)	93,11 euros
Expediente 20682/423 (A****501)	66,89 euros
Expediente 20854/423 (****168G)	129,13 euros
Expediente 20535/423 (B****920)	152,89 euros
Expediente 20695/423 (****246T)	265,39 euros
Expediente 18022/423 (****820H)	152,60 euros
Expediente 22453/423 (****734R)	114,04 euros
Expediente 19509/423 (****426L)	230,94 euros

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

- .- Aprobación do proxecto “Demolición do emisario da antiga EDAR Lagares” e custos asociados ao mesmo. Expte. 1603/441.
- .- Proposta de aprobación do proxecto de Obradoiro de Emprego Dual “Vigo Capacita IX” e solicitude de subvención á Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia. Expte. 20085/77.
- .- Outorgamento de “Axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio” tras emenda de solicitudes. Expte. 26298/332.
- .- Expediente de contratación do servizo de mantemento integral dos elementos mecánicos de transporte vertical do Concello de Vigo. Expte. 52694/444.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

26(418).- APROBACIÓN DO PROXECTO “DEMOLICIÓN DO EMISARIO DA ANTIGA EDAR LAGARES” E CUSTOS ASOCIADOS AO MESMO. EXPTE. 1603/441.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Dáse conta do informe-proposta de data 31/05/2023, asinado polo técnico de Admón. Xeral e o concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

Antecedentes

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de 30 de decembro de 2020, acordou a prórroga, con efectos dende o 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2025, da concesión administrativa da “Xestión Integral do Servizo Municipal de



Concello de Vigo

Abastecemento de Auga e Saneamento de Vigo”, outorgada polo Pleno da Corporación Municipal o 25/10/1990, á U.T.E. “SERAGUA-FOCSA VIGO”, hoxe denominada, abreviadamente “FCC Aqualia Vigo UTE”, con arranxo ás condicións económico-administrativas establecidas na cláusula primeira do contrato.

II.- No devandito acordo de prórroga, no apartado primeiro, recóllese a execución dun plan de investimentos, cuxa contía anual se especifica no cadro que figura no mesmo apartado primeiro, baixo o título “outros investimentos”; plan de investimentos que se concretará nos correspondentes proxectos técnicos que deberán observar o procedemento acordado pola XGL en sesións de datas 08.03.2013 e 22.03.2013 (modificado en data 06.05.2021), o informe “análise de necesidades de investimento a curto prazo para a xestión do ciclo integral da auga” de data 28.12.2020 e o cadro de prezos das unidades de obra que rexerán nas obras de inversión da dita concesionaria, aprobado pola XGL en data 22.03.2013.

III.- Con data 13 de febreiro de 2023 os enxeñeiros municipais, D. Xacobe Paz Salgado e D. Jerónimo Centrón Castaños emiten informe sobre a necesidade de iniciar a actuación consistente na **DEMOLICIÓN DO EMISARIO DA ANTIGA EDAR LAGARES** informe ao abeiro do cal, o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, por medio de Orde de Servizo de data 16 de febreiro de 2023, resolveu iniciar o procedemento para o encargo da redacción do correspondente proxecto de obras, que deu lugar á resolución da Xunta de Goberno Local de data 17 de febreiro de 2023 na que se acordou encomendar á Entidade Concesionaria Aqualia a redacción do proxecto técnico das obras de **DEMOLICIÓN DO EMISARIO DA ANTIGA EDAR LAGARES**

IV.- Con data 24 de maio de 2023, Aqualia-FCC Vigo UTE” (en adiante a concesionaria) presentou o Proxecto de **DEMOLICIÓN DO EMISARIO DA ANTIGA EDAR LAGARES** , redactado polo Enxeñeiro Industrial, Casimiro Fontenla Bugallo cun orzamento base de licitación antes de IVE de CENTO CINCUENTA E OITO MIL NOVECENTOS DEZASEIS EUROS CON OITENTA CÉNTIMOS (158.916,80 EUROS), o proxecto dispón de sinatura dixital de data 23/05/2023.

V.- Con esa mesma data, a empresa concesionaria presenta os custes asociados correspondentes ao proxecto de referencia e que se detallan a continuación:

TRABALLO	COLABORADOR	HONORARIOS
Redacción de proxecto	ESINPRO	2.670,87 €
Asistencia técnica á D.O.	ESINPRO	2.670,87 €
Coordinación de seguridade e saúde	CIES ATLÁNTICO	667,72 €
	SUMA	6.009,46 €
	11% Gastos de Xestión	661,04 €

	TOTAL (IVE excluído)	6.670,50 €
--	----------------------	------------

VI.- A Enxeñeira Industrial Municipal e a Técnica Medida de Obras Públicas en data 25 de maio de 2023, emiten informe favorable sobre o proxecto presentado, indicando que a documentación considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación.

VII.- Con datas 25 de maio de 2023 o Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos Municipal emite informe no que indica, que as porcentaxes consideradas respecto do PEM do proxecto para o cálculo dos honorarios dos traballos de Redacción, Asistencia e Coordinación de seguridade e saúde, se corresponden cos «ratios» aprobados na Xunta de Goberno Local de data 08 de marzo de 2013 dentro do procedemento de control das obras de inversións da entidade concesionaria e é adecuado ao custe do mercado actual.

Consideracións Técnicas e Xurídicas

I. Ainda que a execución do proxecto de obras, obxecto do presente expediente, será realizada pola concesionaria do servizo municipal de augas FCC Aqualia Vigo UTE, como actuación do plan de inversións aprobado para a segunda prórroga do contrato, arriba referida, e, daquela, non será obxecto dun específico procedemento de contratación, tal execución require igualmente, conforme ao establecido no artigo 231 da LCSP para a adxudicación do contrato de obras, a previa elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- O proxecto de obras foi obxecto de supervisión pola Oficina de Supervisión de Proxectos municipal e, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, o proxecto cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario: o proxecto reúne os contidos mínimos e as esixencias que sinalan os artigos 233 LCSP e 125 a 133 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, para os proxectos de obras que deban ser obxecto de específico procedemento de adxudicación, e axústase á normativa técnica de aplicación ao mesmo, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto.

III.- O proxecto, segundo vai dito, executarase pola concesionaria do servizo municipal de augas FCC Aqualia Vigo UTE, en cumprimento do plan de inversións correspondente a segunda prórroga do contrato de xestión de servizo público, en forma de concesión, da “Xestión Integral do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento de Vigo”, outorgada polo Pleno da Corporación Municipal o 25/10/1990. A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local e de conformidade, tamén, co establecido no procedemento a seguir para a execución das obras incluídas nos Plans de



Concello de Vigo

Investimentos da Concesión, aprobado pola Xunta de Goberno Local en acordo de 8 de marzo de 2013.

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Aprobar o proxecto de **DEMOLICIÓN DO EMISARIO DA ANTIGA EDAR LAGARES**, redactado polo Enxeñeiro Industrial, Casimiro Fontenla Bugallo cun orzamento base de licitación antes de IVE de CENTO CINCUENTA E OITO MIL NOVECENTOS DEZASEIS EUROS CON OITENTA CÉNTIMOS (**158.916,80 EUROS**), o proxecto dispón de sinatura dixital de data 23/05/2023.

Segundo.- Aprobar os custes asociados ao proxecto de **DEMOLICIÓN DO EMISARIO DA ANTIGA EDAR LAGARES** por un importe de 6.670,50 €, (IVE excluído) desagregado do seguinte xeito:

TRABALLO	COLABORADOR	HONORARIOS
Redacción de proxecto	ESINPRO	2.670,87 €
Asistencia técnica á D.O.	ESINPRO	2.670,87 €
Coordinación de seguridade e saúde	CIES ATLÁNTICO	667,72 €
	SUMA	6.009,46 €
	11% Gastos de Xestión	661,04 €
	TOTAL (IVE excluído)	6.670,50 €

Terceiro.- Designar como dirección facultativa da obra ao Enxeñeiros municipais D. Xacobe Paz Salgado e D^a Cristina Tapias Bouso.

Cuarto.- Notifíquese aos interesados a presente resolución, con indicación de que a mesma é definitiva en vía administrativa e que contra ela poderán interpor recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano do que procede a mesma, dentro do prazo dun mes que comenza ao día seguinte ao da súa notificación, ou impugnala directamente ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses. Sen prexuízo de que poida exercer, no seu caso, calquera outro recurso administrativo que estime procedente.

Para o caso de formular recurso potestativo de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o de reposición ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo dun mes sen dital e notificar a resolución do recurso.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

27(419).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE OBRADOIRO DE EMPREGO DUAL “VIGO CAPACITA IX” E SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE DA XUNTA DE GALICIA. EXPTE. 20085/77.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 26/05/2023, dáse conta do informe-proposta de data 26/05/2023, asinado pola xefa de Desenvolvemento local e pola concelleira-delegada de Emprego, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I. No DOG. núm. 85, do 04 de maio, publicouse a Orde do 21 de abril de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2023 (código do procedemento TR353A).

1. Mediante o programa público de escolas obradoiro e casas de oficios acométese a problemática do desemprego nas persoas maiores de 18 anos. A Concellería de Cultura e Emprego do Concello de Vigo, consciente de que pola súa dimensión pode soportar un maior número de proxectos destas características, quere promover, na liña dos proxectos promovidos ata hoxe (escolas obradoiro “Patrimonio histórico”, “Lagares”, “Forestal”, “Xardín Histórico de Castrelos”, “Mar de Vigo” -I, II,III e IV- , Escola Obradoiro "Vigozoo" -I, obradoiro de emprego “Vigozoo” -I, II e III-, obradoiro de emprego "Vigo Atende", Obradoiro de emprego de Garantía xuvenil "Formaweb I, II, III e IV", Obradoiro de emprego "VIGO CAPACITA" I, II, III, IV, V, VI, VII e VIII") un novo proxecto o Obradoiro dual de Emprego "**VIGO CAPACITA IX**", propoñendo as especialidades de **Cociña e Xestión e Servizos en Restaurante**, pola demanda existente destas profesións, tanto para atender ás necesidades da poboación como a propia demanda empresarial.

II. En data 11/05/2023 a Tenente de alcalde e Concelleira delegada da Área de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego, asinou a orde de inicio de expediente para tramitar a solicitude de axuda da convocatoria segundo a Orde do 21 de abril de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2023.

As previsións de xeración de emprego no sector relacionado coa Cociña e os servizos de Restaurante levaron a este Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de



Concello de Vigo

Vigo, a redactar o presente proxecto **Obradoiro dual de Emprego “VIGO CAPACITA IX”** e a tramitar a súa correspondente aprobación polos órganos municipais competentes.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I

I. En canto á competencia para actividade de fomento de emprego - que a Xunta de Goberno Local no seu acordo de data 9 de marzo de 2012 considerou que constitúe unha actividade prioritaria dentro desta Administración municipal en canto ao seu persoal beneficiario, e no marco de contextos económicos e sociais desfavorables - a Comunidade Autónoma de Galicia aprobou a Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que establece no seu artigo 3.3.d), a propósito das competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación, que non se entenderá como exercicio de novas competencias a concorrencia a convocatorias de subvencións ou axudas, así como a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións, para que as entidades locais realicen con carácter conxuntural actividades de información, de asesoramento, de orientación, de mellora da empregabilidade e formativas e máis outras actividades que non supoñan a creación de novos servizos municipais dacordo co artigo 297 da Lei 5/1997. Tampouco se entenderá como exercicio de novas competencias a realización das actividades citadas unha vez obtida a subvención, e no seu artigo 3.3.b), que non considera, entre outras, aos efectos do art. 7.4 LBRL, como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores.

Dacordo co establecido na Orde da convocatoria, a presentación desta solicitude non conleva implicitamente a aceptación da mesma.

II. O proxecto consiste nun obradoiro de emprego de 20 alumnos/as, 10 na especialidade de “Cociña (HOTR0408_2)” e os outros 10 na especialidade de “Servizos de Restaurante e Xestión de procesos de servizo en Restauración (HOTR0608_2-HOTR00409_2)”, co obxectivo final de formar e cualificar ao alumnado-traballador para acadar a máxima inserción laboral do mesmo no sector no que queren traballar e, ao mesmo tempo, que se realicen servizos de interese para a comunidade. O proxecto reflicte algúns dos que se pretenden coa posta en marcha deste proxecto:

1. Promover entre o alumnado-traballador a garantía de seguridade e salubridade das actividades de hostelería así como a protección ambiental neste sector.
2. Coñecer os métodos de preelaboración e conservación de alimentos.
3. Divulgar as diversas Técnicas culinarias existentes.
4. Creación de plantillas para cada sección.
5. Procesos informáticos e TICS no inventariado de cociña.
6. Servizo en restaurante.
7. Servizos á comunidade, cociñando e servindo para: o comedor social La Sal de la Tierra, actos e eventos da Fundación Érguete, o comedor do propio obradoiro para servizo de persoas usuarias da Asociación Bicos de Papel, os Kid's Brunches, menús degustación e Almorzos saudables dirixidos a escolares, persoas con discapacidade e persoas da terceira idade e showcookings e menús degustación en mercados da cidade e nas xornadas de portas abertas.

A duración do Obradoiro dual de Emprego “VIGO CAPACITA IX” está establecida en 12 meses e a data prevista de inicio é o 01 de setembro do presente ano.

Para o seu desenvolvemento, utilizaranse as instalacións do CVC de Valadares, que están adecuadamente adaptadas ás necesidades do obradoiro.

Non é necesaria achega municipal para facer fronte aos investimentos non imputables á subvención da Consellería de Emprego e Igualdade (mobiliario, maquinaria e equipos), xa que os mesmos se atopan nas instalacións nos que se pretende desenvolver o obradoiro de emprego e, o financiamento dos materiais necesarios para o desenvolvemento das obras a realizar, no caso das especialidades de Cociña e Xestión e Servizos de Restaurante, están relacionados coa compra de alimentos para a elaboración de menús e posterior servizo no comedor social da Asociación “La Sal de la Tierra”, Calor café da fundación Erguete e no propio comedor do Obradoiro co Servizo Respira para persoas usuarias da Asociación Bicos de Papel, a realización de xornadas de almorzos saudables, destinados a persoas maiores, persoas con discapacidade e nenos en idade escolar en colaboración coas asociacións de maiores e escolas públicas, e que pretenden mellorar os coñecementos alimentarios da cidadanía viguesa cara a unha mellora da saúde; así como para os showcookings e menús degustación en mercados da cidade e nas xornadas de portas abertas.

III. O expediente ten por obxecto aprobar o proxecto de obradoiro dual e solicitar unha subvención á Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia, por importe de **535.749,60 €**, contemplada no proxecto de Obradoiro dual de Emprego VIGO CAPACITA IX, resultante dos cálculos efectuados seguindo as directrices establecidas na “Orde do 21 de abril de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2023”, e que permitirán soportar os custos salariais de todas as contratacións a realizar, así como os gastos de medios didácticos e materiais funxibles necesarios para o desenvolvemento do proxecto.

Estímase a achega municipal en 45.001,00 € e deberá ser incluída nas correspondentes partidas municipais dos anos 2023 e 2024 dos orzamentos municipais, xa que a obra se iniciaría, de ser aprobado o proxecto pola Xunta de Galicia nos termos nos que se presenta esta proposta, no mes de setembro de 2023.

Partida	2023	2024
2410 2219901 ADQUISIÓN MATERIALES PROTECCIÓN COVID	15.000,33€	30.000,67€

Por outra banda de acordo co establecido no artigo 15 da Orde, solicítase un número de **11** incentivos á contratación de alumnado do obradoiro dual de emprego polo importe de **16.500** euros, ditos incentivos teñen por obxecto á contratación e promoción da inserción laboral das persoas participantes nos Obradoiros duais de emprego.

O órgano competente para a adopción do presente acordo é a Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención Xeral Municipal sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente para atender as obrigas de contido económico que derivan da subvención que se solicita.



Concello de Vigo

Contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe a interposición de recurso de reposición ante o órgano que o dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para dital e notificar a resolución.

Por todo o anteriormente exposto, dacordo co informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal e segundo as instrucións da Tenente de alcalde e Concelleira delegada da Área de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego, nos termos das delegacións competenciais efectuadas mediante Resolución da Alcaldía do 4 de setembro de 2020 aprobando o "Texto consolidado de delegación de competencias en concelleiros e concelleiras de área do Concello de Vigo" modificada por Resolución de Alcaldía de 6 de setembro de 2022, e acordo da Xunta de Goberno Local do 5 de novembro de 2020 aprobando o "Texto consolidado de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros-delegados de área e nos demais delegados de competencias" e rectificación de erros posteriores de datas 19 de novembro e 23 de decembro de 2020), modificado o 8 de setembro de 2022 onde figuran as delegacións en materia de Emprego, elévase á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes ACORDOS:

1. Aprobar o proxecto denominado Obradoiro de Emprego dual "**VIGO CAPACITA IX**", elaborado polo Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo.
2. Solicitar á Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia a subvención contemplada no citado proxecto, de acordo co establecido na "Orde do 21 de abril de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2023 (código do procedemento TR353A), publicado no DOG. núm. 85, do 04 de maio.
3. Asumir as obrigas económicas que ao Concello lle poidan corresponder no desenvolvemento do proxecto, mediante a dotación, nos orzamentos municipais dos anos 2023 e 2024, das correspondentes partidas para o cofinanciamento deste proxecto.
4. Delegar na Tenente de alcalde e Concelleira delegada da Área de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego, a representación do Concello na tramitación e xestión do Obradoiro de Emprego fual "**VIGO CAPACITAIX**".

Contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe a interposición de recurso de reposición ante o órgano que o dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no

prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

28(420).- OUTORGAMENTO DE “AXUDAS MUNICIPAIS A FAMILIAS CON FILLOS E FILLAS EN ENSINO OBRIGATORIO” TRAS EMENDA DE SOLICITUDES. EXPTE. 26298/332.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 30/05/2023, dáse conta do informe-proposta de data 30/05/2023, asindo pola xefa do Servizo de Educación, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 24 de novembro de 2022 adoptou os seguintes acordos:

- Aprobar o gasto por importe total de 5.200.000,00 (cinco millóns douscentos mil) euros, que se imputarán con cargo á aplicación orzamentaria 3260.480.0002 “Plan extr. axudas familias fillos escolarizados” dos orzamentos xerais do Concello de Vigo do exercicio orzamentario do ano 2022.

- Aprobar a Convocatoria, o Extracto da mesma e as Bases Reguladoras para a concesión de axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio, que se achegan no expediente.

- Publicar, unha vez aprobadas, a Convocatoria e as Bases Reguladoras para a concesión de axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio no BOPPO, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org), ademais a convocatoria na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

2.- As referidas bases foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 228, de 29 de novembro de 2022 e o extracto da convocatoria remitido pola BDNS no BOPPO núm. 231, do 2 de decembro de 2022, así como na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org). Conforme á base décima o prazo de presentación de solicitudes foi de dous meses contados a partir do día seguinte á data de publicación do dito extracto da convocatoria, finalizando o prazo o 02/02/2023, no que resultou a presentación de 19.117 solicitudes.

3.- A base segunda das reguladoras das “Axudas Municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio” establece que a concesión destas axudas realizarase en réxime de



Concello de Vigo

concorrenza competitiva sen establecer comparación entre as solicitudes e sen fixar unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos nestas bases.

4.- A contía das axudas será de 205,00 (douscentos cinco) euros por cada fillo/a escolarizado/a que reúna os requisitos establecidos que se imputarán con cargo á aplicación orzamentaria 3260.480.0002 "Plan extr. axudas familias fillos escolarizados", dotada con 5.200.000,00 euros.

5.- A Xunta de Goberno Local, na sesión do 21 de abril de 2023, adoptou o seguinte acordo:

"PRIMEIRO.- Conceder aos/as solicitantes que se relacionan no Anexo 1 deste acordo as "axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio" coa asignación económica de 205 euros por cada fillo/filla matriculado/a nun centro público ou privado concertado en Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria ou Educación Especial situado no termo municipal de Vigo, por importe total de **4.254.980,00 euros** con cargo á aplicación orzamentaria 3260.480.0002 "Plan extr. axudas familias fillos escolarizados"

SEGUNDO.- Requirir aos/ás solicitantes que se relacionan no Anexo 2 deste acordo para que no prazo de 10 días hábiles, a contar dende a publicación deste acordo, emenden a súa solicitude ou completen a documentación preceptiva, coa advertencia de que de non facelo así, se lle terá por desistido da súa petición, logo da resolución que deberá ser ditada nos termos do artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).

TERCEIRO.- Dispoñer a publicación da relación de axudas concedidas (Anexo 1) e a relación de solicitudes que procede que sexan emendadas (Anexo 2) na páxina web do Concello de Vigo www.vigo.org, no portal de transparencia e no Taboleiro de Editos, surtindo esta publicación os efectos da notificación nos termos do disposto no artigo 45.1.b) da LPACAP."

6.- No Anexo 1 que contén o listado de axudas concedidas detectáronse dous erros dos que cómpre dar conta á Xunta de Goberno Local: documento 220316773 procede unha axuda de 205 € en lugar de 410 € e non se pagou a solicitude doc 230013739 por canto a mesma está duplicada. En consecuencia procede corrixir o importe total das axudas concedidas que ascende a **4.254.365,00 euros**.

7.- Rematado o prazo de subsanación (do 25 abril ao 9 de maio) procedeu a verificar as solicitudes pendentes. Nesta fase do procedemento revisáronse 2.130 solicitudes resultando:

- 1.681 solicitudes foron emendadas polos interesados que completaron correctamente os datos das súas solicitudes e/ou achegaron a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos da convocatoria polo que procede a concesión da axuda (Anexo 3).
- 449 solicitudes non acreditan o cumprimento de algún requisito da convocatoria ou non teñen achegada a documentación esixida polo que resultan denegadas (Anexo 4).

Cómpre sinalar que o número de solicitudes revisadas (2.130) é superior ao que se relaciona no Anexo 2 (Listado de solicitudes para subsanar), por canto algúns interesados non completaran axeitadamente o proceso de rexistro da súa solicitude, pero si cubriran o formulario oficial habilitado para solicitar estas axudas dentro do prazo (3-12-2022 ao 2-2-

2023); por outra parte, outros interesados presentaran por erro, dentro do prazo indicado, o modelo específico para solicitar as axudas que se tramitan dende a Área de Benestar Social (AMES) polo que non se contabilizaran no primeiro momento ao estaren noutro servizo municipal. Nestes casos, as solicitudes que foron emendadas no prazo concedido ao efecto, foron revisadas propoñéndose a concesión de todas as que cumpren os requisitos.

8.- En data 30 de maio 2023 reuniuse a Comisión de Seguimento referida na base décimo sexta. Nesta reunión deuse conta á Comisión do proceso de emenda das solicitudes conforme a base décimo primeira, e do resultado da verificación das 2.130 solicitudes revisadas propoñendo a Comisión que se eleve á Xunta de Goberno Local unha nova proposta de concesión das axudas das solicitudes nas que concorren os requisitos requiridos e que foron subsanadas no período concedido ao efecto (Anexo 3), por importe de 454.690,00 euros, e de denegación das solicitudes que non xustificaron o cumprimento dos requisitos esixidos nas bases ou non achegaron a documentación requirida. (Anexo 4).

9.- Na publicación das axudas aplícase o disposto no artigo 7.5 b) do Real Decreto 130/2019, de 8 de marzo, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas, que establece un réxime específico que asiste ás persoas físicas que se atopan nunha situación de protección especial, dispoñendo que non se publicarán as subvencións ou axudas públicas concedidas a persoas físicas cando *“a persoa física se atope nunha situación de protección especial que poida verse agravada coa cesión ou publicación dos seus datos persoais, en particular, cando sexa vítima de violencia de xénero ou de outras formas de violencia contra a muller”*.

A presente proposta remitirase para informe preceptivo da Intervención Xeral Municipal, con carácter previo á adopción do acordo pola Xunta de Goberno Local.

O órgano competente para a adopción do presente acordo é a Xunta de Goberno Local de conformidade co artigo 127.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Tendo en conta as Bases Reguladoras para a concesión de axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio propónse á Xunta de Goberno Local o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Corrixir os dous erros detectados no Anexo 1 que contén o listado de axudas concedidas: documento 220316773 procede unha axuda de 205 € en lugar de 410 € e documento 230013739 non procede esta axuda por canto a mesma está duplicada. En consecuencia cómpre corrixir o importe total das axudas concedidas pola Xunta de Goberno Local na sesión do 21 de abril de 2023 que ascende a **4.254.365,00 euros**.

SEGUNDO.- Conceder aos/as solicitantes que se relacionan no Anexo 3 deste acordo que emendaron en prazo a súa solicitude para as “axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio” coa asignación económica de 205 euros por cada fillo/filla matriculado/a nun centro público ou privado concertado en Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria ou Educación Especial situado no termo municipal de Vigo, por importe total de **454.690,00 euros** con cargo á aplicación orzamentaria 3260.480.0002 “Plan extr. axudas familias fillos escolarizados” .



Concello de Vigo

TERCEIRO.- Denegar as solicitudes que non acreditan o cumprimento de algún requisito da convocatoria ou non teñen achegada a documentación esixida (Anexo 4).

CUARTO.- Dispoñer a publicación da relación de axudas concedidas tras subsanación (Anexo 3) e a relación de solicitudes denegadas ao non teren sido subsanadas en prazo (Anexo 4) na páxina web do Concello de Vigo www.vigo.org, no portal de transparencia e no Taboleiro de Editos.

Contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe a interposición de recurso de reposición ante o órgano que o dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á publicación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

29(421).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO INTEGRAL DOS ELEMENTOS MECÁNICOS DE TRANSPORTE VERTICAL DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 52694/444.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico e o informe de fiscalización, ambos do 31/05/2023, dáse conta do informe-proposta de data 31/05/2023, asinado pola técnica de Xestión, a enxeñeira industrial, o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES

1º.- O Concello de Vigo conta na actualidade cunha serie de elementos mecánicos de mobilidade (ascensores, escaleiras, ramplas, etc.) instalados en viario público no municipio. A existencia destes elementos mecánicos de transporte de persoas no municipio propiedade do Concello, crea a necesidade de garantir o perfecto estado dos mesmos, para o seu uso pola cidadanía nas mellores condicións posibles de seguridade e dispoñibilidade en función das características coas que se deseñaron.

2º.- Con data 24 de maio de 2019, a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria acordou adxudicar a THYSSENKRUPP ELEVADORES, S.L.U. (C.I.F. B46001897) o contrato do SERVIZO DE MANTEMENTO INTEGRAL DOS ELEMENTOS MECÁNICOS AO INTEMPERIE DO CONCELLO DE VIGO (29-441).

3º.- O contrato formalizouse en documento administrativo en data 16 de xullo de 2019, sendo a duración do contrato de dous anos contados a partir do 01 de setembro de 2019, con posibilidade de dúas prórrogas dun ano de duración cada unha.

4º.- Toda vez que o referido contrato ten prevista a súa finalización o vindeiro 31 de agosto de 2023, esgotadas as dúas prórrogas contempladas, é polo que en data 10 de febreiro de 2023, emítase informe de necesidade e idoneidade asinado pola Xefa do servizo de Electromecánicos e Aforro Enerxético e o Técnico de Administración Xeral tal e como establece o artigo 116.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE (LCSP).

Tal e como se establece no referido informe, con este contrato satisfaranse as necesidades de mantemento e conservación dos diversos elementos de transporte vertical vinculados de forma directa ao servizo municipal de electromecánicos e aforro enerxético, cumpríndose coas necesidades técnicas e normativas impostas pola lexislación vixente.

O desenvolvemento deste servizo de mantemento e conservación resulta imprescindible para garantir a continuidade do correcto funcionamento das instalacións incluídas, en condicións de calidade e seguridade, contemplando os traballos necesarios por avarías, correccións, controis, reposicións, etc., que sexan necesarios para o normal desenvolvemento da súa función e dar cumprimento ás esixencias das normativas técnicas e legais.

Así mesmo, indícase a necesidade de proceder a súa contratación, xa que o Concello de Vigo, non conta con recursos propios e adecuados para a execución deste servizo, dado que o mesmo demanda unha esixencia de persoal cualificado e con una determinada dedicación temporal, que non pode ser executado directamente pola propia estrutura municipal.

5º.- Ao abeiro do devandito informe de necesidade e idoneidade, con data 10 de febreiro de 2023 o Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos acorda o inicio do expediente de contratación, en uso das competencias que lle atribúe o artigo 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, en virtude do Decreto de Delegación de Alcaldía de data 18 de xuño de 2019, e Acordo da Xunta de Goberno Local de 20 de xuño de 2019.

6º.- No expediente de contratación consta a documentación que segue:



Concello de Vigo

- a) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinada pola Xefa do Servizo de Electromecánicos e Aforro Enerxético e polo Técnico de Administración Xeral de data 10 de febreiro de 2023.
- b) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 10 de febreiro de 2023.
- c) Certificados de crédito RC nº 202300047883 e RCFUT nº 202300047889 asinados polo Director Superior Contable e Orzamentario.
- d) Memoria económica asinada pola Enxeñeira Industrial, polo Xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 10 de maio de 2023.
- e) Prego de Prescricións Técnicas asinado pola Enxeñeira Industrial de data 10 de maio de 2023
- f) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en datas 10 de maio de 2023.
- g) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Xefa do Servizo de contratación de data 10 de maio de 2023.
- h) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación, de data 25 de maio de 2023.
- i) Novo Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación, de data 31 de maio de 2023.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 20.06.2019), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto de conformidade co requirido polo artigo 116.2 LCSP e incorpora o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que rexen o contrato.

Terceiro.- De conformidade co artigo 116 LCSP, o contrato foi iniciado polo órgano de contratación motivando a necesidade segundo o establecido no artigo 28 do devandito texto legal.

Cuarto.- O expediente xustifica suficientemente a necesidade e idoneidade do contrato segundo o artigo 28 e 116.4 LCSP; a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b LCSP); os criterios de solvencia económica e técnica (artigo 116.4.c LCSP); o valor estimado do contrato coa indicación de todos os conceptos que o integran (artigo 116.4.d e 101 LCSP); a insuficiencia de medios (artigo 116.4.f) LCSP); a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 102 LCSP); os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP); a non división en lotes (artigo 116.4.g LCSP); así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP); a elección do procedemento aberto segundo o establecido no artigo 156 LCSP e a súa tramitación ordinaria (artigo 116.4.a LCSP), e o seu carácter de contrato suxeito a regulación harmonizada segundo o establecido no artigo 19 e 22 LCSP.

Quinto.- Consta na memoria xustificativa da contratación elaborada polo servizo xestor a xustificación dos requisitos esixidos no artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de que non existe desequilibrio orzamentario e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello.

Sexto.- Previa aprobación do expediente, é preceptivo o informe da titular da Asesoría Xurídica (Disposición Adicional Terceira, apartado 8 da LCSP); así como a incorporación do certificado de retención de crédito de exercicios futuros e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 da LCSP).

Sétimo.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (Disposición Adicional Segunda, apartado 4 LCSP).

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente o informe da Asesoría Xurídica, o documento contable e o informe de fiscalización, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Aprobar o presente expediente de contratación, a través do procedemento aberto e tramitación ordinaria, do contrato de servizo de mantemento integral dos elementos mecánicos de transporte vertical do Concello de Vigo.

Segundo.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación, de data 31 de maio de 2023.

Terceiro.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas particulares redactado e asinado pola Enxeñeira Industrial en data 10 de maio de 2023.
estimase en



Concello de Vigo

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe máximo de SEISCENTOS VINTE TRES MIL CIENTO CINCUENTA EUROS (623.150 €), IVE engadido, sendo o importe correspondente ao IVE de CENTO OITO MIL CIENTO CINCUENTA EUROS (108.150 €).

Por ter o financiamento carácter plurianual, cargarase á aplicación orzamentaria 1532.227.99.00 "MANTEMENTO E CONSERVACIÓN ASCENSORES EN VÍAS", tendo a seguinte distribución por anualidades.

	2023	2024	2025	TOTAL
ESCALEIRAS MECÁNICAS	12.000,00 €	36.000,00 €	24.000,00 €	72.000,00 €
RAMPLAS MECÁNICAS	29.800 €	149.100 €	122.400 €	301.300,00 €
ASCENSORES	19.600 €	70.900 €	51.200 €	141.700,00 €
TOTAL SEN IVE	61.400,00 €	256.000,00 €	197.600,00 €	515.000,00 €
IVE (21%)	12.894,00 €	53.760,00 €	41.496,00 €	108.150,00 €
TOTAL	74.294,00 €	309.760,00 €	239.096,00 €	623.150,00 €

Quinto.- Abrir o procedemento licitador para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

30(422).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e vinte minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez